

# **Informe anual sobre a situación dos dereitos fundamentais**

**ano 2006**

## **Edita:**

**Movemento polos Dereitos Cívís**  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10  
15707 Santiago de Compostela  
[www.movemento.org](http://www.movemento.org)  
[mpdc@movemento.org](mailto:mpdc@movemento.org)

## **Traducións, correccións e revisión lingüística:**

Diego Santóro  
Fran Rei  
Rafa Villar

## **Deseño e maquetación:**

Inácio Pavón  
Breixo Lousada

## **Depósito Legal:**

C-0000-05

**Subvencionado pola Xunta de Galiza**



# Índice

## 1. Presentación

## 2. Prólogo

## 3. Temas destacados

**3.1.** Actuacións policiais en Baiona

**3.2.** As cámaras de videovixilancia:  
un método que atenta contra os dereitos fundamentais

**3.3.** Indefensión pola negativa policial a facilitar o número de placa

**3.4.** Lingua en precario

## 4. Reflexións

**4.1.** Crónica do nepotismo agónico do Partido Popular.  
O frustrado "decretazo" do goberno galego en funcións

## 5. Actos

**5.1.**

## 6. Articulado

**6.1.** Art. 10. Dereito das Persoas: Ano 2.005: Perversom dos dereitos civis?

**6.2.** Art. 13. Dereitos dos estranxeiros

**6.3.** Art. 14. Igualdade ante a lei

**6.3.1**

**6.4.** Art. 15. Dereito á vida: Pero... que che importa a morte de Diego,  
que che importan!!! todos os demais

**6.5.** Art. 20. Dereito á liberdade de expresión

**6.6.** Art. 22. Dereito de asociación

**6.7.** Art. 23. Dereito de participación: Actuacións realizadas polo MpDC  
ante a denegación da entrada no pleno do Concello de Santiago de Compostela

**6.8.** Art. 25. Protección xudicial dos dereitos

**6.9.** Art. 27. Dereito á educación

**6.10.** Art. 37. Convenios e conflitos laborais

**6.11.** Art. 43. Protección da saúde Os dereitos da cidadanía e a sanidade galega

**6.12.** Art. 45. Ambiente, calidade de vida: O convenio de Aarhus ou como  
construír unha democracia ambiental (tamén) entre todos/as

**6.12.1.** Constrúese unha piscifactoría nun espazo incluído dentro da Rede Natura

**6.13.** Art. 47. Dereito a vivenda. Utilización do solo

## **7. Institucións e Administracións**

**7.1.** *Defensor del pueblo*

**7.2.** Valedor do Pobo

**7.3.** Delegación e subdelegacións do Goberno en Galiza

**7.4.** Administración de Xustiza

## **8. Conclusións**

## **9. Caderno de Prensa**





## Presentación

Renato Núñez

O Movemento polos Dereitos Cívís volve presentar un informe anual sobre as violacións dos dereitos fundamentais acontecidos no ano pasado. Froito da colaboración desinteresada de distintos activistas, avogados, profesores, estudantes ou xornalistas, podemos ofrecer de novo unha radiografía das nosas liberdades que tenta ser o máis aproximada á realidade.

Se o noso Informe logra servir como termómetro da cuestión, podemos constatar máis unha vez que a saúde das liberdades en Galiza segue sen mellorar. Existe unha estratexia dos poderes públicos, que polo xeral é respaldada acriticamente polo conxunto dos medios de comunicación, para inculcar o medo á falta de seguridade e o respaldo a calquera medida, sen valorar en cada caso o custo desas medidas para os nosos dereitos e liberdades. Coa excusa desta paranoia securitaria obsesiva, os dereitos minguan progresivamente, e se non o fan en maior medida é debido á reacción da cidadanía e a acción de asociacións coma a nosa.

Así, neste ano temos asistido a violacións dos dereitos contra as persoas, do dereito ao honor e á intimidade, á liberdade de expresión, ao dereito de reunión, ao dereito de participación. Ao longo deste informe podes comprobar que no MpDC temos traballo abondo: instalación de videocámaras, identificacións e detencións policiais ilegais, violacións continuas da protección de datos, restricións á colocación de cartaces na rúa, plenos aos que non se pode acceder e onde a cidadanía que queda fóra é fotografada, operativos contra

organizacións xuvenís, agresións policiais contra traballadoras e traballadores, sentenzas contra a actividade sindical, fan parte da realidade actual en Galiza.

Sen embargo, constatamos que aínda a sociedade non é consciente dos seus dereitos nen sempre os exerce, aínda despois de ter sufrido agresións moi directas contra os mesmos. Así, no caso da folga do metal en Vigo, ducias de persoas resultaron agredidas por unha carga policial, mais só unha minoría ínfima entre as mesmas presentaron denuncia.

As administracións non só non impulsan o coñecemento dos nosos dereitos máis básicos, senón que pasan por alto todo tipo de situación ante as que deberían de actuar. A continuación, o problema continúa cando as institucións que existen para velar polos nosos dereitos tampouco o fan nen reaccionan ante as situacións denunciadas, e mesmo converten nunha tarefa tediosa, repetitiva e extenuante o seguimento e resolución de casos para un organismo especializado como é o MpDC. Así, neste Informe facemos referencia a varios asuntos graves ante os que nen sequera se obtivo resposta das administracións, ademáis de outros tantos nos que a resposta foi denegar calquera responsabilidade sen iniciar unha investigación, ou ben exixir do MpDC que afundara na súa propia investigación.

O MpDC plantexou neste ano dúas propostas que tentaban avanzar no camiño de ofrecer alternativas a dous dos principais problemas cos que nos atopamos na nosa experiencia durante estes cinco anos: as dificultades para

acceder a información das administracións e os continuos e impunes abusos e extralimitacións das forzas policiais.

Foi unha aposta positiva que se concretaba nunha Lei de Acceso á Información en poder das Administracións e a criazón dunha Axencia Galega de Boas Prácticas Policiais, e que foron presentadas aos distintos grupos parlamentares. Polo momento aínda esperamos a resposta da administración galega a respecto de ambas propostas.

Tamén neste ano convocamos o I Certame “Dereitos Civís en Galiza”, do cal ofrecemos aquí o traballo gañador e un finalista. Alegrámonos de favorecer a investigación neste campo e comprobar que a defensa dos

dereitos civís vai gañando protagonismo e interese entre a sociedade, e nomeadamente na mocidade.

Pretendemos que este Informe sexa utilizado como unha caixa de ferramentas que promova o debate entre a cidadanía e os colectivos sociais preocupados por esta temática, no camiño de achegar propostas para mellorar os nosos dereitos e liberdades e exixir das administracións que como mínimo cumpran coas funcións que teñen marcadas, alén de pular porque se amplíen e se institucionalicen máis garantías das que contamos. Rematamos animándote a colaborar co MpDC ou a deixar que colaboremos contigo no caso de que rexistres algunha violación dun dereito fundamental.



## Prólogo

### O dereito e os dereitos

X. Antón L. Dobao

O dereito é posterior sempre ao poder constituínte. Hai entre o poder e o aparello xurídico que recoñece dereitos e impón coercións e castigos unha relación indisoluble. Máis indisoluble ca a unidade de España. Dereito sen poder e poder sen dereito son tan inconcibibles como imposibles. A non ser que nos dea por pensar que os dereitos emanan, con ou sen mediación, dunha entidade superior, da divindade, sexa cal for o seu rostro. Non parece que sexa así; máis ben que o aparello legal dunha comunidade determinada plasma en normas a salvagarda de intereses moi precisos orientados á perpetuación no poder, entendido este como unha rede de relacións de dominio e de submisión, de control e de aceptación mansa do statu quo. O dereito é posterior ao poder constituínte, ou sexa, o aparello xurídico da súa ditadura, mais nace como parte do proxecto político previo que o fai posible. E como todo o que nace, tamén morre. Así nolo conta a historia.

Nada hai máis mundano ca os dereitos das xentes. Contra o aparente, os dereitos xa recoñecidos e mais aqueles que tramitan o ingreso no aparello xurídico do Estado son obra da continxencia humana. Nada hai de transcendente neles, nin sequera no que seica é o máis inalienable de todos, o dereito á vida, respecto ao cal non é raro detectar concepcións antagónicas nun mesmo tempo histórico, coma este que vivimos, por exemplo. E iso é porque, contra toda aparencia, os dereitos non son neutrais, non son inocentes. Ou, dito doutra maneira, están aí por e para algo que non é precisamente darlles gusto ás multitudes, ao proletariado contemporáneo, aos

pobres deste mundo, ás tribos dos vencidos, a nós-outros. En resume; ao seren os dereitos obra da continxencia humana, nada hai que ataque máis a posibilidade do seu exercicio ca a súa sacralización.

Porque a sacralización tíranos da política e adormécenos no colo da relixión. E a relixión non sabe de dereitos, só de verdades inmutables, do ben e do mal, de premio e de castigo, de pecado e de redención. Para a relixión non hai cidadáns, só súbditos; non somos suxeitos activos dunha construción histórica senón obxectos pasivos dunha verdade revelada. E amén. Iso vén a ocorrer de facto nos nosos tempos cando o dereito burgués, que fixa relixiosamente as súas verdades eternas, sacraliza o dereito á Propiedade e fai del a pedra angular dos seus aparellos xurídicos, o verdadeiro Deus. Nada que poña en dúbida a súa existencia e a súa omnisciencia é posible. Non xa aceptable, senón posible. Dubidar da gran verdade equivale a confundirse no corpo viscoso da perversidade humana.

Nós-outros, multitudes, proletariado, pobos subalternos, sabemos que non hai dereitos inalienables. Sabémolo tan ben que levamos séculos sufrindo esa experiencia en carne propia. Os dereitos dos que aparentemente somos suxeitos son os máis alienables; ou sexa, sofren perigo constante mentres non sexamos os propios suxeitos do seu exercicio os que teñamos en exclusiva o poder para os garantir, mentres a súa garantía siga depositada en instancias alleas de mediación, por moita aparencia democrática que nos ofrezan. No golpe fascista de 1936 e a súa continuidade

de histórica, que ata hoxe non coñeceu solución de continuidade, temos sempre un doloroso exemplo. Fronte aos dereitos que o pobo traballador fora conquistando, o fascismo acabou por lle impoñer o Imperio da Lei. O Imperio da Lei, sempre a mesma coartada para poñer en exercicio o poder absoluto de fundamentos inspirados pola divindade aos oídos elixidos. Nesa concepción totalitaria, posto que o poder é inmutable e emana directamente da Gracia de Dios, tamén a Lei o é. Non será xa a Lei a que se adapta ás necesidades da cidadanía; serán os súbditos os que se sometan ao Imperio da Lei. Non ha de ser casualidade que nestes tempos, cando a Democracia Orgánica evolúu convenientemente en Estado de Dereito —unha forma acomodada de dicir Imperio da Lei—, que a maxistratura se negue a revisar procesos criminais do franquismo. É normal esa negativa pois non houbo desde 1936 ruptura de ningunha clase no ámbito xurídico nin norma que deslexitimase aquela ilexítima toma do poder. Revisar aqueles procesos ilexítimos, inxustos e criminais significaría hoxe recoñecer que a orixe do marco xurídico que segue vixente non foi precisamente democrática. Por iso non o poden facer. Por iso talvez, por contra, demostran tanta disposición e un celo extraordinario para protexer o nome dos protagonistas dos peores episodios de represión. Ao mellor por iso e por outras cousas é xa hora de pensar na necesidade non xa da Memoria Histórica senón da Restitución Histórica. Ou sexa, da Xustiza. Nesa soga histórica sen solución de continuidade tamén acaba sendo coherente o deleite morboso dos políticos e xornalistas profesionais ante a simple visión desa excrecencia totalitaria denominada Lei de Partidos. Todo vén a dar ao mesmo punto: o Imperio da Lei como única referencia ética e política posible (outravolta non digo aceptable, digo posible). O Imperio da Lei ou, en palabras máis contemporáneas, o Estado de Dereito, esa entidade abstracta e intanxible que a dicir de políticos e opinadores profesionais é necesario aplicar. E como será que se aplica un Estado de Dereito?

Volvamos, emporiso, ao inicio desta cativa argumentación. Reiteremos: contra tanta aparenza, os dereitos non son inmutables, nin inalienables, nin sagrados, nin sequera unha encarnación do ben. Son soamente expresións temporais de momentos históricos, unhas veces inducidas, outras veces resultado de conquistas populares. E cando é así, enxertados no marco xurídico do Estado de moi mala gana, pois tenden a diminuír dereitos dos grupos dominantes. Como tal diminución no está prevista nunca na folla de ruta, eses dereitos conquistados son fráxiles, están expostos a unha distancia abismal entre o seu recoñecemento formal obrigado e a posibilidade —non digo aceptabilidade ou conveniencia, digo posibilidade— do seu exercicio efectivo. Esta distancia vén a ser unha manifestación da incompatibilidade real entre o Dereito á Propiedade Privada e o exercicio de dereitos que condicionan ou encollen o Imperio Absoluto daquel. Ao ser a propiedade o verdadeiro dereito inalienable, todos os demais dereitos estarán supeditados ao seu imperio. Mesmo o dereito á vida é secundario respecto ao dereito á propiedade privada. Obviamente, con máis razón o será o dereito ao descanso, a salarios que permitan algo máis ca a subsistencia, á libre opinión e expresión, o dereito a vivir na propia lingua e, por suposto, o dereito a non sermos explotados e ao exercicio real do poder, sen mediación obrigada. Ou sexa, a democracia absoluta.

Hai tarefas posibles para os suxeitos colectivos que teiman no exercicio de dereitos que en moitos casos son incompatibles co sistema e co réxime en que nos toca vivir ou mesmo antagónicos. Para acometelas é imprescindible a conciencia colectiva dos dereitos como instrumento de poder, e en todo caso de contrapoder; a conciencia colectiva de que non existen dereitos universais, de que os dereitos articulados no marco xurídico do Estado expresan o poder e o dominio dunha clase. A conciencia colectiva, tamén, de que a universalidade dos dereitos civís, dos individuais e dos colectivos, é apenas unha quimera proxectada por quen protexe o dereito de verda-

de, aquel da Propiedade Privada. O desenvolvemento dunha cultura propia, autónoma, non dependente das concepcións sacralizantes do poder é imprescindible para avanzar no exercicio de dereitos que cremos fundamentais. Desde hai tempo sabemos que os dereitos non se outorgan, que se exercen, o cal ha de derivar inevitablemente nunha agudización das contradicións que nos confrontan ao poder minuto a minuto.

Os dereitos a que aspira unha colectividade son a plasmación dun proxecto político de ruptura. Parten da conciencia de que os dereitos vixentes non son, unha vez máis contra toda aparencia, a representación exacta do ben na súa loita sen tregua contra o mal. Na conquista de cada dereito novo, na súa conquista real e na posibilidade do seu exercicio efectivo,

está implícito o asalto á condición de novo poder constituínte. Sermos un novo poder constituínte para asegurarmos o exercicio efectivo dos nosos dereitos fundamentais, incompatibles coa orde social e económica vixente. E política. Avanzar no exercicio efectivo deses dereitos, ou sexa, non deternos por ante o seu recoñecemento formal, será o mesmo que trazar canles de acceso a ese novo poder constituínte imprescindible para que outro mundo sexa posible. Iso é o que todas e todos desexamos cando falamos de dereitos civís. Ou non?

Para daquela xa non será a propiedade privada a pedra angular de todos os dereitos. O seu lugar será ocupado por aquela vella lei aínda nunca posta en vigor: *De cadaquén segundo a súa capacidade, a cadaquén segundo as súas necesidades.*



## A xeito de presentación

Rafa Villar  
Escritor

Cumprindo co seu compromiso anual, o Movemento polos Dereitos Civís (MpDC) elabora e publica un novo Informe sobre dereitos civís en Galiza, informe que pretende ser un relatorio, amplo e útil, acerca do estado da cuestión dos devanditos dereitos civís no noso país. Malia o seu carácter anual, hai que advertir que a elaboración deste Informe non hai que entendela como un acto rutineiro sen máis, senón que, ano a ano, este presenta novas e anovadas achegas que o converten nun referente necesario para todas e todos os que se queiran debruzar no que toca aos dereitos civís, ao seu exercicio e á súa vulneración.

Entre estas achegas que son novidade, é de salientar de xeito preferente a publicación no Informe dos dous traballos premiados na primeira edición do Certame “Dereitos Cidadáns en Galiza”, promovido polo MpDC co fin de estimular o labor de análise e reflexión sobre esta temática. Os estudos premiados, e que agora se inclúen no Informe, son o realizado por Carlos Bello baixo o título “Dereitos lingüísticos na faixa oriental”, que foi o gañador ao ver do xurado. Pola súa vez, o traballo finalista, da autoría de Tamara Guirao, foi o titulado “A protección de datos en Galicia: a deslocalización do telemarketing”. Ambos abordan cuestións tan preocupantes como os dereitos lingüísticos dos galegofalantes, case sempre tripados e vulnerados, e os dereitos laborais, decote socavados en plena enxurrada globalizadora e neoliberal.

Por outra parte, catro son os asuntos que merecen o cualificativo de *destacados* no con-

xunto do Informe dos Dereitos Civís 2006. Dous teñen que ver con avances legislativos en materia de dereitos civís que están a ser promovidos polo MpDC; dunha banda, a necesidade dunha Lei sobre o acceso á Información e as consideracións do MpDC ao respecto, e doutra, a promoción dun proxecto de lei para a creación da Axencia Galega de Boas Prácticas Policiais (AGBPP). Os outros dos *destacados* son artigos de avaliación crítica arredor de dous asuntos que tiveron certa relevancia no ano 2006: a chamada “Operación Castiñeira”, operativo xurídico-policial montado contra círculos independentistas galegos; e outro con reflexións en torno a unha problemática social, a do chamado “vandalismo”, sobre a que importante achegarse sen apriorismos e con certo rigor, xa que desde o poder político en demasiadas ocasións se está a enfrontar cunha forte carga demagóxica.

Baixo a epígrafe “Reflexións” o Informe abunda nunha cuestión de índole xurídico-política de extrema importancia, como é a cuestión da autodeterminación, entendida esta como un dereito inalienábel dos pobos. Nin que dicir ten que o Estado español, na súa configuración posfranquista, ten unha débeda de recoñecemento coas nacións que hoxe o compoñen, recoñecemento que, máis cedo que tarde, pasa por que se posibilite o exercicio dun dereito democrático e impostergábel como é do dereito de autodeterminación dos pobos.

O seguinte apartado está dedicado ao “Dereito das persoas” e nel recóllense un

serie de feitos acontecidos no último ano e que teñen a ver con este dereito e coa súa conculcación en diferentes esferas da vida social dos galegos e galegas. Aquí, tal como se vén producindo ano tras ano, dáse conta dunha serie de actuacións completamente abusivas por parte de diferentes membros das Corpos e Forzas da Seguridade do Estado, actuacións que tantas e tantas veces son silenciadas e quedan impunes, case sempre porque desde os ámbitos político e xudicial se ampara este tipo de actuacións profundamente irregulares.

Co título “Os dereitos da poboación inmigrante en Galicia” recóllese un artigo que desenvolve o apartado referido a “Dereitos dos estranxeiros”. Nel conclúese que o panorama global dos dereitos da poboación inmigrante radicada no noso país é, a día de hoxe, tristemente sombrizo.

O apartado “Igualdade ante a Lei” recolle unha serie de achegas que se refiren a casos, ocorridos no pasado ano, en que se pon en cuestión que os cidadáns e cidadás sexan iguais perante a Lei, posto que esta de feito tende a amparar, en maior medida, os que ostentan algunha clase de poder. Trátase dun agravio comparativo que fala de seu da calidade do que debería ser un dos paires dunha democracia que se prece, o poder xudicial, poder que é difícil velo, a ollos da cidadanía, nunha posición de clara independencia a respecto do resto de poderes.

A seguir, o Informe aborda aspectos referidos a dereitos que teñen que ver co dereito á vida e á integridade física e moral, así como co dereito á liberdade e á seguridade, xa que tamén no ano 2006 se rexistraron polo MpDC situacións no noso país en que eran conculcados estes dereitos, ben porque se cometían polos corpos policiais tratos degradantes a persoas, ben porque se procedía a detencións irregulares ou ilegais.

Outro dos dereitos nos que se detén o Informe, e nese caso con abondosa argumentación e casuística, é o dereito ao honor e á intimidade, que se viu constringido en aspec-

tos como a protección de datos, as recorrentes cámaras de videovixilancia e outros máis, dos que se dá conta no Informe.

A conculcación do dereito á liberdade de expresión tamén é obxecto de atención no Informe, exemplificada nunha serie de situacións que se produciron no noso país e que atentan gravemente contra o pleno exercicio deste dereito por parte das e dos cidadáns galegos. E aquí habería que alertar sobre este feito que, ás veces de forma máis sibilina, outras máis descarada, está sendo utilizado polo poder político para silenciar os sectores críticos ou discrepantes co actual *statu quo*, polo que a defensa deste dereito debера ser un compromiso activo de todas as persoas, organizacións, movementos e colectivos, así como institucións sociais e de todo tipo, que compartan valores democráticos máis alá do estritamente formal.

Tamén o dereito de reunión é outra dos temas que se aborda no Informe, neste caso dando conta de dúas situacións, denunciadas no seu momento, nas que se imposibilitaba de exercer este dereito a un conxunto de cidadáns, en senllos actos públicos celebrados nas cidades da Coruña e Santiago de Compostela, respectivamente.

O intento de cerco xudicial, e tamén policial, contra determinadas expresións organizadas do independentismo galego é, así mesmo, materia de tratamento no Informe, e éo porque o que está en cuestión nestes casos é, nin máis nin menos, que un dereito como o dereito de asociación, dereito que foi fundamental para a mudanza de réxime no Estado español, e que apenas tres décadas despois está de novo en cuestión, coa implementación de lexislación *ad hoc* que socava principios contidos neste dereito.

Igualmente o dereito de participación é tratado neste Informe, exemplificando a súa conculcación nunha serie de situacións que se viviron en diversos plenos de concellos galegos e nas que este dereito se viu coutado por mor da determinación de certos responsábeis municipais, os cales non souberon estar á

altura do seu cargo, imposibilitando que veciños e veciñas puidesen facer uso do seu léxítimo dereito de participación.

A protección xudicial dos dereitos é outro dos apartados aos que se fai referencia no Informe, partindo do feito de que en demasiadas ocasións non están protexidas as necesarias garantías procesuais aos cidadáns e cidadás, que se ven certamente desamparados ou desasistidos, isto é, pouco menos que convertidos en súbditos.

No apartado do dereito á educación, a achega introducida neste Informe ten como obxecto a avaliación do chamado “Plan Boloña”, que afecta moi directamente aos estudos universitarios e abonda en aspectos tanxencialmente opostos aos intereses da maioría social, no camiño dunha maior privatización, elitización e precarización da universidade

Outros dos dereitos aos que se fai mención é o dereito á folga e á libre sindicación, dereito que durante o ano 2006 se viu recortado para os traballadores e traballadoras, tal como se refire no artigo que se recolle no Informe. Un dereito este que é un dos mellores instrumentos que ten a clase traballadora para avanzar na súa dignidade colectiva, nun medio tan hostil aos seus intereses como o da barbarie capitalista, signo dos actuais tempos.

As conculcacións que teñen a ver co dereito de petición están tamén amplamente documentadas no Informe, abundando nas múltiples ocasións en que unha serie de organismos públicos (desde o propio Defensor do Pobo até a Delegación do Goberno) fan deixación de funcións nesta materia e optan pola falta de transparencia e o escurantismo. Disto o propio MpDC é testemuña directa e así o vén acreditando xa desde a súa propia constitución como entidade vixiante cos dereitos civís en Galiza.

No ámbito laboral hai que situar o seguinte apartado que toca o Informe, referido ao dereito á negociación colectiva e a como deste dereito se está a marxinar sistematicamente á clase traballadora galega, con acordos xerais de negociación colectiva lesivos para os tra-

balladores e traballadoras que se dan en Madrid, polo que estes se ven privados da posibilidade de decisión e intervención en algo que os atinxe tan directamente na súa condición de persoas asalariadas.

No Informe tamén se aborda unha cuestión de tanta importancia para a vida das persoas como a protección da súa saúde, e as tentativas que se veñen producindo desde o poder político de rebaixar este dereito, coa implementación de políticas privatizadoras, que en nada benefician ao conxunto da sociedade e só privilexian a uns poucos; isto todo dentro da perversa lóxica neoliberal que nos circunda e que en si mesma socava as posibilidades de vivirmos nunha sociedade plenamente democrática.

O dereito a desfrutar dun medio ambiente axeitado, así como os dereitos dos animais, son motivo de análise no Informe, dereitos uns e outros que se viron fortemente cuestionados no transcurso do ano 2006 e que os poderes públicos deberían estar en condicións de garantir, máxime nun momento de alerta á escala planetaria motivada polas consecuencias que comeza a ter o cambio climático e a responsabilidade do ser humano nesta modificación do comportamento do clima.

Informe tras informe do MpDC, o dereito á vivenda é obxecto de atención e análise, na medida en que este é un dereito formalmente garantido mais que exige de políticas públicas reais que atendan ao seu cumprimento. Hoxe por hoxe, en plena vaga especuladora a respecto do urbanismo en tantos concellos galegos, hai importantes colectivos -os máis desfavorecidos economicamente- que se ven en extrema dificultade para accederen a unha vivenda digna.

Xa por último, a parte final do Informe propiamente dito (non da publicación, que inclúe varias páxinas máis co caderno de prensa e outros testemuños) detense en detallar de xeito crítico a actitude mantida por distintos organismos públicos en relación a diversas actuacións levadas a cabo polo MpDC, así como por outras persoas e colectivos, que son

reflexo dunha maneira de proceder por parte dos devanditos organismos que lesiona os intereses cidadáns. Neste caso detállanse situacións que atinxen ao Defensor do Pobo, Valedor do Pobo, Delegación e Subdelegacións do Goberno, Administración de Xustiza e diferentes concellos, como os da Coruña, Santiago de Compostela, Lugo ou Vigo.

Resumidamente estes son os contidos do Informe sobre dereitos civís en Galiza do ano 2006, auspiciado polo Movemento polos Dereitos Civís (MpDC), entidade sen ánimo de

lucro que leva xa seis anos tanto velando por que estes dereitos poidamos desenvolverlos plenamente as cidadás e cidadás galegos como denunciando a súa vulneración por parte das esferas de poder.

Felizmente, este ano o Informe é aínda máis xeneroso en páxinas que anos anteriores, debido a que o propio MpDC está a ser quen de despregar un maior esforzo no seu labor en defensa dos dereitos civís e, se cadra tamén, a que todas e todos nós somos cada vez un pouquiño máis conscientes da necesidade de facermos valer estes nosos dereitos.



**Concurso**



## Apresentación do concurso

### Certame “Dereitos Cidadáns en Galiza”

Neste ano concedeuse por vez primeira o premio do Certame “Dereitos Cidadáns en Galiza”, auspiciado polo Movemento polos Dereitos Cívís (MpDC) e que contou coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galiza. Un premio que, aínda que xurdía como tal este ano, ten vocación de continuidade, como vocación de continuidade ten -non podía ser doutro xeito- o MpDC.

Este premio, o Certame de ensaios “Dereitos Cidadáns en Galiza”, naceu, na súa modestia, coa pretensión explícita de contribuír á reflexión e á investigación sobre a materia que nos ocupa. E fíxoo, precisamente, estimulando este labor e recoñecendo as persoas que, desde diferentes prismas, realizan as súas achegas verbo da cuestión dos dereitos cívís e a necesidade da súa preservación e extensión como tales dereitos.

O importe do premio era modesto no que atinxe á dotación material: o importe dunha matrícula universitaria. Desde outro plano, o certame é realmente ambicioso, porque vén darlle centralidade, a centralidade precisa, a unha materia, a dos dereitos cívís, que normalmente ocupa un espazo menor tanto no balbordo mediático que nos envolve como nas preocupacións das esferas do poder que nos circundan. Se cadra, porque os dereitos cívís son nosos, dos cidadáns e dos pobos, e hoxe, no actual proceso globalizador -de capitalismo e barbarie- todos estamos no punto de mira da exclusión a través do cal ollan para nós os poderosos.

Nesta primeira edición do Certame “Dereitos Cidadáns en Galiza” o xurado, composto por

especialistas en Dereito, profesores e avogados, e xente habituada a traballar na defensa dos dereitos cívís, optou por premiar dous traballos: un, o gañador, que afonda nos dereitos lingüísticos na faixa leste da comunidade galegófona da que formamos parte; e outro, o finalista, centrado na protección de datos relacionada co telemárketing. Ambos os ensaios son publicados neste Informe dado o interese das temáticas abordadas e o tratamento que se dá ás mesmas por Carlos Bello e Tamara Guirao, autor e autora galardoados.

O xurado concedeu o premio do certame “Dereitos Cívís en Galiza” ao traballo de Carlos Bello Stout “*Dereitos Lingüísticos na Faixa Oriental*”. Tal e como expón o autor, o traballo é “unha análise do *status quo* dos dereitos fundamentais en materia lingüística dos cidadáns galegofalantes que, por acaso, naceron nun lugar ás veces chamado exterior”. O xurado valorou o interese e relevancia do tema, a calidade científico-técnica e a coherencia interna, a corrección e claridade da exposición e a utilidade que poden ter as propostas formuladas na práctica administrativa. Carlos Bello Stout é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago coas especialidades de Dereito Público e Dereito Privado. Na actualidade cursa na USC un posgrao en Dereito Tributario e o Segundo Ciclo da Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración.

Por petición do xurado, e ante a calidade do traballo, o Movemento tamén publica o traballo de Tamara Guirao Espiñeira sobre “A protección de datos en Galiza: a deslocalización

do telemárketing”. Tamara Guirao é membro da Coordinadora de Traballadores do Telemárketing e o seu traballo parte dun dos problemas emblemáticos xerados pola globalización neoliberal, a deslocalización, e as repercusións que ten nos nosos datos cando se produce no telemárketing, cunha situación de fondo marcada por unha situación laboral precaria e o descoñecemento dos dereitos dos usuarios da telefonía.

Do Premio preténdese que teña periodicidade anual, coa idea de que se vaia conformando un corpus importante de traballos, de tipo ensaístico, que aborden a cuestión dos dereitos cidadáns desde a nosa peculiar e particular perspectiva como galegos e galegas. Unha perspectiva que só nós deberíamos ser quen de recrearmos, sen interferencias espurias, porque aquí tampouco cabe a desidia ou a preguiza intelectual.

## Direitos lingüísticos na faixa oriental

Carlos Bello Stout

*Entre os orballos de vidro  
acesos na Cruz de Ferro  
hai sempre un soño que espera*

A VOZ GALAICA DO BIERZO  
(Xosé Rodríguez Ferrer)

### 1-Enfoque e apontamentos históricos

Periodicamente os medios de comunicación airean algún tipo de polémica referida á cuestión identitaria, frecuentemente lingüística, dos territorios situados na fronteira máis oriental do noso país. Son estas unhas terras que fican fóra do ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galiza<sup>1</sup>, para estalo baixo a administración dos gobernos autónomos asturiano e castelán-leonés. Estas bisbarras son coñecidas cos nomes de Eo-Navia, O Bierzo e As Portelas.

O obxecto deste traballo é o *status quo* dos dereitos fundamentais en materia lingüística dos cidadáns galegofalantes que, por acaso, naceron nun lugar ás veces chamado “exterior”, mais que fica dentro do berce natural do noso idioma.

A paulatina perda de poder político do reino galego desde a Baixa Idade Media, foi parella a un progresivo esgazamento territorial. Deste xeito, a concreción das indefinicións fronteirizas, foi usualmente en perxuízo da parte máis feble. Naturalmente existen excepcións, como as de certos lugares dos actuais concellos de Vilamartín de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, Carballeda e Rubiá, que, se ben na reordenación territorial do século XVIII son encadrados no Reino de León, en 1833 sitú-

anse dentro dos límites da provincia ourensá. Máis efémera excepción foi a da ordenación territorial de Xosé I en 1810, que, como sinala González Mariñas: “(...) curioso que sexa francés o único monarca español que acrece o territorio de Galicia (...) cando a Historia constata unha paulatina reducción das dimensións territoriais do Reino (...)”<sup>2</sup>.

Javier de Burgos elaborou en 1833 a estrutura provincial da que somos herdeiros<sup>3</sup>, provocando unha amputación espacial de significativa relevancia. Un R.D. de 30-11-1833 menciona expresamente cómo formarían parte da provincia de Zamora os daquela ourensáns lugares de: “*Edradas, Chanos, Lubian, Edros, Aciveros, Padornelo, Castromil, Castrelos, Armesende y Tejedas*”. Asemade, dilúe a existente provincia de Vilafranca do Bierzo (na que tamén estaba integrada a bisbarra de Valdeorras), integrándoa na súa meirande parte na provincia de León. Elimina deste xeito

1 En adiante C.A.G.

2 GONZÁLEZ MARIÑAS, P.; Territorio e identidade: Galicia como espacio administrativo, EGAP, Santiago, 1994, p.166.

3 Aínda que no que respecta á fronteira meridional, non é até 1864 que é definitivamente fixada polo Tratado de Límites, anexionándose España a, na práctica, república independente do Couto Mixto, e cedendo a Portugal algúns lugares próximos a Oímbra e Verín, como é o caso de Cambedo.

calquera dúbida sobre a pertenza berciana ao Reino de Galiza<sup>4</sup> (entidade política que neste momento tamén desaparece desde o punto de vista xurídico) .

Así, non é de estrañar que no Estatuto de Autonomía de Galiza aprobado en referendo en 1936 e definitivamente polas Cortes en 1938, se establecese que: “*Poderá agregarse a Galiza calquera territorio limítrofe de características históricas, culturais, económicas e xeográficas análogas, mediante os requisitos que as leis xerais establezan*”. Este texto, non aplicado efectivamente debido á sedición militar, foi substituído en 1981 pola L.O. 11/81 de 6 de abril, que fixou a actual carta autonómica. Sen embargo, previamente o proxecto estatutario da Xunta constituída en 1981 admitía que “*se poderá incorporar á Comunidade Autónoma galega calquera territorio limítrofe de características históricas, xeográficas, económicas, culturais ou lingüísticas semellantes, de acordo en todo caso co artigo 141.1º da Constitución*”. Malia a unanimidade coa que fora aprobado o proxecto, os deputados da UCD cambiaron a súa posición na chegada ás Cortes e eliminaron esta Disposición adicional. Tal e como recolle López Mira<sup>5</sup>, no seu momento estimouse que a condición de leonés de Rodolfo Martín Villa (e por conseguinte suponse que coñecedor da galegitude do Bierzo), tivo peso na eliminación deste precepto. Mais tampouco debe obviarse a literalidade do artigo 143.1 da Constitución, que sitúa como únicos “*suxeitos titulares do dereito a exercer a iniciativa autonómica*”<sup>6</sup> ás provincias limítrofes, os territorios insulares e as provincias individualmente consideradas con identidade rexional propia. Así, a única posibilidade de reunificación territorial nunha entidade autonómica sería, ben a alteración dos límites provinciais de Lugo e Ourense para incorporar eses espazos (alteración regulada no art. 141 C.E.), ou ben a creación de novas provincias (por exemplo do Bierzo) que exercesen a iniciativa autonómica conxuntamente coas catro que compoñen a actual C.A.G.

Malia o espírito de unanimidade do primeiro proxecto de estatuto de 1981 e da tradición

galeguista plasmada no texto de 1936, actualmente a reivindicación da territorialidade está desactivada por parte das forzas políticas galegas máis representativas. Só son excepcións as declaracións puntuais de responsábeis políticos da faixa oriental, así como o ideario de partidos de, certamente, escasa implantación social. Esta circunstancia diferencia a Galiza das outras dúas comunidades históricas, onde a cuestión territorial si está presente no debate político.

Ante esta perspectiva, cobra especial relevancia a defensa dos dereitos lingüísticos, configurados xa pola doutrina e lexislación internacional como de carácter fundamental.

## **2.-Aproximación sociolingüística**

O coñecido como dialecto oriental do galego comprende unha faixa que se estende de sur a norte dentro e fóra dos límites da C.A.G., desde Calabor (Zamora) até Ribadeo (Lugo). Xosé Henrique Costas fai unha estimación aproximada de 50.000 falantes reais baixo administración asturiana e uns 25.000 sob castelán-leonesa.<sup>7</sup> Con estas cifras faise referencia aos individuos “*practicantes*”, e ao igual que sucede na C.A.G., a percentaxe de persoas que fai uso do idioma propio difire moito dunhas áreas a outras. Así, por exemplo, a cidade de Ponferrada ou a vila de

4 En GARCÍA GONZÁLEZ, M. J.; El Bierzo a finales del siglo XVIII, Instituto de Estudios Bercianos, Ponferrada, 1998, recóllense algúns textos que dan fe da pouca claridade existente no relativo á pertenza administrativa do Bierzo. Así, no texto dun preito datado en 1767 en Santalla do Bierzo, iníciase o mesmo coa expresión: “*Jurisdicción de Cornatelo, Provincia del Bierzo, Reyno de Galicia (...)*”; e en epístola datada en Ponferrada o 17 de xullo de 1770, o Correxedor da vila, Martín Sahaxosa y Carreño, afirma: “*(...) Villas y lugares que comprende esta Provincia deel Bierzo, hoi Reino de León, aunque antiguamente lo fue deel de Galicia, sita entre los puertos de Fucecebadón y el Zebrero (...)*” e seguidamente procede a incluír unha relación de lugares do Bierzo entre os que se atopan algúns actualmente situados na provincia de Ourense, como a Veiga de Cascallá.

5 LÓPEZ MIRA, A. X.; A Galicia irredenta, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1998, p. 120

6 En palabras de GÓMEZ SEGADO, F.; El sistema constitucional español, Dykinson, Madrid (España), 1992, p. 881.

7 COSTAS, X. H.; Guía das linguas de Europa; Edicións Positivas, Santiago, 2002, p. 79

Vilafranca, teñen un índice moi inferior ao dos núcleos rurais de Lubián ou Ponte de Domingos Flórez, aínda que probablemente sexa percentualmente equiparábel ao de lugares como A Coruña ou O Barco de Valdeorras; e contando mesmo cun (reducido) número de “neofalantes”.

Para unha correcta exposición, cómpre facer unha referencia exhaustiva dos concellos orientais que segundo criterios filolóxicos<sup>8</sup> fican dentro da área lingüística galega. Na provincia de Asturias, son galegófonos: Allande, Boal, Castropol, Coaña, Eilao, O Franco, Grandas de Salime, Ibias, Navia, Pezós, San Martín de Oscos, Santalla de Oscos, Santiso de Abres, Tapia de Casarego, Taramundi, A Veiga, Vilanova de Oscos e Vilallón. Na provincia leonesa son, total ou parcialmente galegófonos: Arganza, Barxas, Benuza, Borrés, Cacabelos, Camponaraia, Candín, Carracedelo, Carucedo, Corullón, Fabeiro, Oencia, Peranzais, Ponte de Domingos Flórez, Ponferrada, Priaranza do Bierzo, Sobrado, Sobradelo, Toural dos Vados, Trabadelo, Valboa, Veiga de Espiñareda, Veiga de Valcarce, Viladecais e Vilafranca. Por último, en Zamora, pertencen ao dominio do galego: As Pías, Porto, Lubián, Hermisende e Peñalba de la Pradería (deste último tan só o enclave de Calabor).

Á vista da extensión dos concellos enumerados, e contando con que as cifras de falantes totais mencionadas supoñen unha percentaxe sobre o total da poboación que oscila tremendamente segundo as áreas e franxas de idade, estímase que existe un número de cidadáns potencialmente falantes por volta dos 150.000.

Non deixa de sorprenden que a vulneración dos dereitos fundamentais de carácter lingüístico dun colectivo numericamente tan relevante, non teña suposto unha resposta reivindicativa máis enérxica, cando menos, por parte

<sup>8</sup> Véxase por exemplo FERNÁNDEZ REI, F.; *Dialectoloxía da lingua galega*, Edicións Xerais, Vigo, 1990 ou CARVALHO CALERO, R.; “Os límites do galego”, en *Encrucillada*, nº 21, Vigo, setembro de 1981.

dos sectores sociais máis comprometidos da sociedade galega.

### **3.-Marco normativo xeral en materia de dereitos lingüísticos fundamentais**

Afirma o Preámbulo da Constitución Española de 1978 que: “*A Nación española, desexando que se estableza a xustiza (...), proclama a súa vontade de: (...) Protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, das súas culturas e tradicións, das súas linguas e institucións*”. Desenvolve deste xeito o estado social, recoñecendo non só as tradicionais liberdades individuais, senón ampliando a súa protección a un amplo feixe de dereitos fundamentais de carácter social e cultural. Do uso do verbo “protexer” dedúcese que esa cobertura legal haberá de consistir nun comportamento activo, articulando as medidas precisas para esa protección, e non limitándose a un mero respecto pasivo e indolente. Así se plasma no artigo 9.2, ao afirmar: “*Correspóndelle aos poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e máis dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social*”. Destes parágrafos despréndese que a protección ten que ser sen matices a todos os cidadáns, pobos e linguas, sen mencionarse limitación algunha por estaren situados nunha ou noutra xurisdición administrativa.

Tamén no articulado, o 3.2 afirma que: “*As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos*.”. Establécese así que o recoñecemento do carácter de cooficialidade dunha lingua é delegado en primeiro termo nas Comunidades Autónomas, tendo que ser establecida en cadansúas Leis Orgánicas de regulación estatutaria. No ficticio caso de que o desenvolvemento do estado das autonomías non tivese derivado no *café para todos* e, tal e como se prevía acontecese na II República, só Galiza, País Basco e

Catalunya tivesen accedido á autonomía, non se acadaría o carácter de oficialidade do catalán en València e Balears e probabelmente do euskara en terras navarras. Outra posibilidade, que finalmente deveu certa, é a de que certas comunidades autónomas con linguas propias distintas do español optasen por non outorgarlles a oficialidade no seu Estatuto de Autonomía<sup>9</sup>. Isto acontecelle á nosa lingua, no ámbito que agora nos ocupa, nas CC.AA. de Castela e León e Asturias; mais tamén na Estremadura (no Val do Ellas ou Olivença). Do mesmo xeito, o catalán non é oficial en Aragón nin o tamazigh en Melilla. A delegación da potestade oficializadora nos entes autonómicos provocou importantes baleiros na protección das linguas do estado.

Porén, a ausencia de oficialidade por “omisión” da respectiva carta autonómica non significa a total desprotección das linguas nos territorios onde non son cooficiais, xa que o art. 3.3 da Constitución declara que *“A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”*. Co uso de termos absolutos e sen restricións, acóllese máis axeitadamente o espírito protexcionista do Preámbulo constitucional.

Antes de abordar o ámbito supraestatal, convén lembrar o art. 96.1 da Constitución, onde se establece que *“Os tratados internacionais validamente subscritos, unha vez publicados oficialmente en España, formarán parte do ordenamento interno (...)”*.

Ao abeiro das Nacións Unidas, a UNESCO promoveu en xuño de 1996 unha *Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos* tomando como base, entre outros, o *Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos* de 1966. O Congreso dos Deputados adheriuse á Declaración pouco tempo despois, converténdose nun referente en materia de dereitos lingüísticos.

No art. 1.3.i) obsérvase como a problemática aquí estudada ten un encadre perfecto na

<sup>9</sup> Aínda que nalgúns casos si se mencionan esas linguas, mais non co obxecto de elevalas ao carácter de cooficial.

*Declaración*, ao afirmarse que: *“Aos efectos desta declaración, enténdese que están tamén no seu propio territorio e pertencen a unha comunidade lingüística as colectividade que: (...) están separadas do groso da súa comunidade por fronteiras políticas ou administrativas (...)”*. A modo de síntese, convén reparar no artigo 5, onde establece que: *“Esta Declaración baséase no principio de que os dereitos de todas as comunidades lingüísticas son iguais e independentes da consideración xurídica ou política de linguas oficiais, rexionais e minoritarias. (...)”*. As consecuencias derivadas dunha lectura global da Constitución vense confirmadas polo texto internacional. Así, o galegofalante terá certos dereitos cívís, independentemente de se exerce como tal no territorio da C.A.G. ou naquelas terras onde o galego é idioma propio mais non cooficial.

Xa no ámbito continental, o 5 de novembro de 1992 España asinou a *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, e no BOE nº 222 de 15/9/2001 foi publicada a ratificación da mesma polo Xefe de Estado, previa autorización das Cortes Xerais prevista no artigo 94.1 da Constitución.

Neste texto España declara que para os efectos citados nos artigos da norma, entenderanse como linguas rexionais ou minoritarias as recoñecidas como oficiais nos estatutos de Galiza, Catalunya, País Basco, Nafarroa, Illes Balears e València así como *“as que os estatutos de autonomía protexen e amparan nos territorios onde tradicionalmente se falan”*. Asemade, o artigo 7.1.b) establece que: *“En materia de linguas rexionais ou minoritarias, nos territorios en que se falen as citadas linguas e segundo a situación de cada unha delas, as partes basearán a súa política, a súa lexislación e a súa práctica nos obxectivos e principios seguintes: (...) o respecto da área xeográfica de cada lingua rexional ou minoritaria, actuando de tal maneira que as divisións administrativas xa existentes ou novas non sexan un obstáculo para o fomento da devandita lingua rexional ou minoritaria”*. Entre os compromisos adquiridos o estado



español terá de garantir os dereitos lingüísticos mínimos (escola, administración local, medios de comunicación, toponimia, etc...) aos cidadáns galegofalantes de Castela e León. Non acontece o mesmo cos de Asturias, pois non están recoñecidos estatutariamente. As potencialidades desta norma son amplas, mais a súa aplicación e concreción non están a producirse coa axilidade desexábel.

#### **4.-Desenvolvemento normativo e aplicación específica na falxa oriental**

O marco xeral descrito ten sido obxecto dun desenvolvemento normativo desigual por parte das distintas administracións que gobernan as nosas bisbarras orientais. Neste sentido, choca a relativa pasividade do goberno asturiano nun espazo que conserva o galego cunha sorprendente vitalidade, co comportamento máis activo da administración castelá, cando o número de falantes é numericamente inferior. Probabelmente teña xogado un papel relevante a existencia dun movemento de defensa identitaria nas terras bercianas, o cal derivou tamén na configuración dun ente administrativo singular e único na súa comunidade autónoma: o Consello Comarcal do Bierzo, creado por Lei 1/1991 de 14 de marzo (BOE 22-4-1991).

Retomando o caso eonaviego, as medidas lingüísticas por parte das autoridades asturianas teñen sido escasas e controvertidas. Existe a tendencia de aproveitar as diferenzas dialectais da zona para negar a pertenza á familia do galego da variante falada no Eo-Navia. Segundo isto, atoparíamos fronte a unha nova lingua no catálogo das romances ou ben ante unha variante do bable.

O artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Asturias, a L.O. 7/1981 (modificado por LL.OO., 3/91, 1/94, 1/99), sostén que: “O bable gozará de protección. Promoverase o seu uso, a súa difusión nos medios de comunicación e o seu ensino, respectando en todo caso as variantes locais e a voluntariedade da súa aprendizaxe. Unha Lei do Principado regulará a protección, uso e promoción do bable”. A ausencia de mención á lingua galega no

Estatuto faina ficar sen a protección da Carta Europea.

A Lei 1/98 de 23 de marzo de uso e promoción do bable establece no seu artigo 2 que “O réxime de protección, respecto, tutela e desenvolvemento establecido nesta Lei para o bable/asturiano estenderase, mediante regulación especial ao galego/asturiano nas zonas nas que ten carácter de modalidade lingüística propia”. Esta mesma norma fixa as competencias da *Academia de la Llingua Asturiana* en materia lingüística. Reparemos en que a Lei 1/98 unicamente está a abordar a problemática do bable (para o galego haberá unha regulación especial similar), co cal infírese que esas competencias da A.L.I.A. sono só para a modalidade lingüística que lles é propia. Porén, os estatutos da A.L.I.A., contemplan desde abril de 1995 no seu artigo 1.k que “(a *Academia*) promoverá e velará pola variante lingüística galego/asturiana ou astur/galaica” e tamén nese mesmo ano foi creada no seu seo unha *Secretaría Lingüística del Navia-Eo*. Desde aquela vense fomentando unha innovadora e creativa normativa ortográfica para o galego, coincidente coa usada para o bable, que tamén é empregada nunha inédita modalidade de deturpación da toponimia<sup>10</sup>. Na práctica estase ante a paradoxal situación de que unha modalidade lingüística con moi notábeis carencias dedícase a tutelar unha lingua, certamente tamén eivada na Galiza, mais que xoga nunha división diferente.

A situación nos territorios administrados pola *Junta de Castilla y León* é substancialmente diferente. O propio Estatuto de Autonomía en vigor, no artigo 4.2, establece que: “Gozarán de respecto e protección a lingua galega e as modalidades lingüísticas nos lugares en que habitualmente se utilicen”. Con este precepto evidentemente non se está a oficializar o idioma, ao mesmo tempo que tampouco se determina o ámbito espacial de protección. Úsase unha fórmula aberta en clara consonancia co

<sup>10</sup> Chau Samartín\*, Piornu\* ou Santaolaya d’Ozcós\* son algúns exemplos significativos.

artigo 3.3 da Constitución, e con amplas posibilidades á hora de determinar as concretas medidas, así como os lugares de actuación. Cómpre lembrar que esta redacción da norma existe dende a reforma do Estatuto por Lei Orgánica 4/99 de 8 de xaneiro, e foi introducida no Congreso dos Deputados a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Previamente a esta reforma tíñanse producido pequenos avances encamiñados á protección dos dereitos fundamentais dos galegofalantes de Castela e León. Así, o 31 de outubro de 1996 o deputado Francisco Rodríguez, presentara unha proposición non de lei instando ao Ministerio de Educación e Cultura a establecer un convenio de colaboración co goberno castelán-leonés para posibilitar o estudo da lingua galega nos centros de ensino non universitarios nas áreas galegófonas desa comunidade autónoma. A resultas disto, o 9 de abril de 1997 a Comisión de Educación e Cultura do Congreso aprobou por unanimidade unha resolución establecendo que: *“El Congreso de los Diputados insta al Gobierno a que, en colaboración con la Xunta de Galicia y la Junta de Castilla y León, posibilite el estudio de la lengua gallega en los centros de enseñanza no universitaria de la comarca del Bierzo, en su zona occidental”*. Na propia exposición de motivos da resolución facíase referencia á Declaración de Dereitos Lingüísticos, á que non había moito que se adherira o Congreso, e concretamente aos artigos 5 e 24, onde se establece que os dereitos de todas as comunidades lingüísticas son iguais, independentemente da súa consideración xurídica ou administrativa, e que toda comunidade lingüística ten dereito a decidir cal debe ser o grao de presenza da súa lingua na educación dentro do seu territorio.

Con estes antecedentes iniciouse o camiño que derivou na docencia efectiva da lingua galega na franxa galegófona baixo administración castelán-leonesa. Ben é certo que esa posibilidade é a día de hoxe moi limitada, pois son os propios centros de ensino non universitario os que teñen que solicitala e os alumnos escollela de xeito voluntario, mais non

cabe dúbida que ten suposto un avance cualitativo. Retomando a sucesión cronolóxica, o 30 de novembro de 2000 a Comisión de Educación das Cortes de Castela e León, a instancias do deputado Felipe Lubián (daquela tamén alcalde), aprobou un acordo polo que se defendía a posibilidade do estudo do galego de xeito optativo nas correspondentes zonas de León e Zamora. Posteriormente, o 18 de xullo de 2001, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galiza e a *Consejería de Educación da Junta de Castilla y León* abrían definitivamente o camiño, ao asinaren un “Programa para a Promoción do Idioma Galego nos Territorios Limítrofes das Comunidades Autónomas de Castela e León e Galiza”. Segundo o mesmo, é a Xunta a que ten que aportar o persoal docente e os materiais de apoio para o ensino do galego. O acordo, vixente até o 2006, foi renovado o 30 de Agosto dese mesmo ano, introducíndose a novidade de que os centros privados e concertados podan acollerse ao mesmo. O número de estudantes non deixou de crecer en todo este tempo. A modo de exemplo sinalar que no curso 2004-2005 eran 572 rapaces e rapazas bercianos os que recibían voluntariamente aulas en galego, así como un total de 11 colexios e 3 institutos de secundaria de Ponferrada, Toural de Meraio, Corullón, Carucedo, Toural dos Vaos, Cacabelos, Camponaraia, Ponte de Domingos Florez e Vilafranca. Xa no período académico 2006-2007 son por volta de 900 estudantes voluntarios, nun total de 16 centros: 12 Centros Rurais Agrupados e Colexios Públicos (Toural de Meraio, Valentín Garcia Yebra, Ximena Muñiz, Carucedo, María Luísa Ucieda, San Lourenzo de Brindisi, Virxe da Quinta Angustia, San Ildelfonso, A Ponte, A Placa, Compostela e Xesús Mestre), e catro centros de ensino secundario (Padre Sarmiento de Vilafranca, Bergidum Flavium de Cacabelos, Europa e IESVE de Ponferrada)<sup>11</sup>. Así mesmo, en decembro de 2006 a asociación Xente Nova de Lubián anunciou que o colexio de

<sup>11</sup> Fonte: LUGRÍS, I.; en <http://www.falaceibe.tk>

Tuela-Bibeí, nas Portelas, tamén se sumaría ao programa. A estas cifras, habería que sumar os adultos matriculados en lingua galega na Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada e a de crianzas con vecindade civil castelán-leonesa que reciben aulas en centros públicos da C.A.G.. Isto acontece en Castromil, aldea administrativamente dividida entre as provincias de Ourense e Zamora, e onde a escolarización se realiza na Mezquita e na Gudiña<sup>12</sup>.

Malia as reducidas competencias neste ámbito da administración local, algúns concellos das provincias de León e Zamora acometeron tentativas salientábeis de protección do patrimonio lingüístico dos seus veciños. O caso máis sobranceiro foi o da Veiga do Valcarce, municipio limítrofe con Pedrafita do Cebreiro. Tras dunha serie de declaracións na prensa da alcaldesa nas que pulaba pola integración administrativa na C.A.G. como xeito de vencer o isolamento, o grupo político da oposición presentou cinco mocións que foron aprobadas por unanimidade. O pleno da corporación estaba formado por cinco concelleiros do PSOE e dous de Renovación por Valcarce, grupo independente do que era integrante o autor da iniciativa: Gaspar Méndez. As mocións aprobadas o 24 de febreiro de 2001 establecían:

*“1.-Recoñecemento da lingua galega como lingua propia e co-oficial, xunto co castelán, deste municipio.*

*Este acordo debe ser comunicado á Junta de Castilla y León co único obxecto que o recorra ante o Tribunal Superior de Xustiza, se considera que non se axusta á legalidade e/ou inicie o desenvolvemento lexislativo necesario para dar cobertura legal á realidade lingüística desta parte do territorio que administra.*

*2.-Recoñecemento da lingua galega como patrimonio cultural deste municipio.*

*3.-Solicitar ao Instituto de Estudos Bercianos a elaboración dun nomenclátor galego das*

*localidades que compoñen o municipio, recuperando os seus nomes históricos e usuais.*

*4.-Promover, dun xeito progresivo, a rotulación bilingüe no municipio.*

*5.-Promover, de xeito progresivo, a utilización de documentación bilingüe na administración municipal”*

O Concello de Lubián (Zamora) aprobaba pouco despois un texto de contido similar. A Junta de Castilla y León non tardou en reaccionar, pois como se viu, a competencia do establecemento dunha lingua como cooficial corresponde ás comunidades autónomas nos seus textos estatutarios. Sen embargo o valor simbólico da iniciativa ficou intacto, e probablemente non foi casualidade que menos de cinco meses despois fose aprobado en Vilafranca o acordo para o ensino optativo do galego.

Producíronse outras iniciativas puntuais salientábeis no ámbito local, mais sen transcendencia xurídica. Deste xeito, Valboa acolleu o xuramento do seu alcalde en galego e no Concello de Lubián oficiáronse casamentos no noso idioma así como se editaron nesta lingua algunhas publicacións municipais e sinácticas. Tamén foi a administración de Lubián a protagonista dos feitos que seguen:

*“Na escola de Lubián os rapaces e rapazas deste lugar e mais de Barxacoba, de Chaos, das Edradas, de Vilanova da Serra, da Teixeira e de Hermisende tiveron que renunciar a falar o seu idioma. Un mestre galegofalante, que di que non é galegofalante, que di que non é galego o que fala, deu en castigalos por falaren galego na escola.*

*-Copia doscientas veces: En la escuela sólo se habla castellano.*

*-E logo non podemos falar tampouco en inglés?*

*-En inglés, sí. Sólo en castellano y en inglés.*

*Entonces foi cuando no comedor escolar, xestionado polo concello nunhas dependencias da propia escola, apareceron dous carteis que inda se conservan:*

<sup>12</sup> Datos facilitados directamente por profesorado do C.P.I. Laureano Prieto da Gudiña

*Enriba da porta pon SALA DE XANTAR. E na parede frontal do comedor: AQUÍ SÍ PODES FALAR GALEGO*<sup>13</sup>

Existe ademais algunha regulamentación nas normas da C.A.G. que fai referencia á situación lingüística da franxa oriental. Ese ordenamento ten parte da súa eficacia limitada a eventuais acordos entre a administración galega e as autoridades autonómicas asturianas e castelánleonesas. Deste xeito, a Lei de Normalización Lingüística (Lei 3/1983 de 15 de xuño) no artigo 21.2 establece que: "(O Goberno Galego) Así mesmo fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de Autonomía a fin de protexer a lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma". Ese precepto fai referencia a posibles acordos de cooperación da C.A.G. con outros entes, e non fora desenvolvido neste ámbito até o referencial convenio de Vilafranca de 2001.

Tamén, o Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego o 21 de setembro de 2004, recolle un Área específica dedicada ás "Relacións con outros territorios de lingua galega". As medidas propostas son de grande utilidade e amosan un coñecemento realista do estado da cuestión. Porén, o PNL non é ius cogens. Segundo el, o Parlamento galego márcase entre os seus obxectivos:

*"Garantir a formación en lingua galega nos centros de ensino nas comunidades de fala galega de fóra de Galicia; crear espazos nos que os habitantes de territorios galegófonos poidan usar a súa lingua en calquera tipo de relación; facilitar o acceso das persoas destes territorios aos medios de comunicación públicos de Galicia; prestar a axuda que estas comunidades demanden para o mellor coñecemento, conservación e progreso da lingua que nos é común; lograr unha presenza do galego máis visíbel e constante na vida pública; reforzar a idea entre a poboación, especialmente no galego de Asturias, de que a súa fala é galego, coas súas peculiaridades dia-*

*lectais, pero galego; cambiar o status legal do galego nos respectivos estatutos ou, polo menos, acadar unha situación de facto que se aproxime á de lingua cooficial".*

Paralelamente, a Cámara propón unha serie de medidas concretas das que destacamos: *"Iniciar conversas coas autoridades políticas de Asturias e de Castilla y León co obxecto de iniciar programas conducentes a potenciar a transmisión familiar da lingua; aumentar a presenza de información sobre estas zonas na RTVG, creando mesmo, de ser posible, programas territoriais propios; iniciar conversas coas autoridades políticas de Asturias e de Castilla y León para implantar o ensino de lingua galega, integrado no currículo académico, en todos os centros de ensino públicos do sistema de ensino non universitario de todos os territorios de fala galega, e para que, nestas áreas, poidan impartir en galego a docencia os profesores de calquera materia, como forma de prepararse para un eventual ensino superior en universidades galegas; apoio ás organizacións que se esforzan na promoción do galego nestas zonas; iniciar conversas coas autoridades políticas de Asturias e de Castilla y León para facilitar a utilización do galego na política municipal das áreas galegófonas".*

Como se ve, as posibilidades de actuación desde o lado occidental da raia son abondosas, e os poderes públicos non as descoñecen. Non obstante, é precisa a vontade política de levalas adiante. Neste sentido sería desexábel unha viraxe na actuación da Secretaría Xeral de Política Lingüística en orde á aplicación do Plano, desacelerando a actual política da homenaxe á lingua e centrando esforzos nun apoio activo, por exemplo, aos colectivos que sen axuda pública veñen desenvolvendo a súa actividade na faixa oriental.

Por outra banda, a Real Academia Galega ten como finalidade estatutaria a defensa e promoción do idioma galego, entendendo como tal (art. 4 dos estatutos da R.A.G.): *"o propio de Galicia, así como as súas variantes faladas nos territorios exteriores"*. O plenario desta

<sup>13</sup> LUBIÁN LUBIÁN, F.; "A carrixa no castañoiro" en A herdanza da lingua, Real Academia Galega, A Coruña, 2004, p. 27.

institución tivo un xesto público de recoñecemento ás terras arraianas ao celebrar unha reunión extraordinaria no berce de Frei Martín Sarmiento, Vilafranca do Bierzo. Foi o Día das Letras Galegas de 2002. Nesta orientación de protección e promoción, a Academia deu un paso fundamental na sesión celebrada o 18 de decembro de 2004, ao nomear uns académicos correspondentes para as bisbarras orientais. Os novos membros da institución son: Carlos Xesús Varela Aenlle, polo Eo-Navia; Héctor M. Silveiro Fernández polo Bierzo e Felipe Lubián Lubián polas Portelas. Cómpre reparar na desconcertante situación na que fica a lingua das terras entre o Eo e o Frexulfe, pois é teoricamente tutelada por dúas academias de cadansúa lingua diferente.

Non se pode rematar este apartado de normativa específica sen facer referencia á recente Proposta de Reforma do Estatuto de Autonomía de Castela e León, publicada no *Boletín Oficial de las Cortes Generales* nº 268-1 de 15 de decembro de 2006. Esta proposta, aínda susceptible de modificación, recolle un artigo 5.3 similar ao anterior 4.2, o consabido: “Gozarán de respecto e protección a lingua galega e as modalidades lingüísticas nos lugares en que habitualmente se utilicen”. Porén, introdúcese unha circunstancia cualitativamente diferente, pois con carácter previo o 5.2, sostén que: “O leonés será obxecto de protección específica por parte das institucións polo seu particular valor dentro do patrimonio lingüístico da Comunidade. A súa protección, uso e promoción será obxecto de regulación”. A diferenza no tratamento da lingua galega e do leonés é obvia por parte do legislador. Citando a Xabier Lago Mestre, Presidente da asociación Fala Ceibe:

“¿Por qué o leonés vai ser obxecto de regulación xurídica e mailo galego non?. Os galego-falantes d’As Portelas da Alta Seabra e d’O Bierzo tamén temos todo o dereito a que se regule legalmente o noso idioma propio, para que se formalice xuridicamente a súa protección, uso e promoción. Esiximos pois unha protección igualitaria para estes dous idiomas minorizados no proxecto de Estatuto de

*Autonomía de Castela e León, de non o facer, terase esta intervención política das Cortes rexionais como discriminatoria co idioma galego e coa súa comunidade lingüística. Lembremos que o propio proxecto de Estatuto recoñece, como obxectivo das políticas públicas (artigo 16.23), “a non discriminación e o respecto dos distintos colectivos étnicos, culturais e relixiosos en Castela e León, con especial atención á comunidade xitana, fomentando o entendemento mutuo e as relacións interculturais”. Polo tanto, a comunidade galego-falante, ao abeiro deste descrito apartado, pide tamén a non discriminación cultural respecto a outros colectivos.*

*Fala Ceibe do Bierzo pretende que este proxecto de Estatuto de Autonomía de Castela e León, cando principie a tramitación nas Cortes Xerais, sexa obxecto da necesaria reforma.”<sup>14</sup>*

## **5.-Dereito comparado**

Para unha mellor comprensión da situación dos dereitos lingüísticos fundamentais na nosa faixa oriental, é interesante ollar como se abordaron problemáticas paralelas noutros lugares do estado.

Así, en Nafarroa grande parte do territorio setentrional e occidental ten o euskara como lingua propia e viva. A *Lei Orgánica de Reintegración e Amelloramento do Réxime Foral de Nafarroa* (“estatuto de autonomía” non sometido a aprobación en plebiscito), establece no seu artigo 9.2 que “O euskara terá tamén carácter de lingua oficial nas zonas bascofalantes de Nafarroa. Unha lei foral determinará ditas zonas, regulará o uso oficial do euskara e, no marco da lexislación xeral do Estado, ordenará o ensino desta lingua”. Esa norma de desenvolvemento é a Lei foral 18/1986 de 15 de decembro, do euskara. Nela Nafarroa é dividida en tres zonas: bascófona, mixta e unha outra non euskalduna; establecendo ademais un procedemento de revisión da enumeración dos municipios que

<sup>14</sup> LAGO MESTRE, X.; Protesta ante o escaso recoñecemento do galego no Estatuto castelán; en <http://www.ciberirmandade.org/falaceibe>; Ponferrada; Decembro de 2006.

integran cada unha delas. No que respecta ao ensino, un Decreto Foral de 1988 regula os modelos lingüísticos A, B, C e D, correspondendo o modelo A, a aquel no que o euskara existe unicamente como materia, e o D a outro co ensino totalmente nesa lingua.

En Catalunya, ademais do catalán, tamén o occitano ou aranés é lingua oficial, tal e como recolle o artigo 6.5 do recente estatuto de autonomía: *“A lingua occitana, denominada aranés en Arán, é a lingua propia deste territorio e é oficial en Catalunya, de acordo co establecido neste estatuto e nas leis de normalización lingüística”*. Asemade, o artigo 36 establece un apartado de dereitos con relación ao occitano, establecendo que: *“1.-En Arán todas as persoas teñen o dereito a coñecer e a utilizar o aranés e a seren atendidas oralmente e por escrito en aranés nas súas relacións coas administracións públicas e coas entidades públicas e privadas que dependen destas.; 2.-Os cidadáns de Arán teñen o dereito a utilizar o aranés nas súas relacións coa Generalitat; 3.-Deben determinarse por lei os demais dereitos e deberes lingüísticos co relación ao aranés”*. No artigo 50 faise outra referencia ao occitano incidindo no deber dos poderes públicos de protexer e fomentar o catalán e o aranés en todos os sectores. Por último, o artigo 143 establece as competencias compartidas entre a Generalitat eo Conselh Generau de Arán sobre normalización lingüística deste idioma. Con carácter previo a este novo estatuto de autonomía existía unha lei 16/1990, de 13 de xullo de réxime especial do Val de Arán, na que, con boa vontade mais con pouca eficacia xurídica, pretendíase establecer a oficialidade do aranés. Con esta nova regulación, o status que acadara a histórica lingua provenzal é moi superior ao que desfrutara no resto do seu territorio natural (no estados francés e italiano).

En València o catalán non é a lingua autóctona de todo o territorio, pois en tempos da conquista a franxa interior foi ocupada por colonos aragoneses. Así, o novo Estatuto de Autonomía aprobado por Lei Orgánica 1/2006

de 10 de abril, despois de establecer a oficialidade do catalán (denominado aquí valenciano) e sen modificar neste sentido nada a respecto da anterior L.O. 5/1982 de 1 de xullo, establece no artigo 6.7: *“Delimitaranse por lei os territorios nos que predomine o uso dunha e outra lingua, así como os que poidan ser exceptuados do ensino e do uso da lingua propia da Comunitat Valenciana”*. A división territorial das dúas zonas lingüísticas xa se fixera por Lei valenciana 4/1983 de 23 de novembro, e non é previsíbel unha modificación. Enténdese que, alén da concreción espacial, non se precisa dunha regulación máis extensa, pois a lingua territorialmente minoritaria é o español, que xa ten unha protección suprema desde o artigo 3.1 da Constitución.

Existe na Comunidade Autónoma de Aragón un territorio con bastantes similitudes con aqueloutro noso obxecto do presente estudo: a *Franja de Ponent*. É limítrofe de norte a sul coas fronteiras da C.A. de Catalunya, e nel o catalán é falado por máis do 90% da poboación<sup>15</sup>. Desde o goberno aragonés promovérase un anteproxecto de Lei de Linguas, onde se pretendía establecer a cooficialidade do catalán, mais algunhas protestas fixeron que se desbotase a posibilidade. Entre os argumentos en contra estaba o de que a lingua alí falada non debería denominarse catalán, senón aragonés oriental. O anteproxecto establecía no artigo 2.2 que: *“O aragonés e o catalán son linguas oficiais nos respectivos territorios onde son predominantes, xunto co castelán”*. Así mesmo, o artigo 5 dividía o territorio aragonés en tres zonas: unha con cooficialidade do aragonés e o español, outra con cooficialidade do catalán e o español e outra, a dos municipios non enumerados nos anexos, onde só sería oficial o castelán.

Malia o “fracaso” da Lei de Linguas, o Estatuto de Autonomía aragonés (L.O. 8/1982 de 10 de Agosto) no seu artigo 7 establece que: *“As linguas e modalidades lingüísticas propias de Aragón gozarán de protección. Garantirase o seu ensino e o dereito dos habitantes na*

<sup>15</sup> Fonte: <http://es.wikipedia.org>

forma que estableza unha lei de Cortes de Aragón para as zonas de utilización predominante daquelas”. Un espírito proteccionista que se volve a repetir na lei aragonesa 3/1999 de 10 de marzo do patrimonio cultural aragonés.

Xa na Estremadura, o Estatuto de Autonomía (L.O. 1/1983 de 23 de febreiro) atribuíu á comunidade autónoma a protección das peculiaridades lingüísticas. Esta protección foi reiterada por lei 4/1999 de 29 de marzo de patrimonio histórico e cultural de Estremadura. Posteriormente emitíuse unha norma de protección do noso idioma: o Decreto 45/2001, de 20 de marzo polo cal se declara *A Fala* ben de interese cultural. No seu artigo único menciona as localidades destinatarias: San Martín de Trebello, Ellas e Valverde do Freixo; e cualifica o galego de “*fala viva que é preciso promover*”, facendo relación aos “*sucesivos fenómenos migratorios (que) constituíron este riquísimo tesouro patrimonial*”. Deste xeito fica protexido o idioma que colonos galegos levaron consigo na Idade Media a este val do noroeste estremeño. Porén, sería desexábel unha protección específica similar para a nosa lingua tamén falada en Olivença (Badallouce), Ferreira de Alcántara e Cedilho (Cáceres).

En Castela e León a regulamentación contida no Estatuto de Autonomía podería ser de aplicación para a lingua en Bouça e Alamedilha (Salamanca), e con encaixe algo máis problemático para o euskara en Trebiño (Burgos). A dificultade devén en que, tal e como sucede na maior parte de Araba, o basco non é unha lingua “habitualmente utilizada”.

No que respecta a Ceuta e Melilla, nos últimos anos téñense desbotado diferentes iniciativas tendentes a regularizar o idioma bereber (*tamazigh*). Tan só o artigo 5.2.h) da L.O. 2/1995 de 13 de marzo de Estatuto de Autonomía de Melilla establece entre os deberes das institucións: “(...) *A promoción e estímulo dos valores de comprensión, respecto e aprecio da pluralidade cultural e lingüística da poboación melillense*”.

## 6.-Propostas e conclusións

Existen individuos bilingües, mais non sociedades bilingües. A diglosia é frecuentemente confundida ou camuflada de bilingüismo. A longo prazo, a lingua dominante acabará irremediabelmente exterminando á lingua máis feble. É por iso que a solución que mellor garante os dereitos fundamentais dos pobos é a división dun estado en áreas cunha única lingua oficial. Esta é a opción adoptada por Suíza ou Bélxica (agás na rexión de Bruselas, que é precisamente onde o flamenco está a ceder espazos fronte ao francés). Porén, sendo realistas, é ilusorio considerar tal solución para o estado español.

Asemade, tamén é improbable a integración territorial das terras do Eo-Navia, O Bierzo e As Portelas nun ente único galego, con todas as garantías lingüísticas inherentes. As vías para a consecución desta alteración territorial teñen dificultades practicamente insuperábeis no seu procedemento.

Na faixa oriental galega é máis accesíbel a aplicación dun réxime similar ao navarro ou aranés por parte das autoridades autonómicas correspondentes. Como se viu, tentouse algo similar en Aragón coa *Franja* catalá; polo cal, a relativa receptividade amosada pola *Junta de Castilla y León* en materia lingüística, permite acoller esperanzas a medio-longo prazo.

Con todo, o máis perentorio é unha actuación urxente no Congreso dos Deputados para que o actual proxecto de reforma do Estatuto de Autonomía castelán-leonés non deixe relegada á lingua galega a unha posición de inferioridade a respecto do leonés.

No caso asturiano podería ser factíbel obter a mención específica de lingua protexida no estatuto de autonomía (xa o está na Lei do bable) para estender ao Eo-Navia a aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias. Alén diso, a instauración dun Estatuto comarcal a semellanza do Bierzo é defendida por algúns colectivos locais, como é o caso da asociación cultural Abertal. O seu establecemento probabelmente tería, directa

ou indirectamente, consecuencias positivas para o idioma.

As medidas máis doadas, e non aplicadas até o momento, son as recollidas no Plano de Normalización Lingüística da C.A.G. Contémplanse actuacións moi útiles que nin sequera precisarían de pasar polo trámite previo dos acordos coas autoridades asturianas e castelás. Tal é o caso da inclusión de temática local na programación da RTVG ou a colaboración coas entidades cidadás que traballan actualmente nestas terras de fronteira.

En calquera caso o réxime de protección existente, xa sexa de xeito xenérico ou específico, non abonda. A nosa comunidade lingüística non acadará un *status* minimamente aceptábel até que toda ela poida desenvolverse nun réxime de oficialidade.

A lingua do noso pobo é escrava do seu pasado, pero debe ser dona do seu futuro, á marxe de consideracións administrativas.

## 7.-Bibliografía

- VV.AA.; A herdanza da lingua, Real Academia Galega, A Coruña, 2004
- GONZÁLEZ MARIÑAS, P.; Territorio e identidade: Galicia como espacio administrativo, EGAP, Santiago, 1994
- LÓPEZ MIRA, A. X.; A Galicia irredenta, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1998
- GÓMEZ SEGADO, F.; El sistema constitucional español, Dykinson, Madrid, 1992
- COSTAS, X. H.; Guía das linguas de Europa; Edicións Positivas, Santiago, 2002
- FERNÁNDEZ REI, F.; Dialectoloxía da lingua galega, Edicións Xerais, Vigo, 1990
- CARVALHO CALERO, R.; “Os límites do galego”, en Encrucillada, nº 21, Vigo, setembro de 1981
- GARCÍA GONZÁLEZ, M. J.; El Bierzo a finales del siglo XVIII, Instituto de Estudios Bercianos, Ponferrada, 1998
- <http://www.ciberirmandade.org/falaceive>
- <http://www.falaceibe.tk>
- <http://www.ccbierzo.com>
- <http://www.vieiros.com>
- <http://www.gencat.es/llengcat>
- <http://www.eblul.org>
- <http://www.cfnavarra.es/euskera>
- <http://es.wikipedia.org>



## A protección de datos en Galicia: a deslocalización do telemarketing

Tamara Guirao Espiñeira

### 1. Introducción:

Un dos sinais da globalización maniféstase pola deslocalización de certos procesos de produción. Procesos similares sofren os investimentos, as empresas e... os datos dos clientes. Unha das mostras é a deslocalización no sector do telemarketing, onde todas as operadoras deslocalizan os seus servizos de Atención ao Cliente a países con mercados laborais menos regulados e custos salariais moito máis baixos. Isto non beneficia os clientes das operadoras, xa non só ven como decae o nivel do servizo (aínda que só sexa pola rodaxe necesaria) senón coma os seus datos pasan a subcontratas localizadas en países onde a Axencia Española de Protección de Datos realizou transferencias sen, como este traballo trata de amosar, unha garantía xurídica completa.

Esta transferencia de datos debe respectar unha serie de dereitos recollidos en varios convenios internacionais, europeos e a lexislación española. Así poderíamos citar o artigo 12 da Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948), o artigo 17 do Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos de Nova Iork (1966) e o artigo 8 do Convenio Europeo para a protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais (1950) que protexen o dereito de toda persoa a non ser obxecto de inxerencias arbitrarias ou ilegais na súa vida privada, a súa familia, o seu domicilio, ou a súa correspondencia. No artigo 8 da carta de dereitos fundamentais da Unión Europea xa se fai unha mención máis exacta:

*“1. Toda persoa ten dereito á protección dos datos de carácter persoal que a concernan.*

*2. Estes datos trataranse de modo leal, para fines concretas e sobre a base do consentimento da persoa afectada ou en virtude doutro fundamento lexítimo previsto pola lei. Toda persoa ten dereito a acceder aos datos recollidos que a concernan e a súa rectificación.*

*3. O respecto destas normas quedará suxeito ao control dunha autoridade independente.”*

Resulta evidente que os servizos de Atención ao Cliente das operadoras de telefonía son, no sector do telemarketing, a súa opción máis visíbel. Existe un grande número de usuarios e practicamente todos recorreron nalgún momento ás liñas de atención, facturación, alta e baixa. Tampouco se pode esquecer que as infraestructuras das que dependen as operadoras de telefonía (“os cables”) son públicas e foron desenvolvidas cos cartos dos contribuintes.

Esta deslocalización é xa xeneralizada entre as operadoras de telefonía móbil e fixa. A maioría trasládanse a países latinoamericanos (Arxentina, Chile, Perú e Colombia...) ou do Norte de África. Ademais dos despidos, que teñen unha especial incidencia en Galicia, este traslado tamén afecta aos datos dos usuarios a estes países. En Agosto de 2006 as operadoras de telefonía instalaran ou emprenderan o traslado dos seus servizos de Atención ao Cliente do seguinte xeito<sup>1</sup>:

<sup>1</sup> Axencia Española de Protección de Datos:  
<https://www.agpd.es/index.php?idSeccion=547>

Operadora	Destino
Telefónica de España	Marrocos, Arxentina, Perú e Colombia
Wanadoo - Uni2 - Orange	México
Movistar	Uruguai, Arxentina
Amena - Orange	México - Chile
Vodafone	Arxentina
Jazztel	Arxentina - Perú e Colombia

Os principais obxectivos que se perseguen coa deslocalización son os seguintes: optimización e adecuación dos custes relacionados coa xestión, en función das necesidades reais; tomar vantaxe dun mercado laboral máis amplo e menos restrictivo; eliminación de riscos por obsolescencia tecnolóxica e concentración na propia actividade da organización.

Evidentemente, a cuestión subxacente ao debate é a falta de información, non só sobre a mesma existencia destas transferencias, senón sobre as súas posibles consecuencias.

## 2. Definición do problema:

A característica principal é que á Atención ao Cliente é un servizo do que non se pode prescindir. Pódese escoller entre gamas de produtos, pero o consumo é practicamente obrigatorio no mundo actual onde a telefonía en todas as súas pólas (fixa, móbil e Internet) se revela coma un apéndice máis do ser humano.

No sector referirémonos aos seguintes produtos: venda, facturación, información, tramitación de incidencias, soporte informático e de ADSL, alerta e reparación de averías, servizos de socorro, altas e baixas. Non se pode esquecer que este sector traballa cunha ferramenta esencial, os datos persoais dos clientes, o seu historial de chamadas e consumo ademais dun amplo coñecemento da atención persoal. No caso de Galiza este traslado vólvese máis grave, xa que o traslado a outros

países limita o dereito dos cidadáns galegos a seren atendidos na súa propia lingua.

2005	Galicia
Vivendas con algún tipo de ordenador	439.579,00
Vivendas que dispoñen de acceso a Internet	241.831,00
Vivendas con conexión de Banda Ancha (ADSL, RDSI, Rede de cable)	158.464,00
Vivendas con teléfono fixo	815.942,00
Vivendas con teléfono móbil	710.624,00

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

Tanto as empresas coma os usuarios teñen definida a súa valoración dos datos e a súa protección mentres que en moitos casos esa valoración noutros países é negativa.

Concretamente e para centrar o problema, a definición operativa deste fenómeno vén dada pola Instrucción 1/2000<sup>2</sup> da Axencia Española de Protección de Datos, que considera Transferencia Internacional de Datos, “*Toda transmisión dos mesmos fóra do territorio español. En particular, considéranse como tales as que constitúan unha cesión ou comunicación de datos e as que teñan por obxecto a realización dun tratamento de datos por conta do responsable do ficheiro.*” Así, estaríamos ante unha transmisión internacional de datos cando se produza un traslado de datos por calquera medio de transmisión, sempre que o país de orixe e de destino sexan distintos

<sup>2</sup> A Lei Orgánica de Protección de Datos non o define expresamente.

### 3. Lexislación relacionada:

#### 3.1 Lexislación Española:

A Constitución Española prevé no seu artigo 18.4 que “A Lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”, o cal foi desenvolvido - pola previsión dos artigos 81.1 e 53.1 - polas normas posteriores sobre a materia, encabezadas a nivel europeo pola Directiva 95/46CE, e nacional pola Ley Orgánica 15/1999.

#### A Lei Orgánica de Protección de Datos:

A Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Nadal de Protección de Datos de Carácter Persoal ten por obxecto garantir e protexer, no que concerne ao tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente da súa honra, intimidade e privacidade persoal e familiar.

No seu título V, nos seus artigos 33 e 34, establece o rexime ao que haberán de someterse os movementos internacionais de datos, establecendo que as transferencias internacionais de datos efectuadas dende España están sometidas, en principio, á previa autorización do Director da Axencia. Ademais, exclúe determinados supostos do requisito de sometemento a autorización previa<sup>3</sup>.

Porén, as transferencias internacionais de datos de carácter persoal regúlanse tamén pola Instrución 1/2000, de 1 de Nadal, dictada pola Axencia, respecto das normas polas que se rexen os Movimentos Internacionais de

Datos. Estas vense completadas polas Órdes de 2 de Febreiro de 1995 e de 31 de Xullo de 1998 do Ministerio do Interior, que relacionan os países cun nivel de seguridade equiparábel ao de España no tratamento destes datos (norma IV, sección II da Instrución 1/2000).

Esta Instrución ten por obxecto sinalar os criterios orientativos seguidos pola Axencia en relación cos tratamentos que supoñan unha transferencia internacional de datos, poñendo de manifesto o procedemento que, en uso das competencias que a Lei lle atribúe, segue a Axencia en cada caso concreto.

A nivel empresarial, o seu obxectivo principal é regular o tratamento de ficheiros, sexan informáticos ou non, que conteñen datos de carácter persoal, os dereitos dos cidadáns sobre eles e as obrigas daqueles que os crean. Segundo as normas, a Axencia Española de Protección de Datos permite a transferencia a terceiros países que garden un nivel de seguridade igual ou maior que o que rexe en España. Hai que ter en conta que aínda que o responsábel do ficheiro se atope perante un dos supostos de exclusión, iso non o exime do cumprimento do resto de obrigas establecidas na Lei e da suxección ao rexime xeral de comunicación de datos de carácter persoal. Se hai un incumprimento, ou falta a autorización do Director da Axencia estaremos perante unha falta moi grave que poderá ser sancionada. Pese ao elevadísimo importe das sancións, a maioría das empresas españolas norma.

#### A lei 32/2003 Lei Xeral de Telecomunicacións:

Pese ao proceso de liberalización esta lei segue a considerar os servizos de telefonía como *universais e públicos* e obriga as operadoras a garantir a protección dos datos dos usuarios. No seu artigo 34 reflicte que: “As operadoras deberán tomar as medidas técnicas e de xestión adecuadas para preservar a seguridade na explotación da súa rede ou na prestación dos seus servizos, coa fin de garantir os niveis de protección dos datos de carácter persoal que sexan exixidos polo desenvolvemento desta Lei nesta materia.

<sup>3</sup> Cando a transferencia resulte da aplicación de tratados ou convenios nos que sexa parte España. Cando a transferencia sexa necesaria para: prestar ou solicitar auxilio xudicial internacional, a prevención ou o diagnóstico médicos, a prestación de asistencia sanitaria ou tratamento médicos ou a xestión de servizos sanitarios, transferencias dinerarias conforme á lexislación específica, a execución dun contrato entre o afectado e o responsable do ficheiro ou para a adopción de medidas pre contractuais/ contractuais adoptadas a petición do afectado, para a salvagarda dun interese público, recoñecemento, exercicio ou defensa dun dereito nun proceso xudicial, a petición de persoa con interese lexítimo, dende un Rexistro Público. Tamén cando o afectado dese o seu consentimento inequívoco ou se se ten coma destino un Estado Membro de UE.

No caso de que exista un risco particular de violación da seguridade da rede pública de comunicacións electrónicas, a operadora que explote devandita rede e preste o servizo de comunicacións electrónicas, informará os abonados sobre o mencionado risco e as medidas a adoptar.”

### **3.2 A lexislación comunitaria:**

Hai que ter en conta ademáis a normativa imposta pola Directiva 95/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de Outono de 1995, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos onde se di que:

*“Con arranxo á Directiva 95/46/CE, os Estados membros disporán que a transferencia a un terceiro país de datos persoais unicamente poida efectuarse cando o terceiro país do que se trate garanta un nivel de protección de datos adecuado e as disposicións de Dereito nacional dos Estados membros, adoptadas con arranxo aos demais preceptos da presente Directiva, se cumplan con anterioridade á transferencia”*

Ademáis, o apartado 2 do artigo 26 da Directiva establece que “os Estados membros poderán autorizar, con suxección a determinadas garantías, unha transferencia ou unha serie de transferencias de datos persoais a terceiros países que non garantan un nivel de protección adoitado. Devanditas garantías poderán derivarse, en particular, de cláusulas contractuais apropiadas”

É interesante mencionar a Decisión (2002/16/CE) relativa ás cláusulas contractuais tipo para a transferencia de datos persoais aos encargados do tratamento establecidos en terceiros países, de conformidade coa Directiva 95/46/CE. A nota máis importante é a mención que: “A Comisión Europea considerará asimesmo no futuro se as cláusulas contractuais tipo remitidas polas organizacións empresariais ou outras partes interesadas, referidas ás transferencias de datos destinadas aos encargados do tratamento establecidos en terceiros países que non ofrecen un

nivel adecuado de protección, ofrecen garantías adecuadas de conformidade co apartado 2 do artigo 26 da Directiva 95/46/CE”, o que establece o papel da Comisión no proceso.

Este texto continúa por establecer potestades de control e suspensión no caso de riscos graves inminentes que causen efectos negativos nas garantías e obrigacións de prestar a protección adoitada ao interesado. Tamén hai condicións para o tratamento de datos por parte do importador conformes á lexislación correspondente no destino.

### **3.3 O exemplo doutras comunidades autónomas:**

Outras Comunidades teñen cadansúa axencia e rexistro de protección de datos:

A Axencia de Protección de Datos da Comunidade de Madrid<sup>4</sup> ten coma finalidade garantir e protexer os dereitos fundamentais das persoas físicas respecto á honra e intimidade familiar e personal, no relativo ao tratamento dos seus datos persoais.

A Axencia Catalana de Protección de Datos<sup>5</sup> ten, respecto do seu eido de actuación, as competencias de rexistro, control, inspección, sanción e resolución, e tamén a adopción de propostas e instrucións.

A Axencia Basca de Protección de Datos<sup>6</sup> ten a consideración de autoridade de control, e a lei garántelle plena independencia e obxectividade no exercicio do seu cometido. Este ente vela polo cumprimento da lexislación sobre protección de datos e controla a súa aplicación, en especial no relativo aos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación.

### **4. Os dereitos dos usuarios:**

O dereito protexe un ben material ou inmaterial. En tanto que ben, a protección de datos pode ser definida coma un *ben de crenza* (credencial good), xa que presenta a particularidade de non ser practicamente verificada antes,

<sup>4</sup> <http://www.madrid.org>

<sup>5</sup> <http://www.apdcat.net>

<sup>6</sup> <http://www.avpd.euskadi.net>

durante ou despois da adquisición, neste caso do alta nun servizo de telefonía. A decisión depende sempre doutros factores.

Así a protección dos datos parte da tradicional protección internacional que se lle dá á dignidade e á intimidade da persoa e que se recolle nas diversas declaracións de dereitos. Habería que mencionar o artigo 12 da Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948), o artigo 17 do Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos de Nova York (1966) e o artigo 8 do Convenio Europeo para a protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais (1950) que protexen, cun texto practicamente idéntico, o dereito de toda persoa a non ser obxecto de inxerencias arbitrarias ou ilegais na súa vida privada, a súa familia, o seu domicilio, ou a súa correspondencia. Máis tarde, respondendo ao desenvolvemento das novas tecnoloxías, o artigo 8 da carta de dereitos fundamentais da Unión Europea fai unha mención máis exacta que xa reproducimos na introdución. Ademais, como xa se viu anteriormente, estes dereitos están recollidos na lexislación española.

Porén, os mecanismos habituales de verificación da protección efectiva dos datos son inútiles. Por exemplo, nunha conversación normal entre un teleoperador (ubicado nunha sé nacional ou extranxeira) e un usuario, non se lle facilita a ubicación do centro de recepción de chamadas, nen canta información posúe sobre o cliente o axente telefónico.

A desinformación neste senso é completa; dadas as crenzas asociadas aos servizos de Atención ao Cliente de telefonía, os usuarios percíbenos coma dados, universais, públicos e nacionais. Se o teleoperador ten un acento diferente, asúmese que é un traballador extranxeiro, e non que se trasladou o servizo (e os datos dos clientes).

Ademais, esta transferencia indiscriminada de datos dos clientes das operadoras de telefonía, polas súas propias características, contradi o artigo 8 da Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948) referente ao dereito a un *recurso efectivo* ante os tribunais

nacionais competentes contra actos que vulneren dereitos fundamentais. Nalgúns dos países de destino non existe lexislación (nen xurisprudencia nen costume) no eido da protección de datos. Igualmente, están recoñecidos internacionalmente como países onde non existen as debidas garantías xurídicas para ningún tipo de procedemento. O recurso ante os tribunais nacionais (españóis) contra a operadora española que deslocalice tampouco semella efectivo do punto de vista da determinación de responsabilidades. Daquela, poderíase concluir que estas transferencias no seu estado actual valeiran de senso a protección de datos.

### **5. Os riscos<sup>7</sup>:**

Ademais sería interesante mencionar a opinión nas súas *Recomendacións de Viaxe* do Ministerio de Asuntos Exteriores sobre a seguridade cidadá (utilizándoa coma proxi da seguridade dos datos) nos países aos que as operadoras de telefonía se trasladaron. Escollemos Colombia por ser o máis recente:

*“A suma de delincuencia común, guerrilla e narcotráfico, ademais dos grupos paramilitares, definen un especial clima de violencia e inseguridade. Así, Colombia ten das máis altas taxas de homicidios do mundo, así como de secuestrados, mesmo nalgún caso afectando a turistas. (...)*

*As zonas rurais do país son moi perigosas, coma norma xeral. Son moito máis seguras as grandes cidades e os centros turísticos, onde pode haber pequenos incidentes de roubos e asaltos, pero onde son máis raros os delitos maiores. (...) Practicamente o resto do país, Bogotá e as capitais de Departamento son normalmente máis seguras que as zonas rurais. Non obstante, en Bogotá e noutras grandes cidades houbo varios atentados terroristas contra obxectivos de diversa índole (edificios oficiais e cuarteis militares, sistema de transporte público “Transmilenio”, clubes exclusivos, zonas comerciais, etc.) “*

<sup>7</sup> [www.mae.es](http://www.mae.es)

Destacar a recomendación recollida en “Outras” : *“Ás veces hai persoas que se fan pasar por supostos policías, solicitando do turista a exhibición de documentación o de cartos con excusas que poden parecer razoables e que resultan finalmente en roubo”*

## **6. A mobilización en Galiza**

### **6.1 A mobilización dos Traballadores do telemarketing:**

O despido de 700 traballadores na cidade da Coruña no verán de 2006 por parte da operadora de telefonía Jazztel, e a redución de postos en Atento España (filial de Telefónica e cunha sé tamén na Coruña) compartían causa. Ambas operadoras de telefonía optaban por pechar os seus servizos de Atención ao Cliente en territorio español (e galego) e abrir novas plataformas en Latinoamérica.

A Coordinadora Unitaria de Traballadores do Telemarketing nace coa idea de denunciar a indefensión dos traballadores e dos usuarios do sector respecto da deslocalización masiva dos servizos de Atención ao Cliente por parte das operadoras de telefonía maioritarias; tal e como reflicte o seu lema: *“En contra da deslocalización das empresas de telemarketing e pola protección dos datos dos seus clientes.”*

As mobilizacións levadas a cabo este verán puxeron de manifesto a situación perante os medios, a opinión pública e as autoridades. En resumo, foron varias concentracións temáticas (unha cacerolada, unha maletada..) na praza de María Pita na Coruña, que chegaron a reunir máis de 250 persoas entre traballadores dos diversos *call center* galegos e clientes solidarizados. Estas concentracións tiveron unha repercusión diversa nos medios tradicionais e dixitais, destacando unha portada na Voz de Galicia e varios artigos e entrevistas nas seccións de Local e Economía. Asimesmo, outros medios como Televisión de Galicia, COPE, SER, Radio Coruña, El Correo Gallego, El Ideal Gallego, Cinco Días, xornal.com, Kaos en la Red e La Opinión de A Coruña amosaron diversos graos de interese.

A última concentración foi a de maior repercusión. O acto simbólico do enterro do telemarketing tivo lugar coincidindo coas festas na ensenada de Riazaor, e foi transmitido en directo pola TVG, chamando así a atención de grande parte da cidadanía.

### **6.2 A resposta recibida:**

Aparte da acollida nos medios o conflito en Galicia pola deslocalización do telemarketing tivo diversas respostas dende os actores implicados.

As xestións do Alcalde da Coruña conduciron a unha resposta por parte de Jazztel onde reconece os motivos económicos do seu traslado a Arxentina. A conselleira de Traballo da Xunta de Galicia recrimina duramente esta actitude por parte de Jazztel.

Outras autoridades públicas achegáronse á Coordinadora. É de destacar a xestión da CIG para facilitar una entrevista co parlamentar do BNG Fernando Blanco Parga, de quen partiu unha iniciativa non de lei presentada recentemente no Parlamento Galego. Hai que destacar que o Parlamento Galego, cámara de resonancia da opinión pública do país, aprobou por unanimidade esta proposta en contra da deslocalización das operadoras de telefonía e en prol da protección dos datos dos seus clientes.

Tamén se iniciaron contactos dos traballadores co representante do BNG no Senado e en Setembro houbo unha entrevista da Coordinadora coa Consellería de Industria na que se propuxeron varias accións.

Os sindicatos, renuentes ao principio, participaron nas mobilizacións e nas reunións coa salvedade de CC.OO. A CIG puxo á disposición dos traballadores bastantes medios, intermediou como se menciona máis arriba e indagou acerca da protección de datos na plataforma arxentina de Jazztel con resultados pouco esperanzadores. CGT e UGT tamén aportaron o seu grao de area ás concentracións e á información dos traballadores e clientes. Porén, as relacións sindicatos-Coordinadora atravesan actualmente un impasse.

## 7. Conclusións

A cuestión da protección de datos transferidos internacionalmente está moi relacionada co debate entre liberalización e regulación, mesmo a escala internacional, debate que se crispa cando se tocan bens públicos e sociais ou cando afecta dereitos universalmente recoñecidos coma neste caso. A globalización facilita que as empresas busquen novas ubicacións trastornando e “contornando” a lexislación dos estados.

En Galicia, o proceso de deslocalización das operadoras de telefonía é de tanto máis evidente por canto se vive pola banda dos traballadores e a dos usuarios. A finais de 2006 salta aos medios un novo caso de deslocalización (e despidos) de operadoras de telefonía acontecido na Galiza. Como se recolle na edición do día 13 de Nadal de xornal.com *“Empregados de Orange e ONO concentráronse nas cidades de Lugo e Vigo para denunciar a deslocalización destas empresas en Galicia para países con “mán de obra máis barata” que suporá a perda de “entre 400 e 650” postos de traballo na comunidade galega, segundo informa El Progreso.*

*Lucía Varela, a presidenta do Comité de Empresa de Sykes en Lugo, que traballa para Orange e ONO, alertou de que nesta delegación os postos que están en perigo son 120 dunha plantilla de 250, mentres que en Vigo son 250 dun total de 300. ”*

Además, as operadoras de telefonía reivindicaron a eficiencia do mercado como mecanismo regulador, esperando que a lóxica do mercado internalice os riscos concernentes á protección de datos transferidos internacionalmente, xa que estes se supoñen mínimos ou inexistentes. Porén, unha observación por proxies coma a que fixemos a través das Recomendacións de Viaxe do Ministerio de Asuntos Exteriores, anque tamén se podería a través dos informes risco-país do ICEX ou de respecto dos dereitos humanos de Amnistía Internacional, revela algúns destinos da transferencia de datos como arriscados e deixa ás suposicións das operadoras coma infundadas.

De feito, estas compañías fixeron importantes inversións en I+D que non se verán recompensadas se non se liberaliza o mercado. Seguindo con estes argumentos, a liberalización implicaría unha espectacular redución de custos para a operadora ao ser a man de obra moito máis barata nos países de destino, o que redundaría en melloras visíbeis através do número de consultas atendidas. Pero non só cae a calidade, dado que a igualdade de idioma non implica homoxeneidade cultural, senón que tamén se vulnera o dereito do usuario galego a ser atendido na súa lingua mentres que non se lle ofrece unha protección adoitada dos seus datos.

O cliente da operadora de telefonía (e practicamente todo o mundo é cliente dunha operadora, sexa fixa, móbil ou internet) ignora quen o atende, onde están os seus datos e cales posúe a operadora sobre él. A grande maioría dos usuarios dos Servizos de Atención ao Cliente non saben que as súas operadoras os atenden dende outros países e ademais descoñecen as consecuencias que isto podería ter sobre os datos transferidos internacionalmente.

Podemos definir este mercado dende unha perspectiva de monopolio obrigado, xa que os servizos de telefonía son imprescindibles na sociedade actual e implican datos como enderezo, conta bancaria, rexistro de llamadas, ... de aí a necesidade dunha regulación máis exhaustiva e dun nivel máis alto de control sobre a deslocalización dos servizos de Atención ao Cliente das operadoras de Telefonía. A elección do usuario, baseada na defensa do seu dereito á dignidade, á intimidade e á protección dos seus datos, (onde quere que estén os seus datos, quen o atenda e como...), para ser eficiente, precisa de moita máis información e de melloras.

A estratexia de publicidade da Axencia Española de Protección de Datos, órgano defensor dos datos dos cidadáns españois, é a súa páxina web. Ningún internauta medio realiza visitas frecuentes a esta website, o que contradi as intencións da AEPD. O papel

actual da axencia e de mero intermediador entre as empresas que queren deslocalizar (e non só son as operadoras de telefonía) e a Comisión Europea. Facendo unha comparación superficial entre os limitados medios dos que dispón e o alto número de aprobacións reflectidas na devandita web, é imposible que estea a facer un control realmente exhaustivo das transferencias internacionais de datos, coma amosaron as vendas fraudulentas da plataforma arxentina de Jazztel denunciadas en Xuño de 2006.

Para rematar, definir este oco lexislativo coma:

O risco de violación dos dereitos de dignidade, intimidade e protección de datos

A vulneración do dereito a un recurso efectivo se esta violación se produce nun dos países de destino

A negación do dereito dos cidadáns galegos a seren atendidos na súa propia lingua.

Así resultan encomiábeis as iniciativas en resposta aos ocios lexislativos, coma a creación das Axencias de Protección de Datos en Cataluña, Euskadi e Madrid ou as mobilizacións en Galiza en contra da deslocalización que ecoaron en todos os eidos afectados: político, laboral, sindical, comercial, prensa, clientes...

Coma nota a rodapé, reflectir que a mobilización e as denuncias xudiciais dos cidadáns do Reino Unido acadaron a volta de varios call center dende a India.

## REFERENCIAS:

**Food Retailing, Quality Signals and the Customer Defence.** Walter Belik. Roseli R. dos Santos. Raúl Green. World Food and Agribusiness Symposium of the International Food and Agribusiness Management Association, IAMA, Sidney, Australia, 2001.

**La décision publique face aux risques.** La documentation française. Rapport du séminaire "Risques" animé par Michel Matheu Ministère de l'Écologie et du Développement Durable (France)

**Economía Internacional: Globalización e Integración Regional.** 6ª Edición. Juan Tugores Ques. Mc Graw Hill 2003.

**Economía de la Información.** José María Usategui. Universidad del País Vasco. Servicios editorial. Zarauz. 2000

**Curso de Teoría Microeconómica.** D. Kreps. Mc Graw Hill 1994

**Notas de Prensa** da Coordinadora Unitaria de Traballadores do Telemarketing.

**Artigos de prensa** dos seguintes medios: La Voz de Galicia, Televisión de Galicia, COPE, SER, Radio Coruña, El Correo Gallego, El Ideal Gallego, Cinco Días, xornal.com, Kaos en la Red e La Opinión de A Coruña entre outros.

**As infraestructuras de telecomunicación no escenario actual e algúns desafíos para Galicia.** Domingo Docampo. Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions. ETS Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

## WEBSITES:

<http://www.deslocalizacion.com>

<http://www.informese.tk>

<http://www.ine.es>

<http://www.apdcat.net>

<http://www.avpd.euskadi.net>

<http://www.madrid.org>

<http://www.mae.es>

<http://www.agpd.es>

<http://www.galizacig.com>

SCADPLUS- Unión Europea en Línea



**Leis**



## Propostas de Leis

MpDC

O MpdC ten constatado na súa actividade que existen dous problemas reiterados e fundamentais no relativo á defensa dos dereitos e liberdades, a falta de dilixencia na xestión de información das administracións e os abusos policiais e extralimitacións que fican en moitos casos impunes.

A ausencia de resposta é común por parte das administracións ante as consultas, peticións de información ou queixas efectuadas por persoas individuais ou por asociacións coma a nosa. Iso, apesar de que os principios constitucionais e estatutarios establecen a necesidade de que nun Estado democrático de Dereito a Administración pública sexa transparente, algo que tamén está recollido no Dereito Europeo. Do MpdC partimos de que hoxe en día pode afirmarse que a Administración ao servizo dos cidadáns debe ter como regra o acceso á información administrativa, xustificándose só a reserva en aras da protección de determinados fins públicos ou de dereitos de terceiros previstos polas leis.

Na sociedade da información e cos adiantos tecnolóxicos propios dela parece cada vez máis doado que os cidadáns poidan acceder a información en mans dos poderes públicos e esta información é a base imprescindíbel para promover unha participación responsable. Neste sentido o dereito ao acceso á información ten dúas vertentes. Por unha banda, o dereito de acceso de calquera cidadán á información en calquera tipo de soporte que obre en poder dos poderes públicos. Por outra, a obriga dos poderes públicos de

manter unha política activa de información e publicación da información da que dispón.

Por iso o MpdC presentou unha proposta de **Lei de Acceso á Información en poder das Administracións**. Ten por obxecto regular o dereito de acceso á información de que dispoñen os poderes públicos de Galicia, o procedemento e as garantías, así como as obrigas de información da Administración. Garantiría que os cidadáns e cidadás galegas puidesen acceder, tanto individual como colectivamente a toda clase de información e expedientes en poder da Administración, sempre salvagardando o dereito á intimidade, a averiguación de delitos e as medidas de seguridade.

Ante o segundo problema, os abusos policiais, o MpdC tamén presentou un proxecto de Lei para crear a **Axencia Galega de Boas Prácticas Policiais**. Este organismo tería como obxectivo progresar na transparencia da actividade dos poderes públicos nunha materia especialmente sensíbel aos efectos dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas: as prácticas da Policía Autonómica e das Polícías Locais da Comunidade Autónoma de Galicia. Está inspirado nun organismo existente no Reino Unido, a Comisión Independente para o Tratamento das Reclamacións contra a Policía, que comezou a funcionar o 1 de Abril de 2004 como organismo público completamente independente da policía, grupos de poder e partidos políticos, e cuxas decisións sobre os casos están libres da influencia gubernativa.

A comisión ten un deber legal de supervisar a totalidade do sistema de reclamacións poli-

ciais, o cal foi creado pola Lei de Reforma Policial de 2002. O seu obxectivo é transformar o modo en que as denuncias sobre a policía son manexadas.

A Axencia Galega de Boas Prácticas Policiais interviría especialmente nos incidentes máis graves, aqueles en que se ven involucradas mortes ou serios danos. Tamén se incluírían como alegacións graves as denuncias de corrupción grave ou organizada, denuncias contra oficiais veteranos, denuncias sobre

racismo ou denuncias sobre alteracións do curso da xustiza.

Como é obvio, ningún dos dous proxectos supón a solución inmediata nen definitiva destas situacións, pero a súa aprobación permitiría avanzar nun camiño en que debemos ir progresando por meio da organización e da mobilización social en defensa dos nosos dereitos, que tamén nos exige adoptar propostas ofensivas e en positivo.

**Destacados**



# Operación Castiñeira: A Guardia Civil contra o independentismo galego revolucionario

CEIVAR

**1º:** No día 14 do mês de Novembro de 2005, 10 jovens, militantes e/ou (ex-)vinculad@s à **Assembleia da Mocidade Independentista (A.M.I.)**, fôrom detid@s polo *Grupo de Información de la Guardia Civil* da zona da Corunha, baixo a vaga acusaçom principal de conformarem umha **associaçom ilícita**, após o juiz do *Juzgado Central de Instrucción número 1*, Santiago Pedraz, conceder autorizaçom à G.C.

Fôrom assaltadas as suas **casas e postos de traballo**, num **dispositivo desenvolto nas principais cidades do país (Compostela, Lugo, Vigo, Ourense)**, durante o qual tamém fôrom saqueados, por extensom, **centros sociais nacionalistas** dessas localidades. O registo policial dalgum local social realizou-se sem presenza de advogad@, facto que nom ajudou a que as pessoas e colectivos utentes das sedes soubessem se em cada momento se estavam a respeitar os seus direitos.

A substraçom, por parte da *Guardia Civil*, de objectos pessoais d@s detid@s, tais como CDs de música, livros, jóias, apontamentos de aulas, cartons sanitários e mesmo importantes somas de cartos, poderia inclusive, segundo algunhas opinions, quase chegar a qualificar-se de “roubo”, por serem pertenças, a todas luzes, inúteis como provas para nengumha investigaçom jurídica e policial. Aliás, dos domicílios levárom propiedades pertencentes a outr@s moradores; mesmo de carros que eram de familiares de amigas dos detidos, a *Guardia Civil* confiscou objectos pessoais, sem nengum contido político.

**Este ataque policial estendeu-se tamém, polo tanto, a pessoas alheas a qualquer processo judicial: as famílias e contorno social d@s encausad@s, assi como a meios de comunicaçom alternativos (2 webs independentistas fôrom sabotados).**

## **2º:ESPECTÁCULO MEDIÁTICO DA MONTAGEM POLICIAL:**

Desde o primeiro momento, **os meios de comunicaçom espanhóis, fulcrais criadores de opiniom social, jogárom um papel criminalizador das pessoas encausadas, exercendo a funçom de acusaçom fiscal pública;** desinformando, julgando com antelaçom, directamente e sem provas, e intoxicando a opiniom pública, vulnerando o direito fundamental, constitucionalmente reconhecido polo Estado, à presunçom de inocência. @s independentistas detid@s fôrom alvo dumha campanha de criminalizaçom por causa de terem umha ideologia política aprioristicamente tratada polos meios de massas com vistas à sua estigmatizaçom social.

Entanto que violadores e maltratadores sentenciados só vem aparecer as suas siglas nos jornais, @s encausad@s nom vírom protegidos os seus dados pessoais nem a constitucionalmente proclamada **presunçom de inocência**, sendo directa e gratuitamente relacionad@s con delitos relativos a *terrorismo*.

## **3º: DETENÇONS POLÍTICAS:**

Que essas acusaçons eran infundadas, e destinadas a un linchamento político-social das pessoas detidas, demonstra-o o facto de que,

post@s a disposição judicial no tribunal de excepção *Audiencia Nacional* de Madrid, a 16 de Novembro de 2005, o juiz Santiago Pedraz decretou a liberdade imediata de todas, dado que non lhe fôrom apresentados mais motivos/provas que os de conteúdo claramente político.

#### **4º: DETENÇONS EXTRAJUDICIAIS:**

No dia **21 de Novembro de 2005**, a detida M. B. F. foi novamente levada pola *Guardia Civil* em Ourense, sem que nengum poder judicial desse tal ordem (detençom governativa, ou por decisom da G.C.). Igualmente, **a dia 29 de Dezembro de 2005, um novo mozo (o detido nº 11)** era tamém capturado pola *Guardia Civil* em Ourense, sem que nengum juiz decretasse a sua detençom (o pai do rapaz foi tamém conduzido ao quartel para declarar). O mesmo aconteceu nessa cidade **a dia 31 de Maio de 2006 (co detido nº 12)**.

A imprensa vinculara tamém à “*Operación Castiñeira*” a detençom dum outro independentista, B.L.T., no Inverno de 2006, a consequência dumha açom contra a simbologia fascista.

Polo pouco que publicamente se tem sabido do chamado “*processo contra a A.M.I.*” em todos estes meses, podemos e devemos denunciar **O PAPEL DA GUARDIA CIVIL, O VERDADEIRO AGENTE INSTRUTOR DO PROCESSO, independente de qualquer controlo judicial**, empreendedora de iniciativas repressivas por conta própria: incoaçom do processo, detençons nom decretadas, confiscaçom de cartos e pertenças de pessoas e colectivos nom encausados, apresentaçom de material político público (colantes, bandeiras, vozeiros, etc.) como presuntas provas de inexistentes factos delitivos; tratamento d@s detid@s, durante a estância nos calabouços, qualificável de tortura psicológica, etc., etc.

A *Guardia Civil* está tentando, de facto, estabelecer um vínculo entre a prática da violência independentista na Galiza e organizaçons ou pessoas cuja actividade é pública e reconhecida, com vistas a conseguir que a instruçom judicial do processo seja seguidora dos seus

postulados. Solicitou a instâncias judiciais que a chamada “*causa contra a A.M.I.*” fosse unida ao sumário que @s pres@s independentistas galeg@s tenhem na *Audiencia Nacional* espanhola, ao qual o próprio juiz se negou por entender que nom há motivo para vencilhar @s moç@s imputados na “*Operación Castiñeira*” com supostas comissoes de factos de violência política.

#### **5º: AS IRREGULARIDADES DO PROCESSO JUDICIAL DESDE O INÍCIO:**

Desde a inibiçom (só conhecida graças à imprensa) do *Juzgado Central n.1* da *Audiencia Nacional* de Madrid, a 18 de Novembro de 2005, em favor dum tribunal ordinário, o titular do **Julgado de Instruçom nº 2 de Compostela (F. J. M. P.)** estivo a conduzir a causa dumha maneira que, nos seus aspectos formais, poderia ser vista como arbitrária, incumprindo em aparência continuamente os procedimentos legais: as suas decisons nom se notificavam nem às pessoas afectadas nem aos seus advogados; a prórroga indefinida do secreto sumarial (medida juridicamente excepcional, polo tempo transcorrido), sem justificar nem notificar formalmente, provoca que ainda nom conheçamos com exactitude as acusaçons nem o estado da causa; no último ano, a negativa do **Julgado de Instruçom nº 2 de Compostela** a recolher no seu dia as solicitudes apresentadas pola defesa d@s acusad@s, inclusive as de designaçom de advogado, **VULNEROU FLAGRANTEMENTE O PRINCÍPIO DEMOCRÁTICO DO DIREITO À LEGÍTIMA DEFESA (art. 24.1 da “Constitución Española”** que os ditos poderes judiciais dim defender).

O novo traslado do processo, a 23 de Janeiro de 2006, da Galiza para a *Audiencia Nacional* espanhola (em VÁRIOS de cujos Julgados existe **um nº ainda indeterminado de causas abertas, baixo segredo, contra o M.L.N.G.**), nom foi comunicada à parte afectada de modo regular. Aliás, o juiz M. P. tentara inibir-se em favor dum julgado de Madrid (Central núm.3, Teresa Palacios) diferente àquel que lhe traspassara o processo a el próprio (Central núm.1,



Santiago Pedraz); àquel de que emanaram as ordens de detenção de 14 de Novembro.

A *Audiencia Nacional* devolveu-lhe o caso, castigando outras inexactitudes formais que, a maiores, o magistrado compostelano estava a cometer. Sucede-se umha nova tentativa de inibição por parte do senhor juiz M. P.; mas, mais umha vez, o Central 3 da A.N. rejeita-a, o qual provocou que, a 29 de Março de 2006, este juiz comunicara que nom descartaria, num futuro, enviar a causa ao Tribunal Supremo, para se aclarar a questom competencial.

Do organismo anti-repressivo independentista **CEIVAR**, manifestamos já há bem meses o nosso temor sobre a possibilidade real de que, entanto nom se dirimisse que tribunal é o competente para enjuizar @s compañeir@s, estivessem a **ser processad@s simultaneamente polo tribunal político espanhol A.N. e polo compostelano de Instrução nº2, o qual, sendo o que durante maior tempo estivo manejando a causa, semelha que sementou a sua instrução de actos processais formalmente desafortunados em tempo e forma, demonstrando dita instrução que o titular do Julgado nº 2 compostelano, conhecido de há anos pola sua beligerância em multitude de processos contra independentistas, nom parece ter sido totalmente coidadoso nas formas a respeito da “causa contra a A.M.I.”, cuja instrução deveria de ser anulada, segundo algunhas opinions.**

É de destacar tamém a acossa e seguimento policial nom só à militância encausada, senom ao seu contorno político-social mais cercano. De Março a Novembro de 2006, meia dúzia das pessoas detidas na “Operación Castiñeira” fôrom contactadas polo guarda instrutor xefe da operação, para, sob a escusa de lhes ir devolver, por própria iniciativa, os efectivos confiscados dos registos domiciliários, travar entrevistas pessoais co(a)s moç@s e tentar submetê-l@s a interrogatórios sub-reptícios. Aliás, as intervenções telefónicas som notórias num dado número de cidadá(n)s que fai suspeitar que **boa parte do**

**seguimento nom se atopa sob controlo judicial, mas da Guardia Civil em exclusiva, evidenciando-se de novo que nom nos encontramos num suposto Estado de Direito, mas num estado policial que vai em aumento.**

## **6: A DECISOM POLÍTICA FINAL DO TRIBUNAL SUPREMO ESPANHOL:**

Num auto de 26 de Outubro de 2006,quase um ano despois de iniciada a operación policial, é quando o **Tribunal Supremo espanhol decide adjudicar a causa ao Juzgado Central 3 da Audiencia Nacional (Teresa Palacios), e unificá-la a um outro processo que contra o M.L.N.G. já existia nesse Julgado.** Determinaçon que, novamente, @s imputad@s conocêrom antes pola imprensa do que polas notificaçons judiciais, demonstrando-se assi, por umha banda, que **a causa parece ser secreta simplemente para as pessoas imputadas, mas nom para os meios de comunicaçon;** pola outra, que o que parecen ser **filtraçons policiais à imprensa están destinadas a criar um infundado alarme social que despois justifique futuras intervençons repressivas** contra as pessoas a quem os meios apontam como alvo.

O facto de o T.S. estar nessa altura a analizar o recurso de cassaçom interposto contra a sentença da A.N. que considerara Jarrai, Haika e Segi asociacións ilícitas, recurso que visava a qualificaçon destes colectivos como organizaçons de tipo *terrorista* (petiçon finalmente concedida polo T.S. há uns dias), bem pudo influenciar (estabelecendo umha analogía formal a umha escala muitíssimo menor) a visom desse mesmo tribunal sobre o sector do Independentismo galego encausado, à hora de determinar que este nom devia ser julgado por um tribunal ordinário ou provincial, mas polo tribunal de excepçon conhecido como *Audiencia Nacional*.

Sumando-se à **actual tendência de unificaçon e acumulaçom de casos judiciais relacionados co mesmo movimento político (M.L.N.G.),** mais algum Julgado galego, contando tamém no seu haver com casos contra militantes independentistas, vinha tentando sumar a sua

causa à que há já aberta por associação ilícita, sem êxito. Conhecida a resolução do Supremo declarando competente Madrid para enjuizar a militância galega, está actualmente a tentar inibir-se de dita causa também em favor de Madrid, assi mesmo sem êxito, por enquanto. De frutificar esta última tentativa, o resultado seria um macroprocesso contra o M.L.N.G. na Espanha ao qual, no sucessivo, é de temer que se poderiam unir facilmente todas as diligências abertas a raiz do que a Justiça oficial denomina “delitos de danos”.

### **7º: DENÚNCIA DA VULNERAÇÃO DE DIREITOS E CHAMAMENTO CIVIL À SOLIDARIEDADE:**

► A acusação colectiva de associação ilícita, só sustentada na instrução que a *Guardia Civil* fai do caso, e que evidencia um seguimento policial exaustivo d@s independentistas represaliad@s, prévio a qualquer causa jurídica, vulnera direitos e liberdades fundamentais, como som: o direito de associação (art. 22 da C.E.) e de participação política e a liberdade de expressom, juntança, opiniom ou difusom de ideas (art. 16, 20 e 21 da C.E.); todos eles reconhecidos e amparados pola “*Declaración Universal de Derechos Humanos*”, o “*Pacto Internacional de Derechos Cívicos e Políticos*” e a própria “*Constitución Española*”.

As acusações de associação ilícita introduzem um preocupante regime de responsabilidade colectiva, com diferença ao que é norma nos sistemas penais dos que se supom serem Estados democráticos de Direito, isto é: a responsabilidade individual por actos próprios.

► Disto derivam-se, portanto, riscos evidentes para o emprego de tais acusações contra a dissensom política. O CONTEXTO GLOBAL em que se enquadra a policial *Operación Castiñeira* é o dum grave recorte geral das liberdades fundamentais neste Estado nos últimos tempos, materializado numha tentativa efectiva de coarctar a auto-organização dos sectores populares mais combativos (nomeadamente, a juventude).

Do Independentismo, estamos a comprovar que a repressom nom vai ver mermado o seu

fio nesta proclamada *legislatura do diálogo* de que falava Touriño ao aceder à presidência da Junta da Galiza. Justo ao contrário. **A vaga repressiva desenvolta durante o governo do PSOE nom tivo paragon na história recente do M.L.N.G.**

► Actualmente, por parte do contorno social d@s encausad@s, quere-se fazer um chamamento geral à cidadania galega, focado à solidariedade e denúncia de todos estes ataques, entendendo que a luita polo respeito aos **direitos civis mínimos nom é algo exclusivo d@s afectad@s**, de quem estão a ver vulneradas as suas liberdades. Defende-se que toda a sociedade se vê potencialmente afectada neste ataque às **garantias fundamentais da cidadania**. Parece-nos particularmente importante a posta em marcha de campanhas de **reivindicação de que nengumha pessoa pode ser julgada previamente, por preconceitos ideológicos** que levem a instruções judiciais irregulares e à vulneração de direitos fundamentais.

### **8º: CONTEXTO POLÍTICO. ESCALADA NO DESENHO REPRESSIVO:**

Pola nossa parte, do Independentismo constatamos un **considerável salto qualitativo nas dinâmicas repressivas** activadas polos poderes públicos nos últimos meses, especialmente polas *Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado*; **ultrapassou-se o contexto de repressom política (-policial) de baixa intensidade**, que até há pouco se exercia contra o nosso Movimento (condenas menores, arrestos penitenciários, detenções esporádicas, sanções económicas, etc.), para chegar a umha **tentativa efectiva de decapitação (e até liquidação) dos sectores mais combativos do M.L.N.G.**, tratando de reduzir o movimento a estratégias puramente autodefensivas, desviando-o do trabalho de construção e implantação, tratando de sementar inibição e *marcando* o M.L.N.G. para dificultar a sua introdução na sociedade.

► Parece evidente que os poderes públicos nom desconsideram em absoluto esta realidade da existência dum M.L.N.G. resistente e

com potencialidade de combatividade, destinando recursos inéditos ao esforço por coarctar a dissidência galega mais incisiva. É a primeira vez na história do chamado “período democrático” espanhol que os poderes repressivos desencadeiam um processo de ilegalização dumha agrupação política galega, involucrando o tribunal político excepcional *Audiencia Nacional*; recurso que nem fora praticado em anteriores períodos da história do Independentismo revolucionário, caracterizados por umha violência defensiva de intensidade muito maior.

Neste senso, valoramos que a **motivação principal da *Operación Castiñeira*, cujo alcance, a dia de hoje, ainda sob segredo mais dum**

**ano depois, só conhecemos ainda na sua materialização pública (detenções e assaltos domiciliários de Novembro, Dezembro de 2005 e Maio de 2006), foi a recolhida de informação acerca do Independentismo revolucionário galego.**

Sabemos com certeza que esta acossa política e policial nom fijo mais que começar, que novos agentes e argumentos se sumarám progressivamente à mesma trás a reforma estatutária, e que os passos que o movimento consiga ir dando nesta conjuntura vam ser respondidos com maiores cotas de repressom informativa, policial, judicial e inclusive penitenciária.



## Protección de datos vs fraude electoral

Begoña Ares

*Licenciada en Dereito*

Concelleiros do BNG de Ares durante a campaña electoral das Eleccións Municipais de 2003 detectaron que moitos dos cidadáns e cidadás censados neste concello non residían realmente alí, e que os enderezos que constaban como domicilios só se atopaban galpóns, cobertos, ou casas desocupadas. Dábase ademais a casualidade de que varios destes censados irregulares eran parentes de concelleiros e membros da lista do PP nese concello, ou ben os falsos domicilios eran propiedade súa ou dalgún outro familiar. Se ben o censo serviu de confirmación, só veu servir de proba dunhas prácticas que se sospeitaban desde hacía tempo e que eran de dominio público e comentario xeneralizado.

Ao decatarse de tamaña irregularidade, presentaron unha denuncia diante da Xunta Electoral para que examinase o censo, e procedese a eliminar os censados en fraude de lei. Co obxecto, de aportar probas a esta acusación, fixeron un listado cos casos máis flagrantes onde facilitaban os nomes, enderezos ficticios e as condicións reais do inmóbel e os parentesco ou relación directa existente cos representantes do PP no concello. Este listado non foi difundido, senón que o seu único uso foi presentalo diante da xunta electoral.

Sen embargo, lonxe de ver as súas demandas atendidas, atopouse acusado de vulnerar a Lei Orgánica de Protección de Datos, de cuxa vixilancia se encarga a Axencia Española de Protección de Datos. Neste sentido a AEPD emitiu un dictame polo que recomendama a imposición dunha sanción grave aos acusados por ter confeccionado unha base de datos que

non contaba coas garantías oportunas, como o consentemento dos incluídos, a posibilitación de acceso e cancelación, a legalización da base,... e por ter recollido esos datos ilegalmente dado que consideran que foran recabados exclusivamente do censo electoral, fonte que non se considera de acceso público.

Este organismo fixo ouvidos xordos das alegacións e explicacións facilitadas polos denunciados. Os argumentos máis destacados apuntaban a que ao representante de cada candidatura se lle facilita unha copia do censo electoral para ser utilizada para os fins previstos na LOREX, entre os cales se atopa o dereito de presentar reclamacións sobre os datos censais dirixidas ás delegacións provinciais da oficina do censo electoral. Ademais consideraban que habería que ter en conta que a suposta vulneración non era tal, primeiro porque o acceso ao censo lle estaba permitido neses termos, e segundo porque o resto dos datos incluídos, eran de coñecemento público, e de acceso xeneralizado.

Así pois, as opcións que se lle dan a estes compañeiros é que presentasen a denuncia sen aportar ningunha proba que o demostrase, co cal o máis seguro é que fora desestimada, que seguran permitindo a comisión destas irregularidades ou ben que denuncien estas accións ilegais pero asumindo como consecuencia o seu propio procesamento.

Desde o Movemento polos Dereitos Cívís consideramos que todas aquelas persoas que interveñen e participan no proceso electoral, teñen a responsabilidade e o deber de velar pola transparencia, corrección e garantías

democráticas do mesmo, e que en casos deste tipo debe priorizarse o cumprimento

dunha misión de interés público xeral, á protección de datos de carácter individual de persoas concretas.

# Reflexions





## Reflexión sobre o caso do gaiteiro Gert Genisser

Alejandro Martín López  
Avogado

Recoñezo que non foi ata o día no que o Movemento polos Dereitos Civís puxo ao meu dispor os antecedentes do caso de Gert Genisser cando souben del. A cousa non tería importancia, de non ser porque cando busquei polo gaiteiro no *Google* recibín un feixe de entradas con informacións dos seus encontros coas autoridades policiais e xudiciais de Compostela, con algún titular tan rechamante que me fixo poñer en cuestión, por feble de máis, o meu grao de atención sobre o que pasa.

Entre outras cousas lin que o alemán, no medio dun xuízo no que o acusaban de alterar a orde pública por tocar a gaita onde lle petaba e *sen permiso*, levantara o cu do banco e saíra pola porta da sala deixando cun palmo de narices ao xuíz, ao fiscal e aos avogados, a comezar polo del. Para alguén que, coma min, anda nos estrados e co espírito xa afeito ás formas do sistema, pouca cousa concibo tan transgresora coma ese “aí quedades, pintados coas togas”, que supoño pensou o músico. *O gaiteiro rebelde desafía o Xuíz*, foi un dos titulares do seguinte día. Se o maxistrado fose Gómez Bermúdez dáballo un berro que se mexaba nos pantalóns, pero aquí non chegamos a tanto. Aínda.

Non é preciso sermos especialistas en Hobbes para explicarmos nin para comprendermos que se cada un de nós tocase música no lugar que máis lle suxire ou chantase a súa butaca no medio da avenida a entreterse nos encrucillados do xornal, o espazo público desaparecería como tal e non habería instrumentos, mesas nin cadeiras porque acabaríamos a

bater con elas uns nas costas dos outros. Mais esta non é a cuestión. Que para sermos máis libres hai que ser algo menos libres é un paradoxo certo. Pero entre isto e que se teña por lexítima a actuación coactiva e intimidatoria contra un cidadán por parte das forzas da orde pública, con detención incluída; que sopra no seu instrumento musical nunha vía de uso público sen alterar este uso nin o libre tránsito dos demais; que mesmo enriquece os paseantes cunha melodía e que non é obxecto de queixa por ninguén; entre aquilo e isto, en fin, media un bo treito.

Gert Genisser, músico ambulante, chegou a Santiago no outono de 2006. Se o seu compatriota de Hamelin convocaba canda el ratos e ratas agochados na vila ao son da frauta, nos días de Genisser en Compostela todo foi soar a gaita e apareceren axentes de policía. Un día e outro. Segundo figura na denuncia que presentou o 31 de outubro de 2006 no Xulgado de Garda, xa no día que chegou a Compostela, o 22 de outubro, axentes da Policía Local, logo de inquirirlle para que non tocase a gaita por non ter *autorización*, levárono detido á Comisaría e mantivérono retido, sen causa, por espazo de dúas horas; na tarde do día seguinte introducírono nun coche policial e conducírono fóra da cidade –¿lembra as primeiras escenas da película norteamericana *O Acurralado?*– co amigable convite de non regresar baixo concepto ningún; e aos dous días provocaron con el un forcexeo ao tratar de sacarlle a gaita pola forza. Ata aquí. Genisser tomou o seu e marchou, non sen antes pasar polo Xulgado.

No caso de Genisser conflúen, postos en cuestión, un certo número de preceptos constitucionais referidos todos aos dereitos fundamentais da persoa. En primeiro lugar, o artigo 17, que recoñece o **dereito fundamental á liberdade persoal**, do que a primeira manifestación a conforma o dereito á liberdade ambulatoria, á liberdade de utilizarmos o dominio público viario, de desprazármonos polo territorio, de detérmonos fronte a un monumento ou deitármonos na herba. A seguir, o artigo 20, que recoñece e garante a **libre expresión mediante calquera medio de reprodución e o dereito á produción artística**; o artigo 25, que impide que **ninguén sexa condenado por accións ou omisións que no momento de producirse non constitúan delito, falta ou infracción administrativa segundo a lexislación vixente** nese momento, e que **prohibe a imposición pola Administración de sancións que directa ou subsidiariamente impliquen privación de liberdade**. É oportuno mencionarmos a concluír o artigo 21, que recoñece o **dereito fundamental de reunión pacífica**, coa previsión específica de que o seu exercicio “non necesita autorización previa” e que cando se produza en lugares de tránsito público, abondará a simple “comunicación previa” á autoridade. O corolario deste catálogo é a afirmación constitucional (artigos 53.1 e 81.1) de que a regulación do exercicio dos dereitos fundamentais unicamente será posible por medio de Lei Orgánica que, baixo sanción de inconstitucionalidade, deberá respectar sempre o seu contido esencial. Destes vimbios tiramos algunhas conclusións:

1º.- Na orixe do trato recibido por Gert Genniser, que obxectivamente comportou unha actuación coactiva por forzas públicas, está unha ordenanza municipal do Concello de Santiago, por sermos precisos a que regula a *tráfico rodado e a ocupación das vías públicas* na cidade, que se ocupa, canto á segunda metade do seu nome, da ordenación das instalacións que restrinxen o uso do dominio público viario como os quioscos de prensa, as cabinas telefónicas, as terrazas ou escenarios.

Nesta ordenanza deslízase unha mención ás actuacións musicais na rúa, que condiciona á súa posibilidade mediante obtención dunha “previa autorización” do Concello. O incumprimento desta obriga nin sequera está especialmente tipificado na Ordenanza como infracción, de xeito que, de constituír algunha, sería por defecto unha mera infracción leve penada con sanción de multa de ata noventa euros.

O artigo 25.1 da Constitución garante que ningún sexa sancionado por actos ou omisións que, ao se produciren, non sexan delitos ou infraccións tipificados na “*lexislación*” vixente. A precisión é substancial por canto as ordenanzas municipais son actos administrativos sen valor de lei ningún, e non están incluídas na denominación “*lexislación*” que expresamente utiliza o precepto aludido. Porque isto é así, e porque o afirmou o Tribunal Constitucional, as ordenanzas municipais poderán establecer as infraccións e sancións que lles pareza, pero unicamente serán válidas en termos constitucionais cando esa tipificación apareza autorizada ou recollida na “*Lei reguladora de cada materia*”.

Admitindo que as Leis que regulan as materias en conflito serían –por equivalencia coa denominación da ordenanza– a Lei de Tráfico e Seguridade Vial e –por correspondencia co fondo do comportamento dos órganos da Administración compostelá– a Lei Orgánica de Seguridade Cidadá, a primeira conclusión é que en ningunha delas atopamos a necesaria cobertura legal para que as Administracións Locais sancionen quen toque un instrumento na rúa sen obter previa autorización, moito menos se non consta a existencia dun prexuízo específico para os dereitos dos demais usuarios da vía ou para os bens ou o interese público.

2º.- Unha interpretación dos dereitos fundamentais que sexa integradora do conxunto que conforman, que é a única posible ademais, deseguido evidencia un paradoxo que invalida a *limine* o réxime que a ordenanza do Concello dispensa ao caso de Genisser.

Estou certo de que os *Cen Mil Gaiteiros de San Luís*, que nos últimos lustros encheron cada catro anos a Praza do Obradoiro, non necesitaron autorización do Concello, o mesmo que non a necesitan as charangas do entroido, e son dous casos de *actuacións musicais* na rúa –no nome, mais non no concepto– que ademais inciden no espazo público, ao restrinxir o seu uso polos demais cidadáns.

E así é por que o artigo 21 da Constitución, que garante o dereito de reunión pacífica, na súa liña segunda establece que ***no caso de reunións en lugares de tránsito público e manifestacións darase comunicación previa á autoridade, que só as poderá prohibir cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública, con perigo para persoas ou bens.***

Mil gaiteiros nunha praza son expresión do exercicio do dereito fundamental de reunión en lugar público ou manifestación, na cal os partícipes no canto de berraren consignas, tocan un instrumento.

O exercicio dos dereitos fundamentais non se autoriza. E por tan elemental motivo resúltanos abondo difícil o entendemento de que un intérprete precise autorización da Administración para tocar na rúa e que se son cincocentos unicamente deban comunicalo sen estaren suxeitos a autorización. **Xa que logo, o máis que se lle podería esixir ao músico é a mera comunicación ao Concello**, criterio este mantido polo Defensor do Pobo a raíz das diversas queixas que lle dirixiu a este respecto o Movemento polos Dereitos Cívicos.

Segunda conclusión: a cobertura xurídica que en orixe *impulsa* a actuación contra Genisser ten un máis que discutible encaixe no ordenamento.

3º.- Admitamos como mera hipótese discursiva que o que acabamos de dicir non é tal e que a cobertura que serve ao Concello para imporlle autorización previa a un músico na rúa, e para o sancionar noutro caso, é válida en termos constitucionais.

Con isto podemos ilustrar a manifesta e grave ilegalidade da actuación coactiva que a Policía

Local utilizou sobre o músico, que chegou a ser detido e levado a dependencias policiais nas que permaneceu máis de dúas horas.

Se os cidadáns non cumpren unha obrigaación administrativa que lles sexa esixible – non solicitar unha licenza de obras, como exemplo-, ou realizan un acto tipificado como infracción administrativa –guiar o seu automóbil a 150 km/h por unha autovía- os órganos da Administración, en exercicio da súa potestade de policía, porán en marcha o procedemento administrativo establecido en cada caso para producir unha sanción válida en dereito, que será sempre revisable polos tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

Se o artigo 25.3 da Constitución prohibe en termos taxativos que a Administración Civil imponha sanción que poida supoñer, directa ou indirectamente, privación de liberdade, nunca caberá medida ningunha, nin no curso do procedemento nin en momento anterior, que incida sobre a liberdade individual do cidadán.

Cando os axentes da Policía se achegan a Genniser saben que a única responsabilidade en que este pode estar incurso –sempre que logo dun procedemento se declare por resolución firme- é a dunha falta administrativa leve, por carecer de autorización administrativa para tocar, e que a súa sanción sería unha multa de máis ou menos pequena contía. Malia iso, na vez de limitarse a informalo diso e notificarlle no seu caso un boletín de denuncia, introdúceno nun coche para conducilo detido a Comisaría e no día seguinte para levá-lo fora da cidade.

Para a forza pública sempre queda o recurso ao argumento de que a detención a motivou un comportamento resistente á autoridade e desobediente das súas ordes, non a ausencia de autorización administrativa. Así debeu ser porque, como referín ao comezar, Genisser acabou na bancada por unha falta contra a orde pública. Pero ademais de recorrente, trátase dun argumento falaz e ilexítimo. Que dereitos estaban en conflito cando se lle ordena o músico que deixe de tocar? Acaso un *dereito á legalidade administrativa* entendido

ao revés do que significa? Que resolución administrativa impuña na súa execución a intervención da forza pública sobre a liberdade do gaitero? Ningunha. Cal era a agresión aos intereses públicos e aos dereitos de terceiros que se trataba de impedir? Ningunha. Que alteración da orde impuña a adopción de medidas de forza sobre o músico? Ningunha.

A actuación da Policía Local de Santiago en relación co alemán Gert Genisser produciuse

con grave vulneración dos seus dereitos fundamentais, entre eles o dereito á liberdade individual e o dereito á liberdade de expresión. A pretendida aplicación da ordenanza municipal canto á esixencia de autorización previa para calquera que toque un instrumento musical na rúa, e as sancións que teñan o seu apoio nesa obriga, non é conciliable co dereito fundamental á legalidade penal e mesmo cos dereitos fundamentais citados neste parágrafo.

## Dereito de Autodeterminación: un dereito democrático irrenunciábel

Braulio Amaro Caamaño  
*Bases Democráticas Galegas*

A Constitución española admite un suxeito de autodeterminación, que é España, á vez que establece no Título VIII a capacidade de autoafirmación de nacionalidades e rexións. **O fondo da cuestión é que o suxeito obxecto da soberanía é España no seu conxunto**, residindo esta soberanía no denominado pobo español. É dicir, négase con rotundidade que rexións ou nacionalidades poidan exercer a autodeterminación, é dicir, négase a posibilidade de declarar novos Estados independentes. A Constitución de 1978 no seu artigo 2 reflicte claramente a idea dunha única nación, ficando relegadas e subordinadas as nacionalidades e rexións a esta única nación, afirmándose con rotundidade que a Constitución se fundamenta na indisolúbel unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois e españolas, recoñecendo e garantindo o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran.

O problema reside en determinar nidiamente, en definir cal é o suxeito político e o ámbito de decisión. É o pobo galego e Galiza? Ou é como pretenden os autonomistas, os reformistas e os españolistas o pobo español e a chamada España?

### **A legalidade da autodeterminación**

O dereito á autodeterminación está recollido, nen máis nen menos, que nos seguintes textos xurídico-políticos internacionais:

- No artigo 1.2. da Carta Fundacional da Organización das Nacións Unidas (1945).
- Na Declaración das Nacións Unidas sobre a concesión da independencia aos países e

- Pobos coloniais (Resolución 1514 (XV) da Asemblea Xeral, 1960).
- nos Pactos Internacionais de Dereitos Cívicos e Políticos e de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (1966).
- Na resolución 2625 (XXV) da Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas (1970).
- Na acta final do Tratado de Helsinki (1975).
- Na Carta de Arxel (1976).
- No Comentario Xeral nº 12 do Comité de Dereitos Humanos da Organización das Nacións Unidas, en referencia ao artigo 1 do Pacto Internacional de Dereitos Cívicos e Políticos (21ª sesión, A/39/40, 1984).
- Na Carta Africana dos Dereitos Humanos e dos Dereitos dos Pobos.
- Na Carta da Organización das Nacións e os Pobos Non Representados (1991).
- Na Declaración Universal dos Dereitos dos Pobos (2001).

Por moito que unha insistente campaña mediática nos faga asociar a Autodeterminación cunha proposta anacrónica e fóra de lugar no mundo do século XXI, son os seus fanáticos detractores quen se sitúan fóra da historia, os que non lembran os novos Estados nados nos inicios do século XX, como Noruega, Irlanda ou Finlandia, as descolonizacións da segunda metade da centuria, ou o novo mapa das nacións surtido a inicios da década dos 90 en Europa Central e Oriental ou aínda o caso de Timor Lorosae, por non falar de Quebec. Seica non se aplicou o dereito de autodeterminación no caso da extinta URSS?, que si recoñecía este dereito na súa constitución.

Semella que o proceso de autodeterminación en Europa rematou cando os intereses imperialistas franco-alemáns-ianquis foron satisfeitos ( antiga URSS, Iugoslavia, Croacia, Kosovo, Chequia, Eslovaquia,.....) e que as diversas nacións sen estado actuais non poden exercer o seu lexítimo dereito á autodeterminación.

### **A teoría da auga salgada**

Un dos argumentos máis utilizados para negar o dereito á autodeterminación no contexto político internacional, baséase na denominada, cunha grande dose de retransca, “teoría da auga salgada” – a autodeterminación só é aplicable a ex-colonias separadas da metrópoli por grandes océanos e a cor da pel-. Este argumento foi utilizado abundantemente nos debates constitucionais dos anos 70 e volve rexurdir con insospetada forza nos tempos actuais, ou como se plantea actualmente que o recoñecemento deste dereito podería reclamarse á dictadura franquista mais non ao “Estado democrático” actual, o Estado das Autonomías.

### **Qué significa o exercicio do dereito de autodeterminación?**

O exercicio do dereito á autodeterminación implica: o establecemento dun Estado soberano e independente, a libre asociación ou a integración cun Estado independente ou a emerxencia dentro de calquera outro status político libremente determinado por un pobo. En calquera caso a autodeterminación é previa a calquer proceso.

A Autodeterminación é o proceso político polo cal o conxunto dun Pobo decide, con plena potestade e sen calesquera inxerencias externas, o seu destino: a súa relación co resto de nacións, o seu modelo político e económico, o papel da súa lingua e cultura. Galiza é un Pobo, unha comunidade humana dotada de acusados trazos que a singularizan, é unha nación, colectivo en permanente construción e desexo constatado de ser e de plasmar a súa existencia en institucións propias.

O noso País non conseguiu aínda, por múltiples razóns, chegar a ese mínimo indispensá-

bel para toda nación que é a libre decisión do seu futuro. O mesmo marco institucional que intentou e intenta negar a súa existencia -ou, nalgún dos casos, desvirtuala até a deformación-, facéndoa un apéndice peculiar de España, negouse e négase en rotundo ao recoñecemento dun marco galego de decisión que poida cuestionar unha suposta patria única que veu dada por guerras e conquistas e sitúase por encima de persoas e dereitos.

### **A pretendida reforma estatutaria**

Un amplo consenso institucional e partidario quere facernos crer na salvación das reformas autonómicas. Os múltiples problemas estruturais que afectan Galiza –da precariedade laboral á crise demográfica, as deslocalizacións, pasando pola desaparición do idioma ou a emigración da xuventude- terían o seu atallo nunha reforma institucional dirixida polos partidos institucionais e avalada polo asentimento pasivo da inmensa maioría da nosa sociedade.

A reforma estatutaria, recen fracasada, non terá capacidade para marcar ningún punto de inflexión na nosa traxectoria colectiva. Toda refundación real do status político galego pasa polo debate libre e sen coacción da cuestión verdadeiramente central: a soberanía nacional. Calquera proposta de reforma que contemple só unha das saídas posibles ao debate soberanista –a autonomía- como punto de partida e horizonte infranqueábel é pura e simplemente un engano deshonesto. **Só cando nun verdadeiro proceso de autodeterminación nacional corran en pé de igualdade todas as propostas** –da independentista á unitarista, con todas as gamas intermedias- **para dar lugar a un proceso constituinte, poderemos falar de condicións mínimas de democracia para Galiza.**

### **Algunhas consideracións finais**

O devandito confirma unha intuición xa compartida por moitas persoas: asistimos a un debate de elites políticas blindado á participación, e que quere restrinxir artificialmente os límites do discutido para frustrar a posibilidade de mudanzas de fondo. A pesar do pánico

finxido da extrema dereita do PP, que axita as pantasma da reforma estatutaria para cohesionar as súas bases e preparar un novo asalto ao goberno do Estado, o **exercicio do dereito de autodeterminación queda excluído das reformas.**

Para que Galiza non quede absolutamente fóra de xogo nesta nova conxuntura, para posibilitar que dea un paso máis, por mínimo que sexa, no camiño ao recoñecemento dos seus dereitos colectivos, **cumpre actuar de xeito organizado.**

No noso País, unha minoría social moi desta-

cada, implicada nas máis variadas fronte de intervención, **ten sostido historicamente a existencia da autodeterminación galega, conectada sempre a proxectos de transformación social.** O traballo constante deste corpo organizado ao longo de décadas ten posibilitado a supervivencia do noso proxecto nacional. Cumpre pois reagrupar as forzas nun proxecto suprapartidario que desmonte punto por punto as falacias das reformas situando a autodeterminación como reivindicación inadiábel, que cuestione un modelo de Estado alicerzado na monarquía borbónica e denuncie sen ambages os ataques reiterados a os dereitos e liberdades que sofremos hoxendía.





## Vandalismo

Iván Fernández  
*Xornalista*

Comeza a ser unha frase feita: “Rematar co vandalismo”. Abonda con repetir esta consigna, xa desprovista de fondo real, para que unha institución xustifique o inxustificábel, a adopción de medidas represivas dos dereitos dos cidadáns. Políticos, responsábeis de organismos públicos... os poderosos, en resumo, coa necesidade de conseguir un determinado *feedback* no seu público, empregan este termo – vandalismo- de forma repetida, como se ao o faceren mil veces este se fose a converter nunha verdade aceptada e comprendida pola sociedade.

Sería preciso, antes de comezar, por definir o que a Real Academia Galega entende por vandalismo: sería o “comportamento destrutivo propio dos vándalos”. Un pasiño máis alá sería vermos que entenden por vándalo. Todos coñecemos ao que se refiren os cargos públicos, mais a realidade dista moito. Segundo a RAG, vándalo é unha “persoa que pola súa maldade ou ignorancia destrúe sen motivo todo o que atopa ao seu paso”.

Ao longo do 2006 puidemos constatar diversas actuacións negligentes e vulneradoras de todo dereito por parte das institucións ou dos seus representantes en función deste termo que xa temos definido. Non imos aquí citar unha por unha, mais si faremos un repaso daquelas máis importantes que tiveron cabida nos medios de comunicación.

Unha das que chama máis a atención foi a que dentro dunha operación capitaneada polas forzas e corpos de Seguridade do Estado para controlar o tráfico e o consumo de drogas nos centros de menores levou uns

axentes a deteren varios integrantes dun colectivo xuvenil en Monforte por estaren a entregar panfletos sobre a súa actividade nas portas dun instituto da localidade lucense.

A Policía Nacional sinala que procedeu á identificación dos mesmos ante a posibilidade de que os citados mozos puidesen estar a empregar o reparto de panfletos - dunha organización legal - para se achegaren aos alumnos, non causaren sospeitas e por teren intencións delitivas. Por este motivo foi polo que se lles solicitou a identificación e foron levados á comisaría, conclúen.

Mais este só é un caso dos moitos que aconteceron no ano 2006 en Galiza. Hai que recordar que o ex alcalde da Coruña, agora en misións estatais no Vaticano, Francisco Vázquez puxo en marcha a comezos de ano unha iniciativa asesorada por expertos para rematar co vandalismo na Coruña.

A iniciativa municipal consistía nunha estratexia de policialización dos núcleos urbanos, incremento da vixilancia e criminalización de fenómenos sociais así como a limitación clara da liberdade de prensa, contratando unha empresa privada para a retirada de cartaces, murais... Como non podía ser menos, o PPdeG protestou de forma clara por esta medida porque suporía un aumento moi alto do gasto para as arcas municipais, sen entrar a valorar o contido. O que importa é o diñeiro, non os dereitos vulnerados, semella ser a máxima dos *populares*. Resulta curioso que tanto PSdeG como PPdeG non se preocupen polas despesas que lles supón a súa teima por empregar o topónimo *La Coruña*, vulnerando

claramente sentenzas xudiciais que o prohiben; mais por contra si miran polo custo cero nesta ocasión.

Tanto socialistas como *populares* teñen claro que o imprescindible para se manteren no poder establecido pasa polo control dos dereitos da cidadanía, custe o que custar e pasando por cima de quen houber que pasar. Este caso acontecido na Coruña podería extrapolarse tamén á cidade de Vigo, onde a alcaldesa *popular* Corina Porro tamén valorizou a posibilidade de instalar cámaras de vídeo-vixilancia para controlar a cidade.

Os datos falan claro e tanto en Santiago como na Coruña, dúas cidades que optaron pola instalación de cámaras de vídeo-vixilancia, non se obtiveron os resultados esperados. Limitar de xeito tan claro o dereito das persoas destes núcleos que pasean ou realizan calquera actividade legal polas rúas non debe ser aceptado na procura dun menor índice de actuacións, como eles denominan, “vandálicas”.

Porque que se rompa algunha papeleira, que se faga algunha pintada en lugares prohibidos ou calesquer outros actos ilegais non é suficiente xustificación para colocar dispositivos de vídeo-vixilancia. As institucións públicas non poden facer ver á sociedade que estes feitos son os fundamentos para, día tras día, limitar de xeito claro os nosos dereitos.

No caso de optaren por pór cámaras, os repre-

sentantes da institución en cuestión deberían saír á palestra e indicaren que é unha medida de control da cidadanía, represiva e, sobre todo, que vulnera un dereito fundamental, mais que segundo a súa opinión é imprescindible para controlar algún estrago ocasionado no patrimonio público.

Porque máis vandálicas, atendendo ao seu significado, parecen as actuacións policiais que, en moitas ocasións, “destrúen sen motivo todo o que atopan ao seu paso”: manifestacións, concentracións, entrega de panfletos, cartaces, reunións, paseos “sospeitosos”. Aquí si que se podería denominar aos policías vándalos, atendendo ao significado que nos dá a RAG.

A respecto deste tema temos a concentración pro-palestiniana que se fixo coincidindo coa visita a Compostela dun ex ministro de Israel, e que rematou cunha carga policial brutal contra unha manifestación pacífica na defensa dos dereitos dun pobo. Ao mellor as institucións si terían que colocar cámaras, mais para controlaren os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.

Un outro caso fóra de Galiza, mais recollido en todos os medios de comunicación, foi a tortura dun cidadán guatemalteco por parte dun policía local de Alacante. Unha pregunta para rematar: como definirían os representantes de organismos públicos estas actitudes? Vandálicas?

**Articulado**



## Art. 10. Dereitos das persoas

# Análise do cumprimento do artigo 10 por parte das Forzas e Corpos de Seguridade

MpDC

No Título Primeiro da Constitución de 1978, chamado “Dos Dereitos e deberes fundamentais”, encádrase o artigo 10. Este artigo, no seu apartado primeiro, recolle que son fundamento da orde política e da paz social: “a dignidade da persoa, os dereitos inviolábeis que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, e o respecto á Lei e aos dereitos dos demais”. No seu apartado segundo di que “as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución reconece interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os Tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados polo Estado español”, remarcando por partida dobre a declaración de intencións de comprometerse co respecto dos dereitos recoñecidos ás persoas.

Ás Forzas e Corpos de Seguridade, dependentes do poder executivo en todos os seus niveis administrativos, aínda que non só a elas, encárgaselles velar pola salvagarda dos dereitos recoñecidos na Constitución. Así na Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, concretamente no seu artigo 5 recóllese que son principios básicos de actuación dos membros das Forzas e Corpos de Seguridade os seguintes:

### 1. Adecuación ao ordenamento xurídico, especialmente:

a) Exercer a súa función con absoluto respecto á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico.

b) Actuar, no cumprimento das súas funcións, con absoluta neutralidade política e imparcialidade e, en consecuencia, sen discriminación ningunha por razón de raza, relixión ou opinión.

c) Actuar con integridade e dignidade. En particular, deberán absterse de todo acto de corrupción e oporse a el resoltamente.

d) Suxeitarse na súa actuación profesional aos principios de xerarquía e subordinación. En ningún caso a obediencia debida poderá amparar ordes que entrañen a execución de actos que manifestamente constitúan delito ou sexan contrarios á Constitución ou ás leis.

e) Colaborar coa Administración de Xustiza e auxiliála nos termos establecidos na lei.

### 2. Relacións coa comunidade. Nomeadamente:

a) Impedir, no exercicio da súa actuación profesional, calquera práctica abusiva, arbitraria ou discriminatoria que entrañe violencia física ou moral.

b) Observar en todo momento un trato correcto e esmerado nas súas relacións cos cidadáns, aos que procurarán auxiliar e protexer, sempre que as circunstancias o aconsellen ou foran requiridos para iso. En todas as súas intervencións, proporcionarán información cumprida e tan ampla como sexa posíbel, sobre as causas e finalidades destas.

c) No exercicio das súas funcións deberán actuar coa decisión necesaria, e sen demora cando diso dependa evitar un dano grave, inmediato e irreparábel, rexéndose ao facelo polos principios de congruencia, oportunidade

e proporcionalidade na utilización dos medios ao seu alcance.

d) Soamente deberán utilizar as armas nas situacións en que exista un risco racionalmente grave para a súa vida, a súa integridade física ou as de terceiras persoas, ou naquelas circunstancias que poidan supor un grave risco para a seguridade cidadá e de conformidade cos principios a que se refire o apartado anterior.

### **3. Tratamento de detidos, especialmente:**

a) Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade deberán identificarse debidamente como tales no momento de efectuar unha detención.

b) Velarán pola vida e integridade física das persoas ás que detiveran ou que se atopen baixo a súa custodia e respectarán o honra e a dignidade das persoas.

c) Darán cumprimento e observarán coa debida dilixencia os trámites, prazos e requisitos exixidos polos ordenamento xurídico, cando se proceda á detención dunha persoa.

6. Responsabilidade. Son responsábeis persoal e directamente polos actos que na súa actuación profesional levaran a cabo, infringindo ou vulnerando as normas legais, así como as regulamentarias que rexan a súa profesión e os principios enunciados anteriormente, sen prexuízo da responsabilidade patrimonial que poida corresponder ás Administracións Públicas por estas.

Sen embargo, todos e todas podemos comprobar a cotío que a letra destes artigos queda nunha simple declaración de intencións, e resultando inaplicábel, co cal o seu contido real fica en papel mollado, coa conseguinte desprotección e desamparo dos cidadáns e cidadás. Como proba irrefutábel desta afirmación podemos fornecer os múltiples casos que desde o Movemento polos Dereitos Civís tramitamos no ano 2006, e dos que destacamos os seguintes, dado que amosan de forma clara e plausíbel o desprezo que un grande número de policía dos diferentes corpos, funcionarios públicos e garantes teóricos do man-

temento da paz e a orde, senten cara á legalidade e os dereitos cívicos.

Imos comezar por un caso acontecido en Santiago de Compostela, onde despois das agresións acontecidas nun pub compostelán de ambiente gay, e no que aínda que o agresor foi detido e posto a disposición xudicial, cóntanos que os agredidos non contaron con información sobre como actuar para presentar denuncia, nin sobre que outras opcións tiñan, por parte da policía, a cooperación foi nula, impedindo deste xeito que un cidadán interpusese a denuncia que tiña todo o dereito a presentar. A Lei de Axuízamento Criminal establece como dereito e obriga de todos os cidadáns a interposición de denuncia cando se teña coñecemento ou se fose obxecto dun delito ou falta.

Caso semellante a este é o ocorrido a Diego Varela, que tras sufrir un roubo tentou poñer unha denuncia; desde o primeiro momento a axente que o atendeu foi total e absolutamente irrespectuosa, chegando incluso a rirse desa persoa que o único que pretendía era interpor unha denuncia tal e como é o seu dereito e obriga ao mesmo tempo. Esta actitude empeorou ao comentar que o presunto ladrón fora parella ocasional do denunciante, e tras ser retido na comisaría varias horas e sen que se lle permitise denunciar os feitos, solicita que se lle devolvese o documento de identidade que lle retiraran, e pregunta se pode acudir ao xulgado, e por indicacións expresas doutro policía diríxese nese mesmo momento ata o xulgado de garda, atopando as dependencias pechadas e debendo acudir novamente en horario laboral.

Tamén resulta claramente unha vulneración da legalidade vixente, a actitude da policía local de Monforte para cos militantes de Galiza Nova desa localidade. O primeiro incidente aconteceu cando un grupo de rapaces e rapazas desta organización estaban reparando un mural e víronse asaltados por unha parella de policía que pediron que se identificasen e como varios deles non tiñan enriba documentación acreditativa foron detidos e

levados á comisaría con ese fin. Pouco tempo despois, outros militantes de Galiza Nova estaban facendo un reparto de panfletos desta organización cando foron novamente abordados por policía que solicitaban a súa identificación. O máis curioso é que ante as nosas preguntas por estes feitos a Policía alegou estar actuando en cumprimento do Plan de Prevención Drogas no contorno dos centros educativos, dado que din é habitual que este tipo de actividades se disimulen baixo outras actividades. Hai que deixar claro que a lei só permite que a policía solicite a identificación dunha persoa cando exista unha sospeita fundada de que se está a cometer un delito ou que se pode chegar a cometer, ou dentro dos seus labores de indagación sobre un delito (artigo 20 da Lei Orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre Protección da Seguridade Cidadá). Está claro que repartindo panfletos e reparando un mural non se vulnera a paz ou seguridade cidadá, senón que pola contra se está exercendo unha serie de dereitos recoñecidos, como son o dereito de liberdade de expresión, circulación e asociación recoñecidos na mesma Constitución, que impón o respecto polos dereitos das persoas.

Outro caso destacábel é o que abrangue os sucesos vividos na cidade da Coruña durante as manifestacións estudiantís do ensino medio en contra da aprobación da Lei Orgánica de Educación. Nestes actos, totalmente legais, dado que contaban cos permisos pertinentes, rapaces e rapazas víronse rodeados e asediados desde o primeiro momento por numerosos policía que vixiaban cada un dos seus movementos, algúns deles equipados incluso con material antidisturbios. Este seguimento chegou ata o extremo de vérense interrogados por policía vestidos de paisano, que nin tan sequera chegaron a identificarse, cando un piquete informativo entra nun centro educativo para informar os estudantes sobre a folga convocada para ese mesmo día, e que ameazaron os manifestantes con “graves consecuencias” en caso de que non se disolveran. Os dereitos de folga e manifestación están tamén recoñecidos na Constitución, e deberí-

an ser respectados por parte da policía, moito máis cando son exercidos sen alterar a orde pública e cumprindo coas legalidades exixidas.

Queremos mencionar tamén o sucedido a un camareiro santiagués que, despois dunha discusión coa súa xefa sobre as súas condicións laborais, foi despedido sen máis. Logo, noutra conversa posterior coa súa ex-xefa, descubriu que un policía lle contara a esta que tiña ficheiro policial, e que foran eses antecedentes os que principalmente motivaron o seu despedimento. Esta actitude supón unha vulneración total e absoluta da lei e das obrigas policiais. En concreto, implica unha vulneración da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos e do dereito á intimidade e honor, supoñendo a vulneración destes dereitos un delito penado polo Código Penal, delito que se agrava ao ser cometido por un funcionario público, quen en teoría debe garantir o seu cumprimento.

Tamén consideramos desproporcionadas as agresións acontecidas durante a folga do metal na cidade de Vigo. Non pode utilizarse a agresión física como método normal e habitual de disolución daquelas protestas incómodas para a autoridade do momento. A carga policial, a represión das protestas mediante a violencia non é unha solución, sen embargo a propia policía ás veces parece provocar reaccións nos manifestantes para xustificar unha carga, ou incluso, sen conseguir estas, procede directamente a agredir a manifestantes pacíficos. Exemplo desa actuación totalmente arbitraria é o acontecido no Parlamento galego; todos coñecemos casos de manifestacións que ao rematar diante da sede do parlamento foron disoltas violentamente, podemos citar a protesta polo Prestige que levou chapapote ata as súas portas que rematou cunha desproporcionada carga policial contra os manifestantes. Sen embargo, outro caso totalmente oposto é o acontecido ante a protesta dos alcaldes do PP, que a pesar de invadir o mesmo hemiciclo da Cámara galega de representantes, foi disolta a base de rogos, súplicas e negociacións, pero en ningún

momento se produciu carga ningunha. Como explicar esta diferenza de criterio na actuación?

Así mesmo, consideramos que atenta contra a legalidade vixente o caso dunha cidadá veciña do concello de Teo, que despois dun accidente de tráfico do cal non era responsábel e no cal o condutor do outro vehículo implicado declarou ser parente do alcalde deste concello, viu como os axentes da garda civil que se desprazou ate o lugar da colisión cambiaron a súa versión no informe definitivo, atribuíndo a culpa do sucedido á condutora que se viu abordada. Ante este cambio de interpretación do sucedido, que contrariaba por completo as propias declaracións das testemuñas do suceso, solicitamos copia dos informes policiais, que xustificaron tal decisión, sen embargo, aínda a día de hoxe, un ano despois, non temos recibido contestación, co cal non só se vulnerou a lei cando se modificou un informe policial para favorecer a unha das partes, senón que non se permitiu o acceso dunha interesada directa a unha documentación que ten todo o dereito a coñecer.

Sen dúbida no referente á vulneración da lei e dereitos dos cidadáns e cidadás, non pode faltar unha referencia ás múltiples faltas, agresións e ilegalidades cometidas pola Policía Local de Santiago de Compostela. Algúns dos seus episodios xa foron relatados, sen embargo existen outros moitos; podemos citar brevemente as agresións reiteradas e o acoso a varios músicos de rúa, ou a manía persecutoria que parece sufrir respecto daquelas persoas que pegan cartaces en Santiago de Compostela, someténdoo a un continuo seguimento e abordándoo para proceder á súa identificación, destinando incluso axentes de paisano para este fin para supostamente sorprender os infames coladores de anuncios.

Ante estes dous exemplos, non podemos máis que preguntarnos se, de repente, no Código Penal que manexa a policía local compostelá se contempla como delito grave cantar na rúa e pegar cartaces nos espazos de comunicación pública, motivo polo cal deben vixiar estreitamente a todo aquel que circule pola vía pública con instrumentos sospeitosos de servir a estes fins ilícitos.

En todos estes casos desde o Movemento polos Dereitos Cívís, ademais de facermos denuncia pública dos diferentes asuntos, presentamos peticións ante os órganos xudiciais e administrativos correspondentes para que procedesen á investigación dos feitos relatados e, en función desa investigación, sancionasen os axentes involucrados nestes. Sen embargo curiosamente as investigacións nunca chegan a producirse, debido a que non se atopa nunca indicio ningún de ilegalidade na actuación policial, ou ben, de chegar a facerse a pertinente investigación, esta resulta manifestamente que se trata só dunha indagación de cara á galería, total e absolutamente ficticia, do tipo “comprobados os feitos relatados por vostede, chegamos á conclusión de que a actuación policial se ativo en todo punto á legalidade vixente, etc., etc.”. Ante estas contestacións, o MpDC solicita sempre coñecer que tipo de investigacións se realizaron e os informes que necesariamente se tiveron que redixir no caso de que tal expediente fose aberto, pero aínda a día de hoxe non temos recibido copia de informe ningún.

En conclusión, aqueles que a lei erixe en garantes da legalidade son os primeiros que a vulneran e utilizan a súa autoridade para conseguiren a impiedade dos seus actos aínda cando estes poidan ser tipificados de delitos, faltas ou infraccións.



## Art. 10. Dereitos das persoas

### A Coruña, golpear contra o que se mova

Xosé Emilio Vicente

*Xornalista*

José Ángel Brandariz

*Profesor de Dereito Penal na UDC*

#### 1. Un cambio de tendencia

Nos últimos anos estamos a asistir a múltiples cargas inxustificadas na cidade da Coruña, que foron a resposta común perante todo tipo de mobilizacións cidadás e que sempre foron abertamente apoiadas e respaldadas pola Delegación do Goberno e polo Concello da Coruña, ambas responsabilidade do Partido Socialista. Esta tendencia na cidade da Coruña supera amplamente a rexistrada na época do aznarismo, en teoría un terreo en principio máis propicio para o recorte de liberdades. Visto con perspectiva, cabe interpretar que unha das notas fundamentais do modelo de goberno da longa etapa do *vazquismo* foi a construción dunha imaxe de cidade modelo, non-conflictiva. En consecuencia, o concello do *vazquismo*, non sen intelixencia, preferiu empregar sempre fronte ás mobilizacións sociais o silenciamento, fronte a unha utilización da forza policial que, á marxe doutras consideracións, outorga visibilidade aos conflitos. Sexa como for, os actuais responsábeis de Subdelegación e Concello carecen non só da exixíbel sensibilidade democrática, senón tamén da intelixencia táctica da etapa *vazquista*.

O feito de ministrar Socioloxía na Universidade non impediu que a subdelegada aplicase as cargas policiais contra todo tipo de movementos sociais -que moi ben poderían ter sido estudados nas súas aulas- desde que tomou posesión do cargo; por outra banda, ser representante público do Estado non lle impediu por exemplo ironizar sobre a lexislación lingüística, xa que nunha entrevista co gallo da

súa inclusión na candidatura socialista na cidade herculina, afirmou entre risos que “cada uno debe decir el topónimo como quiera”.

En reiteradas ocasións distintos organismos e entidades teñen pedido explicacións e dimisións á Delegación do Goberno, ou mesmo investigacións sobre os procedementos e a proporcionalidade das actuacións, sen que haxa nengunha resposta. Especialmente preocupante é a actitude do presidente da Deputación da Coruña, que se ten manifestado reiteradamente favorábel a este tipo de resposta violenta perante os conflitos sociais.

Manifestantes nacionalistas, antimilitaristas, traballadores inmigrantes, bombeiros, siareiros de fútbol, funcionarios municipais, etc... sufriron unhas actuacións violentas da Policía Nacional ao mobilizarse na rúa de distintas formas, sen que as administracións intercedesen para solucionar os conflitos laborais, políticos ou sociais, que son o trasfondo real que explica a mobilización, e optaron pola criminalización e a utilización da forza policial de forma inxustificada e para casos nos que non estaba previsto.

#### 1.1 Breve historia do pasado máis recente

##### 1º de maio de 2006: contra os manifestantes da FAG

O 1º de maio de 2006 transcurría, no medio do silencio informativo, unha manifestación convocada pola Federación Anarquista Galega, xa con Javier Losada como alcalde da cidade. A carga acontecía no medio dunha

Rúa Real ateigada de xente, no centro da coruña e nun día non-laborábel. Unha carga que tivo moito de improvisación e concluíu coa reprimenda dos mandos policiais aos axentes que empregaron a forza, no medio da protesta dos manifestantes e de boa parte da cidadanía circundante, molesta polo emprego da violencia.

### **29 de agosto de 2006: contra os traballadores inmigrantes**

O 29 de agosto do 2006 a Policía Nacional, coa colaboración da Policía Local, organizou un dispositivo coa presenza de axentes de paisano, furgóns, motocicletas e automóbiles para pechar por completo a Rúa Rual, nunha hora na que estaba ateigada de xente, e detivo 16 persoas, todas elas inmigrantes, que cada noite despregaban diversas mercadorías na rúa, coa excusa de por fin á presunta venda de música pirateada; porén, a operación tamén incluíu os que vendían pezas de artesanía elaboradas por eles propios, e mesmo amigos que se atopaban nese lugar non momento das detencións. Para rematar, foi precisa a presenza de varias ambulancias para atender os feridos e varias persoas que simplemente paseaban polo lugar testemuñaron que chegaron a temer pola súa propia seguridade, e que mesmo recriminaron á policía a súa acción, con frases recollidas por diversos medios de comunicación como “só lles faltou entrar con tanques”.

O Movemento polos Dereitos Cívís dirixiuse o ano pasado á Delegación do Goberno en Galiza para solicitar o esclarecemento desta actuación claramente desproporcionada. Na resposta achegada pola Delegación do Goberno afirmábase que o modus operandi fora “axeitado”, pero en canto o MpDC solicitou unha copia dos informes solicitados ou das investigacións realizadas para comprobar se a actuación foi correcta, a nova petición foi remitida á subdelegación do Goberno en A Coruña sen que se remitise ningún informe escrito, polo que existen serias dúbidas sobre o feito de que se chegase a iniciar unha investigación interna.

### **13 de decembro de 2006: bombeiros da Coruña**

O 13 de decembro do 2006, cinco bombeiros resultaron feridos e outros dous detidos tras unha carga policial durante un acto para exixir a sinatura dun novo convenio laboral no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, despois de seis meses de conflito e protestas continuas da plantilla dos parques comarcais de Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Carballo, Ordes e Ribeira. Os feitos producíronse a primeira hora da mañá, cando medio cento de bombeiros acudiron á sé da Diputación da Coruña, onde se reunía a dirección do Consorcio para debater unha proposta laboral. Os feitos precipitáronse cando todos os bombeiros intentaron acceder ao rexistro, tras esperar sen éxito durante máis dunha hora que se lles permitise entregar un escrito de protesto polo atraso na aprobación do convenio colectivo.

A policía impediulles a entrada e cargou sobre eles utilizando a forza, resultando feridos cinco bombeiros e dous detidos.

O presidente do organismo público, Salvador Fernández Moreda, expresou ao término da reunión a súa «agradecimiento» á Policía Nacional. Moreda non só defendeu a actuación policial senón que condenou os agredidos, denunciando o «uso da violencia e da forza» por parte dos bombeiros, a quen acusou de «intentar entrar violentamente» na sé provincial, e mesmo formulou acusacións tan ridículas como que «algúns sabían que si se ía aprobar o convenio”.

De novo houbo diversas reaccións sociais e políticas que non influiron na Delegación do Goberno: os tres sindicatos representados no comité de empresa denunciaron a carga policial «ilegal, desorbitada e abusiva» e exixiron dimisións; o BNG preguntou no Congreso se o Goberno coñecía a “desmesurada actuación da policía”; o MpDC exixiu explicacións á Delegación do Goberno na Coruña.

### **28 de decembro de 2006: siareiros de Galiza**

O 28 de decembro de 2006 celebrábase na Coruña unha manifestación nacional da plata-

forma Siareir@s Galeg@s, para reclamar unhas seleccións deportivas propias, oficiais e estábeis, para Galiza, o mesmo día que se xogaba no Estadio de Riazor o Galiza-Ecuador.

O itinerario da manifestación, que partía desde o Campo da Leña até o estadio, foi modificado pola propia Delegación do Goberno, nunha proba de escaso raciocinio, de xeito que pasase ao carón da xigantesca bandeira española que fora colocada de novo no Orzán tan só hai uns días, despois de que un temporal a derrubase. Así as cousas, a marcha decorreu con total normalidade até que a Policía Municipal desviou os manifestantes desde a Praza de Pontevedra até o Paseo Marítimo, apesar de terse solicitado outro percorrido, e a marcha coincidiu coa bandeira, onde comezou a agresión policial.

Un grupo reducido de persoas intentou rubir polo mastil da bandeira española instalada na Coraza do Orzán para arriala, momento no cal varios axentes baixaron das furgonetas e batearon contra o conxunto de siareiros manifestantes e tamén contra toda a cidadanía que paseaba tranquilamente polo Paseo Marítimo a esa hora. Os axentes subiron as furgonetas á Coraza, e despois continuaron nestes vehículos por parte do paseo a unha grande velocidade, poñendo en risco a integridade das persoas que alí se encontraban. Coa intención de seguir dispersando os siareiros continuaron coas furgonetas até o edificio do Playa Club, e houbo xente que se tivo que arrimar ás paredes do edificio, nas proximidades da entrada á cafetería, para evitar seren alcanzados pola policía, que tamén disparou pelotas de goma. Un fotógrafo resultou alcanzado por unha porra da Policía Nacional, ademais dos feridos entre os protestantes. Como consecuencia da carga policial, non se puido pechar a manifestación coa lectura dun comunicado, e a mesma quedou disolta e dispersa.

### **1.2 Unha actuación con respaldo Institucional**

Dentro deste cúmulo de actuacións policiais desorbitadas, podemos advertir un énfase do Goberno en reprimir a mobilización social na

cidade da Coruña. Non se pode escapar á nosa análise que este tipo de protestos populares son frecuentes tamén noutros lugares da provincia da Coruña –nomeadamente no caso de Santiago de Compostela, polo feito de ser a capital da Comunidade Autónoma-, baixo o mando da mesma subdelegación, sen que se constate un *modus operandi* tan intenso e restritivo contra os dereitos fundamentais.

Por parte da Delegación do Goberno dáse un absoluto respaldo a estas actuacións, sen que se inicien nen sequer investigacións ou se recaben informes internos para examinar a proporcionalidade. O Concello da Coruña tamén colabora activamente, por medio da utilización da Policía Local como complemento ás forzas da Policía Nacional, sen que responsábeis policiais ou políticos cuestionasen en ningún dos casos mencionados o proceder.

### **2. Valoración xurídica do emprego da forza por parte de axentes policiais**

Seguramente un dos avances civilizatorios fundamentais da Modernidade ten sido a suxeición do emprego da violencia a regras xurídicas. Se ben un dos elementos básicos da formación do Estado moderno ten sido a radical distinción da violencia *lexítima* (a utilizada polo Estado, de acordo coas facultades coactivas que detenta, foren policiais ou bélicas) e da violencia *ilexítima* (en liña de principio, a empregada por calquer suxeito e axente social distinto do Estado, coa excepción dos diversos supostos normativamente previstos), isto non significa que o primeiro deses fenómenos non estexa disciplinado por regras xurídicas. Máis aínda, un dos desenvolvementos capitais da orde xurídica durante a segunda metade do s. XX foi o incipiente –e, dito sexa de paso, contradictorio- desenvolvemento dun *Dereito de Guerra*, que tenta suxeitar a regras xurídicas a violencia bélica. En consecuencia, tanto no ordenamento xurídico español como no dos outros estados, o uso da forza por parte de axentes estatais está suxeito a unha disciplina normativa e, xa que logo, pode xerar responsabilidades.

## **2.1.- A deficiencia conxénita das prácticas policiais no caso español**

Un dos postulados fundamentais á hora de avaliar xuridicamente o emprego da forza é que tal utilización só pode ser xustificada, isto é, admisible en Dereito, na medida en que for proporcionada, entendéndose por tal exigencia que se trate do uso da menor lesividade posible. Dito postulado da menor lesividade aparece expresamente previsto no art. 16.2 L.O. 1/1992, sobre *Protección de la Seguridad Ciudadana*, no que se refire a manifestacións e reunións.

Este criterio, verdadeiro avance civilizatorio no xeito de afrontar a violencia estatal no marco dun Estado de Dereito, ten levado a desenvolver prácticas policiais, no eido europeo, mais tamén norteamericano, que tenden a situar o emprego da violencia como a *ultima ratio*, o último recurso, ao que só se pode acudir cando todos os medios preventivos ou coactivos menos lesivos carecen de eficacia.

Deste xeito, a práctica das policíaas dos diferentes estados da UE en casos en que se precisa a súa intervención, segue un patrón que comeza polo emprego de medios estritamente preventivos (advertencias reiteradas, gravación en vídeo, negociación cos responsábeis da mobilización), continua polo labor de identificación de posibles responsables de infraccións –administrativas ou penais– mediante identificacións videográficas ou documentais –pedido do D.I.–, e conclúe con medidas propiamente coactivas. Non obstante, o emprego destas últimas medidas segue igualmente o patrón da menor lesividade, de xeito que mesmo en momentos de alto grao de disrupción social o lanzamento de botes de fume e/ou o uso de canóns de auga son a práctica dominante. O uso da violencia corporal é, xa que logo, unha práctica sumamente excepcional nas policíaas dos estados da UE.

Como é obvio, este protocolo de actuación está ausente das prácticas policiais no estado español, mesmo trinta anos despois da conclusión da etapa autocrática. Precisamente esa etapa ten deixado unha deficiencia conxé-

nita nun elemento tan relevante para o Estado de Dereito como son as prácticas policiais. As policíaas do noso estado arrastran unha perpetua carencia en formación en dereitos fundamentais, co que o emprego da violencia corporal asúmese non como a *ultima ratio*, senón como a *prima ratio*, como o primeiro recurso que debe ser empregado no contexto dunha intervención, apesar do establecido nos arts. 16.2 e 17.1 –que impón a exigencia de advertencia previa– L.O. 1/1992. Sendo isto grave, eo aínda máis que os responsábeis políticos acusen, se cabe en maior medida, esa deficiencia, deseñando planos de actuación que contemplan a violencia coa normalidade que non debería ter, e xustificando de maneira corporativa calquer exceso no seu emprego. En suma, o tratamento da violencia policial continua a ser unha das carencias fundamentais do Estado de Dereito no caso español.

## **2.2. Dereito de manifestación, principio de oportunidade e principio de tolerancia administrativa**

O dereito de reunión e manifestación está recollido, como dereito fundamental, no art. 21 *Constitución Española -CE-* (así como, dito sexa de paso, no art. 12 da *Carta de Derechos Fundamentales de la UE*). Se ben o art. 21 CE establece expresamente que o exercicio dese dereito non pode estar sometido a autorización previa, o propio art. 21.2 CE, así como o art. 8 da L.O. 9/1983, *reguladora del Derecho de Reunión*, dispoñen a necesidade de comunicación previa para a súa realización en lugares de tránsito público. De xeito un tanto contradictorio coa proclamación do art. 21.1 CE, o art. 23 da L.O. 1/1992 considera infraccións administrativas graves a realización de reunións ou manifestacións sen a citada comunicación.

Dado este marco normativo xeral, resulta necesario reflexionar que significa concretamente a consideración como infracción administrativa dunha determinada manifestación que non cumpre cos requisitos previstos na L.O. 9/1983. A diferenza do que acontece coas infraccións penais –delitos e faltas–, que

no ordenamento español non están regradas polo *principio de oportunidade*, de xeito que son de obrigada persecución (con independencia de que na práctica observemos constantemente a efectiva existencia *fáctica* dunha sorte de principio de oportunidade), as infraccións administrativas están suxeitas a unha lóxica de discrecionalidade na investigación da súa verificación e na súa sanción. Isto, que se basea na menor lesividade deste xénero de infraccións, significa que as infraccións administrativas non son de obrigada persecución, senón que poden ser toleradas cando existan motivos xustificadas para tal proceder. Dito postulado non só é especialmente útil para a práctica policial, senón que se asenta nunha racionalidade político-xurídica digna de ser compartida, xa que ofrece aos responsábeis dos departamentos de interior, e mesmo aos propios mandos policiais, a posibilidade de estimar que nun caso concreto outras medidas son máis axeitadas en relación cos intereses xerais –ante todo, coa orde pública, no entendemento máis democrático do concepto– que a persecución e sanción de certos comportamentos potencialmente infractores.

Un postulado nuclear nesta materia é o coñecido como *principio de tolerancia administrativa*, plenamente consagrado no Dereito Administrativo sancionador. En virtude do mesmo, a Administración ten a posibilidade de optar por medidas diferentes da sanción para conxurar condutas infractoras.

A plasmación máis evidente deste acervo xurídico e, en concreto, do *principio de tolerancia administrativa*, son as múltiples reunións e/ou manifestacións que, carecendo da preceptiva comunicación, non son impedidas, perseguidas nen sancionadas pola forza pública. O exemplo máis frecuente nestes días son as concentracións *semi-espontáneas* convocadas por organizacións conservadoras, reaccionarias ou mesmo de extrema dereita, como as realizadas polo *Foro de Ermua* en Madrid ou, noutra orde de consideracións, por *Peones Negros* en múltiples lugares da xeografía galega e española (incluída A Coruña). Ese exercicio da tolerancia administrativa é a regra xeral

en relación coas mobilizacións que se realizan en calquer punto do país, con particular relevancia no que fai a unha cidade como Santiago de Compostela, apesar dunha Administración local especialmente celosa na persecución de certas infraccións das ordenanzas municipais. Esa práctica foi tamén a regra xeral, con escasísimas excepcións, na cidade da Coruña, até a chegada dos actuais responsábeis da Delegación do Goberno, da Subdelegación e do propio concello.

### **2.3.- As regras xurídicas que lextiman ou prohiben o emprego da forza policial**

Os requisitos que permiten o emprego da forza policial, como consecuencia dunha produción por medio da mesma de resultados lesivos ou incluso luctuosos desafortunadamente frecuente, están plenamente desenvolvidos na xurisprudencia e no saber xurídico españoles.

En liña de principio, cabe pór de manifesto que o emprego da forza por parte de axentes policiais constitúe a realización dun comportamento descrito como delicto nas normas que, no noso Código Penal vixente, tipifican os malos tratos e as lesións (arts. 147 e ss., 617 e 621 CP), as coaccións (arts. 172 e 620 CP) e, no seu caso, o homicidio (arts. 138 e ss., e 621 CP). En consecuencia, ese xénero de condutas constitúen, sempre, un indicio de delito. Que tal indicio se vexa contradito e, en consecuencia, que tales comportamentos non constitúan un ilícito penal, depende de que estean xustificadas. A norma que permite esa xustificación é a eximente de cumprimento dun deber (art. 20.7º CP).

Con todo, como é obvio, a eximente de cumprimento dun deber está sometida a un conxunto de requisitos de aplicación, que a xurisprudencia ten desenvolvido, até o punto de configurar unha doutrina consolidada (SSTS de 20/IV/1996, 24/V/1996, 14/II/1997, 21/IX/1999, 30/IX/2000, 31/X/2000, 18/IX/2001, 23/I/2002, 25/IV/2003). Os requisitos son os seguintes:

*O suxeito que emprega a forza ten que ser autoridade ou axente da mesma no exercicio do seu cargo, o cal en principio só debería dar*

lugar a certos cuestionamentos nos casos en que o axente policial se atopa fora de servizo.

*O suxeito debe estar legamente autorizado para utilizar a forza no caso concreto, en atención ás súas funcións.* Esta exigencia remite, na materia que interesa, ao establecido nos arts. 14 e ss. L.O. 1/1992, que vinculan o exercicio da forza ao mantemento da orde pública, á protección da seguridade cidadá e á persecución de delitos, faltas e infraccións administrativas.

*O exercicio da forza ten que ser necesario para o cumprimento das funcións previstas.* Este requisito ven engadir unha matización sumamente relevante á exigencia anterior. Se ben o exercicio da forza pode entrar dentro do marco do cumprimento de determinadas funcións, no caso concreto ese emprego pode non ser efectivamente necesario. Se ben o criterio de necesidade é un concepto valorativo, o Tribunal Supremo ten resolto que en supostos como o de apaleamento de manifestantes pacíficos e inmóbiles tal necesidade está ausente (SSTS de 24/V/1996, 14/II/1997).

Ainda sendo necesario, *o emprego da forza ten que ser proporcionado á gravidade do caso.* O criterio de proporcionalidade, como ten sinalado a xurisprudencia do TS (SSTS de 21/IX/1999, 31/X/2000) valórase desde a perspectiva das regras normativamente previstas e, sobre todo, desde o postulado da menor lesividade, xa aludido.

Contemplado con carácter xeral este marco xurídico, a revisión detida da normativa de referencia evidencia o carácter sumamente excepcional que se outorga no ordenamento español ao emprego de medidas coactivas que impliquen violencia corporal.

Por unha banda, o art. 5.2 L.O. 2/1986, de *Fuerzas y Cuerpos de Seguridad*, establece as regras que os axentes da autoridade teñen que observar cos cidadáns, mesmo con aqueles que se entenda que podan ser potenciais infractores. Nese precepto establécese que os axentes teñen que *'impedir, en el ejercicio de su actuación profesional, cualquier práctica abusiva, arbitraria o discriminatoria que*

*entrañe violencia física o moral'*, que deben *'observar en todo momento un trato correcto y esmerado en sus relaciones con los ciudadanos, a quienes procurarán auxiliar y proteger, siempre que las circunstancias lo aconsejen o fueren requeridos para ello'*, e que *'en todas sus intervenciones, proporcionarán información cumplida, y tan amplia como sea posible, sobre las causas y finalidad de las mismas'*. A todo isto engádese que no exercicio das súas funcións teñen que rexerse *'por los principios de congruencia, oportunidad y proporcionalidad en la utilización de los medios a su alcance'*. Unha plasmación concreta deste postulado é que *'solamente deberán utilizar las armas en las situaciones en que exista un riesgo racionalmente grave para su vida, su integridad física o las de terceras personas, o en aquellas circunstancias que puedan suponer un grave riesgo para la seguridad ciudadana y de conformidad con los principios'* mencionados.

Por outra banda, o establecido nos artigos 14 e ss. L.O. 1/1992 no referente á protección da seguridade cidadá e, en concreto, na actuación no marco de reunións e manifestacións, mantense no marco dos mesmos parámetros do Estado de Dereito. En efecto, o art. 17.1 establece que antes de adoptar calquer medida coactiva para protexer a seguridade cidadá teñen que advertir desta circunstancia. Por outra banda, o art. 20 amosa que en casos de potencial realización dunha infracción o que procede non é senón identificar as persoas eventualmente responsábeis da mesma. Toda a normativa de referencia evidencia que a disolución de concentracións, reunións ou manifestacións é unha medida claramente excepcional. De feito, o art. 16.2 permite esa disolución, pero só nos casos previstos no art. 5 da L.O. 9/1983, que son unicamente aqueles que constitúan manifestacións ou reunións delictivas, os que supoñan unha alteración da orde pública, pero só cando se dea perigo para as persoas ou os bens, e aqueles en que se empreguen uniformes paramilitares. Ningunha das concentracións e manifestacións do informe se atopa incurso nestes supostos. A maior

abundamento, o propio art. 16.2 dispón que esa disolución de reunións debe facerse *'en la forma que menos perjudique'*.

Esta somera revisión da normativa aplicábel pon de manifesto que os casos que son obxecto deste informe non presentaban as exixencias de necesidade e proporcionalidade no uso da forza requeridos pola xurisprudencia. Tratouse, polo tanto, de casos de emprego da forza policial non amparados pola lexislación vixente, supostos de violencia inadmisíbeis no Estado de Dereito.

Finalmente, un simples coñecemento xurídico amosa que a falta de sensibilidade democrática dos responsábeis políticos, a falta de formación policial e, en fin, unha deficiencia conxénita das nosas prácticas policiais, arrastra desde a etapa autocrática, teñen colocado as persoas que desafortunadamente sufriron esa violencia policial á marxe da protección que o imperio da lei e o Estado de Dereito deberían, xa na actuación da Administración, terlles ofrecido.





## Art. 13. Dereitos dos estranxeiros

### Os dereitos da poboación inmigrante de Galicia

Miguel Fernández Blanco  
*Foro Galego da Inmigración*

En relación coa situación da poboación inmigrante en Galicia e a súa relación coas diferentes administracións públicas no referente ao cumprimento dos seus dereitos e liberdades básicas, **temos que partir necesariamente -como xa fixemos o ano pasado- dun ordenamento legal, a Lei de Estranxeiría, que afecta a esta poboación aquí igual que no resto do Estado que establece diferenzas entre os dereitos destas persoas pola súa condición de non nacionais españois ou de non comunitarios, respecto á poboación española ou comunitaria residente.** Logo establece diferenzas importantes entre as persoas inmigrantes en situación de regularidade administrativa respecto ás persoas inmigrantes en situación de irregularidade administrativa.

**Sobre o colectivo en situación de irregularidade administrativa,** que podemos calcular entre as 15.000 e as 18.000 persoas no ámbito da nosa Comunidade Autónoma sobre un total de estranxeiros e estranxeiras residentes de 73.000 (basicamente esta estimación sae da diferenza entre os datos do INE de residentes e os datos de estranxeiros e estranxeiras con algún tipo de autorización de residencia ou estancia ), é sobre o que o catálogo de violacións dos seus dereitos fundamentais resulta moito máis amplo. Trátase dunha situación de indefensión xurídica total, xa que as diferentes administracións alegan que non poden actuar sobre estas persoas en ningún sentido positivo, pola situación de irregularidade administrativa. Deixando de lado o discriminatorio marco legal, imos centrar o presente artigo en relación coas actuación das administracións públicas que limitan aínda máis os dereitos

das persoas inmigrantes en Galicia:

**No ámbito da Administración Central** -competente en cuestións de estranxeiría:

-O mantemento ao longo do ano 2006 dun proceso de persecución policial sobre as persoas inmigrantes en situación de irregularidade administrativa, incoando por sistema procedementos xurídicos de expulsión para persoas inmigrantes que o único delito que cometen é a súa situación de irregularidade administrativa. O grave do feito é que a normativa permite establecer sancións económicas - multas- por esta circunstancia que en contados casos se aplican. Casos concretos nos ámbitos urbanos e periurbanos das brigadas de estranxeiría en Santiago, A Coruña ou Vigo coñecemos concretamente no ano 2006. Esa violencia institucional e esa criminalización de persoas correntes e non vencelladas con actividades delitivas, faise aínda máis insoportable e inxusta nos centos de casos contrastados por este Foro no ano 2006 en relación coas mulleres prostituídas -na maior parte dos casos de forma obrigada- que mesmo cando denuncian aos seus explotadores reciben igualmente ás correspondentes cartas de expulsión.

-Medra no ano 2006, respecto ás informacións do ano 2005, as situacións de explotación laboral de poboación inmigrante en situación de irregularidade administrativa e polo tanto de semiescravidade laboral. As zonas esténdense por toda a xeografía galega, rural e urbana e por unha maior variedade de sectores económicos detectados: agrario, construción, téxtil, forestal, fogar, industria, hosta-

laría, etc. Estes datos poden supoñer, e resulta moi positivo, unha maior persecución dos delitos, pero tamén indican un aumento das actividades ilícitas. Ademais en todo caso, o comportamento das administracións nos casos de irregularidade administrativa segue a vitimizar ao/á traballador/a estranxeiro/a que recibe a correspondente orde de expulsión. Producíndose situacións xuridicamente tan flagrantes como que traballadores e traballadoras con sentenzas xudiciais favorables, que obrigan á súa readmisión laboral, non o poden facer por carecer da correspondente autorización administrativa. **Para estes casos como para o das mulleres prostituídas a administración ten absolutamente esquecida a posibilidade de conceder autorizacións de residencia e traballo excepcionais que precisamente a lexislación contempla para estas situacións.**

-No ano 2006 apareceu en Galicia tamén de forma singular o feito de que persoas inmigrantes, normalmente de orixe africana, nalgúns casos menores de idades, foron trasladados dende outras zonas do Estado, fundamentalmente Canarias, a Galicia, nestes casos, varias decenas, foron entrados a custodia temporal de ONGs que non poden ofrecerlles ningún tipo de alternativa de integración socio-laboral, porque manteñen a situación de irregularidade administrativa coas correspondentes ordes de expulsión.

-A Administración Central en Galicia segue a negar por sistema o acceso ás persoas en situación de visado turista, residentes legais por tanto, ao NIE (Número de Identificación de Estranxeiro) que se precisa para obter a tarxeta sanitaria e que en todo caso é un dereito das persoas estranxeiras se así o queren solicitar.

-Non melloraron respecto ao 2005, substancialmente, os servizos que a administración central adicou á poboación inmigrante de Galicia: **a escaseza de recursos humanos e materiais** supón que as oficinas de estranxeiría son simples receptoras de documentación: non informan nin asesoran, o que supón na

práctica, dada a complexidade da documentación que ten que manexar a poboación estranxeira, a vulneración de dereitos, o descoñecemento destes, etc. Supón ademais unha intolerable espera no tempo -máis alá dos tres meses que se establecen para os procedementos administrativos ordinarios- para dispoñer das autorizacións que as persoas precisan para seguir vivindo e traballando.

-Existen nas oficinas de estranxeiría de Galicia, nomeadamente nas da Coruña e Vigo -que naturalmente son as que afectan a maior parte dos estranxeiros e estranxeiras residentes en Galicia-, unha serie de criterios arbitrarios en relación coa complexa documentación que as persoas inmigrantes deben presentar nos seus trámites administrativos; salientamos algunhas delas de forma breve:

-Determinación da solvencia económica dos e das empregadores e empregadoras cando se presentan ofertas de traballo para estranxeiros e estranxeiras. Declaracións da renda que chegan aos 24.000 euros anuais sorprendentemente non se consideran suficientes -son casos que temos contrastados- para contratar a un/unha empregado/a de fogar.

-As renovacións das autorización de traballo e residencia contemplan a posibilidade de renovar con tres meses de cotización no ano anterior sempre que se amose interese na procura de emprego, na práctica -tamén temos casos contrastados- con menos de 6 meses de cotización adoitan ser rexeitados, mesmo nalgún caso con situación de alta de cotización no momento de presentar a solicitude.

-Nas oficinas mencionadas de Vigo e A Coruña comezou tamén a finais do ano 2006, a rexeitarse as tarxetas sanitarias a persoas inmigrantes que renovan as súas autorizacións por estudos, cuestionando o principio de atención sanitaria gratuíta e universal, tamén para as persoas en situación irregular, neste caso mesmo para persoas con situación anterior de autorización por estancia.

-Queda pendente tamén adaptar as autorizacións por estudo á nova normativa universitaria galega que contempla nalgúns casos de

doutoramentos e investigación a necesidade de contratar laboralmente a persoas estranxeiras que non dispoñen de autorización de traballo.

**Nestes casos e noutros a arbitrariedade provén tanto da falta de criterios concretos e públicos como das diferenzas entre unhas oficinas e outras.**

-Ámbito de administración central é tamén o das homologacións de estudos e o das titulacións: no primeiro caso segue a ser norma a lentitude nas tramitacións dos títulos universitarios, así como a falta de criterios comúns e públicos. **No referente as titulacións segue a ser flagrante a imposibilidade de titular para alumnado non universitario que realiza estudos de Bacharelato ou de FP e que se atopan nunha situación de irregularidade administrativa** derivada normalmente da situación dos seus pais.

-Non se poden entender tampouco decisións tomadas en Consulados españois que contradín resolucións tomadas polas administración española aquí. Coñecemos algún caso de autorizacións de residencia e traballo favorables, que sen embargo son rexeitadas nos Consulados españois dalgúns países de Latinoamérica.

-Responsabilidade da Administración Central tamén é moi concretamente dos gabinetes de prensa das Forzas de Seguridade do Estado é o tratamento informativo inadecuado de cuestións relacionadas con delitos que inducen a fomentar na opinión pública estereotipos racistas e discriminatorios. Responsabilidade compartida cos propios medios de comunicación social e os profesionais do xornalismo.

**2.- No ámbito específico de Xulgados e Rexistros Cívís,** salientamos a persecución que nalgúns xulgados se fai das solicitudes de matrimonio entre persoas estranxeiras e españolas, contravindo de feito resolucións do propio Tribunal Supremo, con esixencias de xustificación de elementos que pertencen á vida privada das persoas que debiamos considerar intolerables.

Para os españois non de orixe e para os seus descendentes as tramitacións de documentación resultan tan alongadas no tempo que deixan de feito sen dereitos mesmo a persoas que van ter -teñen dereito- á nacionalidade española.

**3.- No ámbito das administración locais e autonómicas,** que non teñen competencias en estranxeiría, pero que poden axudar a facer moito máis doada a vida das persoas estranxeiras, salientamos as seguintes deficiencias:

-Non está garantido o acceso aos servizos sociais públicos para a poboación inmigrante en situación irregular. A lei de bases de servizos sociais de Galicia que está en proceso de elaboración non contemplaba no seu Borrador o acceso desta poboación aos servizos que regulaba e instauraba a nivel autonómico. Recursos importantes como a RISGA ou o chamado "salario da Liberdade" no caso de mulleres afectadas por problemas de violencia de xénero, non están aínda recollidos para esta poboación. O desenvolvemento da Lei de Dependencia parece excluír tamén a este colectivo e mesmo aos residentes legais. Axudas de emerxencia social, servizos de conciliación, etc., seguen a depender da boa vontade dalgúns administracións locais, xa que non existe ningunha regulamentación autonómica que garanta o acceso a estes servizos e recursos para todos e todas os e as residentes independentemente da situación de irregularidade administrativa. **É importante ter en conta que se trata de vontade política xa que non existe ningún impedimento derivado da Lei de Estranxeiría para este acceso en condicións de igualdade aos servizos sociais.** Incluímos neste apartado tamén o campo dos dereitos e recursos relacionados co acceso a vivenda tanto en réxime de propiedade como de aluguer. Fracasan tamén as diferentes administracións en Galicia no referente ao control dos abusos que as persoas inmigrantes sofren en relación co acceso a vivenda: condicións ilegais e abusivas nos contratos -como diferente importe de aluguer en función de número de ocupantes da vivenda-, fianzas abusivas, negativas a aluguer sen ningunha razón obxectiva, etc.

-Do mesmo xeito os servizos específicos dirixidos á poboación inmigrante: accións de asesoramento, formación, etc., por parte da administración autonómica deben estenderse sen limitación a toda a poboación inmigrante, isto non sempre se entende así no referente aos requisitos para programas de inserción da UE ou nos servizos financiados pola Xunta que cobren algunhas administración locais.

-Mencionamos antes, pero insistimos no dereito de acceso aos servizos sanitarios para as persoas inmigrantes, temos constatados casos de mala información e polo tanto de negación de dereitos nalgúns centros de saúde da Comunidade Autónoma.

-No acceso ao sistema educativo obrigatorio, existen tamén diferenzas importantes derivadas da ausencia de protocolos de acollida e de recursos suficientes e prácticos. Temos contrastados na práctica moito casos de ausencia de recursos para nenos/as-rapaces/as que non coñecen o galego ou o español, e a práctica sistemática de retraso no curso de escolarización do alumnado inmigrante respecto a súa idade, cando en teoría esa debía ser a adscrición por sistema, salvo que existan circunstancias especiais, no ensino primario e secundario obrigatorio para o novo alumnado estranxeiro.

-A Lei de estranxeiría imposibilita o acceso ao emprego para as persoas que non contan coa debida autorización, pero non impide o acceso a outros servizos relacionados co emprego. Para persoas residentes legais, aínda que non dispoñan de autorización de traballo, pode facilitarse, e non se está a facer, o acceso as chamadas políticas activas de emprego que requiren sempre dispoñer dunha tarxeta de demandante de emprego. Existe legalmente esa posibilidade: tarxeta de demandante de formación ocupacional, para a que debía servir a autorización de residencia. **Hai outras dúas cuestións importantes no ámbito laboral que debían reclamarse para garantir mellor os dereitos laborais das persoas inmigrantes en Galicia: o establecemento dun continxente autonómico de traballadores e traballadoras**

**estranxeiros e estranxeiras e o establecemento dende a propia a Comunidade Autónoma dos catálogos de ocupacións de difícil cobertura provinciais, que na actualidade proveñen dunha simple análise estatística de ofertas do INEM, na que non interveñen as direccións provinciais, nin a Consellería de Traballo, nin as oficinas de estranxeiría.**

-No Referente aos empadroxamentos nos concellos, a reforma legal que supón a obriga de renovación de empadroxamento cada dous anos para os estranxeiros e estranxeiras non residentes, non foi rexeitada -podían rebelarse para defender os dereitos dos seus veciños e veciñas- polos concellos galegos, que tampouco amosaron salvo nalgún caso disposición a informar de forma "rechamante" á poboación inmigrante do seu concello, para evitar baixas no padrón por falta de información. **O acceso ao empadroxamento é un dereito da poboación inmigrante, independentemente da situación de regularidade ou irregularidade administrativa, e o exceso de celo dalgúns concellos que mesmo utilizan a súa policía local para comprobar os mesmos é intolerable por claramente discriminario.**

-Os Concellos debían tamén asumir funcións importantes tras a entrada en vigor do novo Regulamento da Lei: hai dúas substanciais e que dependen moito da propia organización e dos recursos dos concellos, con moitas dificultades para os concellos pequenos e rurais: o informe social para a acreditación de arraigos, e os informes de vivenda para as reagrupacións familiares. Atopamos moitas dificultades nalgúns concellos, falta de medios e descoñecemento da normativa, que fan que o acceso a estes informes imprescindibles para esas tramitacións resulte moi complicado en Concellos como Teo, no ámbito periurbano de Santiago de Compostela, por exemplo.

O panorama global dos dereitos da poboación inmigrante en Galicia segue a ser moi sombrío no balanço do ano 2006. Para esta poboación en situación de irregularidade administrativa o panorama segue a ser desolador: resulta moi difícil transmitir as duras condicións de vida

da poboación inmigrante, especialmente das persoas en situación de irregularidade administrativa, en Galicia, coa práctica ausencia de dereitos e recursos básicos para o desenvolvemento persoal e social. Máis alá da Lei estatal racista e tremendamente restritiva, impropia dun Estado democrático que soportamos, tampouco en Galicia as administracións centrais, autonómica e locais colaboran de forma

decidida para limitar esas desigualdades e arbitrariedades. Moitas veces, como vimos de expoñer, permiten que aumenten ou sexan máis graves estas, nun contexto coma o noso de relativamente moi pouco peso da poboación inmigrante que permitiría teoricamente un tratamento máis axeitado das súas demandas e necesidades.



## Art. 14. Igualdade ante a lei

Begoña Ares  
Avogada

Para comezar a falar deste tema debemos coñecer cal é o contido exacto deste artigo. Nel inténtase contemplar todas as posíbeis causas de discriminación, e co seu final aberto, débese interpretar que nel englobanse todas aquelas causas non mencionadas explicitamente: os españois son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Mais antes de entrar nas vulneracións directas do dereito de igualdade, non podemos máis que facer unha primeira interpretación do artigo sobre a súa utilización, ou mellor dito deturpación do seu espírito, desde os poderes públicos para ofrecernos unha visión marcadamente españolista. Tentan a través do dereito á non discriminación introducir unha visión uniformizadora do Estado español, e negadora das diferentes nacións que conforman o estado. Estas diferentes realidades nacionais, precisan regulacións específicas e se cadra diferenciadas, e non pode utilizarse o artigo 14, enmarcado dentro do título adicado aos dereitos e liberdades dos cidadáns e cidadás, para pretender por exemplo que un galego ou galega debe ter exactamente os mesmos dereitos, condicións, garantías... que unha persoa nacida en Madrid, ignorando deliberadamente que a realidade cotiá dunha e outra persoa son diferentes, ao madrileño non se lle debe garantir falar na súa lingua, e as súas estruturas sociais, culturais, económicas, poboacionais... son total e absolutamente diferentes.

Porén, o artigo nunha interpretación positiva, e non negadora de dereitos, nunha visión estritamente de recoñecemento de dereitos civís, resulta reiteradamente vulnerado, principalmente polos mesmos que defende a ultranza o seu cumprimento ao pé da letra para uniformizar. Neste sentido, imos comentar a continuación os casos máis salientábeis dos tramitados desde o Movemento polos Dereitos Civís ao longo do ano pasado, e nos cales chama poderosamente a atención a diferenza de criterio totalmente arbitraria. Todos eles teñen en común o trasfondo dunha decisión dentro do ámbito xudicial, que ante casos semellantes dictan sentenzas absolutamente dispares ou que interpretan a lei tendenciosamente logrando que sirva exclusivamente determinados intereses e impedindo así que se cumpra a máxima de que a lei é igual para todos e todas.

Imos comezar relatando o caso de Carlos Vázquez, sindicalista da Confederación Intersindical Galega, que durante a Folga Xeral na cidade de Ourense, acudiu, dentro dun piquete informativo, a unha tenda do centro comercial Ponte Vella, que reiteradamente desouvira os chamamentos e peticións de cesamento da actividade durante a Folga. Nesta actuación do piquete producíronse danos na devandita tenda, que remataron por serenlle imputados ao compañeiro. Houbo un xuízo para procesalo polos feitos relatados, que rematou cunha sentenza condenatoria que impoñía unha sanción económica que ascendía a 7.680 € en concepto de danos e custas xudiciais. Este mesmo compañeiro, anos atrás fora ameazado polo daquela alcal-

de do concello de Pereiro de Aguiar a punta de escopeta, tamén dentro dun conflito laboral en que interviña, porén, a xustiza impuxo unha condena absolutamente ridícula, de 900 €. Non deixan de resultar chamativas sentencias deste tipo, cuxa finalidade parece ser unicamente disuadir os traballadores da necesidade de defender os seus dereitos.

Resulta igualmente paradigmático o arquivo dunha querela contra Armando Blanco porque o denunciante non era parte afectada. Existen varias sentencias onde se condena o concello de Teo a derrubar parte dun edificio dos Tilos, sentencias ignoradas por completo polo alcalde. Ante esa pasividade, un veciño desta localidade presentou unha denuncia contra el, acusándoo de prevaricación omisiva por non executar os mandatos xudiciais, porén, o xulgado arquivou o caso ao entender que este veciño non é un afectado directo, aínda que recoñecendo a existencia de autos incumpridos e ordes reiteradas de execución.

Consideramos tamén incomprendible o caso dos catro policía locais de Vigo, que despois de seren condenados e inhabilitados por agredir brutalmente a un inmigrante que se dedicaba á venda ambulante de artesanía, foron indultados e reincorporados novamente ao servizo activo como se tal cousa. Como un policía que foi condenado xudicialmente por agresión e inhabilitado para exercer como funcionario público, pode volver ao servizo activo como se tal cousa? Aínda que cremos que toda persoa condenada ten dereito a reinserirse na sociedade con todas as garantías, sen discriminación polos seus antecedentes penais, entendemos que a labor policial exige maior dilixencia, e por isto que neste caso solicitabamos que os policía readmitidos realizasen un curso reeducativo e de prevención da violencia, garantindo así a normalidade nas súas relacións cos cidadáns e cidadás. Acaso non é doado tirar destes feitos a conclusión lóxica de que os axentes de policía gozan de impunidade? En primeiro lugar é difícilísimo lograr que se investigue unha agresión policial, e cando se acada este obxectivo, é raro atopar sentenzas condenatorias case irriso-

rias en comparación ao volume de denuncias, e agora, vemos como a pesar de seren condenados, os reos son indultados e reincorporados ao seu posto de traballo. Por último, tamén facer unha reflexión sobre o sentido ou finalidade orixinaria do indulto. En que debe basearse o goberno para deixar sen efecto unha sentenza xudicial firme? Non pode facelo arbitrariamente, deben existir circunstancias especiais, atendendo á equidade e á xustiza, e sempre que non se danen intereses de terceiras persoas e se escoite a opinión do ofendido. Desde o MpDC non apreciamos que neste caso tales circunstancias existisen.

En total contraposición ao caso anterior temos o caso da solicitude de indulto dos veciños do Eixo, condenadas pola agresión a axentes da policía que se producían no medio dunhas protestas veciñais que tentaban ser impedidas e disoltas. E no cal o Sindicato Unificado da Policía manifestou publicamente que non estaba xustificando conceder o indulto cando quedou suficientemente probado no xuízo a existencia da agresión.

Queremos mencionar así mesmo a total despreocupación amosada polo subdelegado do goberno en Pontevedra ante os atentados rexistrados contra membros do Bloque Nacionalista Galego no Val Miñor, debido ás denuncias públicas que estaban a facer das tramas urbanísticas da zona. Recordemos que se produciron varios ataques entre os que se inclúen tanto agresións persoais e físicas coma danos materiais en propiedades dos denunciante. Porén, nen o subdelegado do goberno nen tampouco outras instancias xudiciais ou da fiscalía atoparon indicios suficientes para iniciar unha investigación do sucedido.

Non podemos esquecernos tampouco da coñecida manifestación protagonizada polos alcaldes do PP diante do Parlamento Galego, e durante a cal chegaron non só a entrar no edificio sede do mesmo, senón que mesmo invadiron o hemiciclo mentres se estaba celebrando unha sesión de debate. Como xa temos comentado noutros artigos, resulta chamativo



como nesta ocasión non se viu frustrada a protesta violentamente polos corpos e forzas de seguridade, e como tampouco se iniciaron ningún tipo de accións contra os manifestantes, tal e como soe ser a tónica habitual que nes protagonizan a concentración son de diferente signo político.

Temos que recordar así mesmo o manifestado polo Fiscal Xefe nunha reunión que mantiña con representantes do Movemento polos Dereitos Civís, e na que lle reclamábamos que cando existisen indicios de delitos ou faltas, nos cales a denuncia de parte non fose necesaria debido á relevancia pública dos feitos e en aras do interese xeral e do mantemento da orde, iniciase as investigacións e accións legais pertinentes de oficio. En moitas ocasións, as denuncias realizadas desde o MpDC, simplemente son ignoradas co argumento de que a nosa asociación non é interesado directo no asunto, a pesar de que nos nosos estatutos perfectamente legalizados recoñécese que unha das finalidades da nosa asociación é denunciar calquera vulneración dos dereitos civís da que teñamos coñecemento. Pois ben, nesa conversa o Fiscal manifestou que non iniciaría nengunha actuación de oficio, a pesar de que a lei permítelle actuar así, se non hai unha denuncia de parte, e que aporte probas suficientes. Por que entón a lei contempla a

posibilidade de actuar a iniciativa do Ministerio Fiscal? Non consideramos que esa expresión sexa meramente retórica ou adorno redundante para encher artigos sen aplicación.

Por último tamén queremos facer mención da inexplicábel e desesperante demora na decisión sobre a ilegalidade da decisión tomada no Pleno da Coruña sobre o nome da cidade. Todos lembramos o famoso pleno no cal o daquela alcalde Paco Vázquez aprobou que a cidade da Coruña tiña dous nomes un en galego e outro en español, en contra a regulación oficial dos topónimos, que establece como único nome oficial o nome en galego. Logo viría unha sentenza que o obrigaba a utilizar A Coruña e que tamén foi ignorada polo ex-alcalde. Desde o MpDC, e co apoio doutras organizacións presentamos un recurso solicitando a aplicación da regulación que dispón que o nome da cidade é A Coruña, instancia que tivo entrada no xulgado a finais do ano 2005, e da que non recibimos ningún tipo de comunicación até o día de hoxe. Porén, o sistema xudicial foi moi rápido á hora de procesar tres compañeiros activos defensores da nosa lingua por uns supostos insultos durante a celebración do Pleno, resultando finalmente condenados, aínda que resultando desestimada en segunda instancia.



## Art. 15. Dereito á vida

### “Dereito á vida e á integridade física”, mentira sobre a que os mortos saben abondo

PRES.O.S.

Nun triste día de outono de 1992 morreu o vaca “Toni”; logo duns poucos anos, tamén faleceron Luciano I.R., Antonio “Tone”, Rosa e Gorecho R. G., Quiñoi, Wili, Andrés e Toño “os Coloraos”, Juan, Manolo e Miguel I. B., Pili, Baitua, Titi, Moreno, Santiago, Popi...

O 9 de novembro de 1996 morreu J. Miguel Fernández del Buey, o 22 de setembro de 2004 morreu Diego Viña Castro, tamén morreu Roberto Gómez González, o 3 de xaneiro de 2005 morreu Xosé Tarrío, o 1 de marzo de 2005 morreu José Antonio Mesa Morejón, o 3 de febreiro do 2006 morreu J.A. Fernández Lestón, o 5 de xaneiro de 2007 morreu Bibiana Salgado, o 15 de febreiro de 2007 morreu Marcos Munín, o 22 de febreiro de 2007 morreu Xermán G. Paradela...

Todos, todas amigos e amigas...

Eses días apagáronse as vidas destas persoas, esgotouse a enerxía vital de homes e mulleres anónimos, perdeuse para sempre o semblante irrepitible dos que non teñen cara senón brazos... Eses días xa pasaron, pasaron para todos/as nós, pasaron para o noso patético mundo de comodidades; aconteceu sen que nos decatáramos, sen que ventearáramos a morte, sen que uliráramos a enfermidade, sen que ouveáramos nas portas dos iguais, sen que tocáramos a morto, sen que premeráramos as súas mans, sen que realizáramos un soño, sen que liberáramos as cadeas, sen que matáramos a indignidade, sen que fixáramos ren...

Mais a pregunta non debe ser respostada cun alarde de sinceridade que vos sitúe nunha

posición preponderante, sen que vos permita (unha vez máis) lavar as vosas consciencias. Porque non hai tal pregunta, nin reproche, só unha pira de cadáveres amoreados e fedorentos que permanecen cos ollos abertos mirándonos, observando o noso mundo cheo de vida, as nosas almofadas cheas de soños e as nosas ganas de vivir; coído que eles (os mortos) nos observan coma se foramos un cadro, un intenso e precioso instante... Eles descansan e miran, e nós... para onde miramos nós???

A estas persoas, amigas... a estes mortos que nos sosteñen, que nos ceden o asento na xanela. Eles e elas foron esprimidos na licuadora do poder, foron escravizados pola ignorancia e vendidos cal bagatela no mercado das almas, foron fregados con cepillos de pugas para limpalos de toda idea e revolución. Careceron de virtudes, só de realidades, mais non escaparon nin retrocederon nunca ao avance da verdade; foron valentes para mirar de fronte o seu traidor destino e seguir sorrindo; valentes, para cabalgar a lombos da vida aferrándose fortemente as súas crinas; valentes, para durmir sen pechar os ollos; valentes, para mergullarse nos infernos do esquecemento e da desolación... “O valente vive até que o cobarde quere”.

Mais non teño dúbida de que todo aconteceu por rebelarse e buscar...

Nacer, vivir, morrer, é a biografía vital de calquera de nós, dende a miñoa até o frondoso castiñeiro, dende o arroás até o paporrubio cantando na figueira.

**Vivir!!!**, esa fiestra pola que nos asomamos á inmensidade do universo, a esencia material do noso espírito, o tesouro das nosas entrañas, a enerxía herdada de amores e ancestrós, a flor dunha bioquímica caprichosa.

**Sobrevivir!!!** convértese entón na consigna vital da súa estirpe, na poderosa forza que nos fai alcanzar dun salto o ascensor, no dedo que acode á poderosa calefacción, na man que abre a neveira chea, na intelixencia que garda a carteira, na forza para fechar a porta blindada, na estúpida fe no banco da igrexa, nos rezos hipócritas a un deus de pan. Aguantar o tirón, sen mirar a nada, iso é o que din que temos que facer... protexidos, esmagadas na ditadura das aparencias, na indomable forza do egoísmo, paxaro tropical en gaiola dourada.

**Morrer!!!**, porque eles e elas foron expulsados da súa nenez, morrer sen escoitar quen lles chame “papá” e “mamá”; así eles e elas, que naceron libres, deambularán pola clandestinidade do esquecemento. Eles e elas, que berraban as verdades sen pudor, teñen xa silenciada a súa voz. Eles e elas, que non sabían esperar a súa vez, o seu momento, permanecerán eternamente inmóbiles sen latexo. Eles e elas son a imaxe intermitente dun tempo xa pasado. Eles e elas son a constatación dun fracaso de toda a sociedade. Eles e elas son o teu repudio, son o teu medo, son o teu medo a morrer...

Neste intrincado circuío da vida, neste gran Mercado de REBAIXAS e OFERTAS, de PROMOCIÓNS ESPECIAIS, desprazámonos a grandes velocidades buscando fuxir do pasa-

do, matando os nosos soños como oferenda ao futuro, absorbendo a enerxía vital dos seres que nos rodean, invisibilizando a cara do igual, mastigando o tuétano de amores pasados, avanzando sen dubidar, pisoteando, din que para evolucionar. Todo isto acontece nun voraz proceso, inhumano, cruento... Morrer ás veces tamén significa non nacer.

Loitar, vivir, amar...

Agora son só palabras ocas, cheas de ar húmido procedentes do rancor, palabras que non nos contan as súas historias ocultas, palabras que vagan na escuridade da nosa frustración, palabras que esperan no fondo da nosa alma, palabras escritas dentro dos aneis de pedra, palabras na gorxa con bagoas e a raiba preta.

Fronte a eles e elas e a tantos outr@s, fronte á súa memoria, espímonos, deitámonos na herba fresca, contemplando absortos as figuras das nubes, o paso das aves, resfregándo-os no chan, mordendo os doces abrochos do pasto. Abrindo ben os ollos, para que nada se perda, nada se furete, nada se esqueza, para que permaneza. Miramos esa beleza por el, por eles, por elas, sentimos a frescura do solpor nas súas carnes, unha pinga orballada nas súas cinzas, a luz azulada dos seus ollos de vidro, a forza de seu, o alento durmindo nas súas gortexas, o seu soño eterno...

Nós xa somos elas, eles, el.

Mentres, ao carón do lume, da mesa, seguimos falando, contando unha e outra vez a mesma historia; rindo, pensando, soñando, vivindo, amando... mais sen esquencer as bandadas de paxaros que cruzan cara ao sur nun eterno voo de Liberdade...

## **Art. 18. Dereito ao honor e intimidade**

### **Dereito ao honor e intimidade e videovixilancia**

Luz María Puente  
*Profesora da UdC*

Un dos máis tradicionais dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución, o dereito ao honor e á intimidade, encóntrase cada vez máis afectado polo desenvolvemento dunha técnica de vixilancia policial moi frecuente na actualidade: a instalación de cámaras de vídeo e, así mesmo, aínda que de carácter non tan novidoso, a realización de fotografías grazas a novos aparellos electrónicos máis alá das tradicionais cámaras fotográficas (teléfonos móbiles, destacadamente), que ademais permiten mesmo efectuar gravacións. Certo é que os dereitos fundamentais non son absolutos e ilimitados, senón que poden ceder nalgúns casos en favor do mantemento doutros dereitos ou intereses igualmente significativos. Neste caso, trátase da admisibilidade do sacrificio dun dereito ou interés individual (o honor e a intimidade) para garantir mellor a salvagarda dun interese público ou xeral, que é a seguridade cidadá. Trátase dunha cuestión difícil precisamente polo seu carácter valorativo, xa que é necesario en todo caso salvagardar o núcleo esencial do dereito fundamental e admitir a súa afectación con base en principios ineludibles como o de proporcionalidade.

Comezando polo tema da videovixilancia, existe unha normativa de referencia sobre o emprego de cámaras de vídeo por parte das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para vixiar determinados lugares públicos: a Lei Orgánica 4/1997, de 4 de agosto. O lexislador, sendo consciente da directa afectación da intimidade a través deste específico medio de vixilancia e control, establece uns requisitos estritos para permitir o emprego destas técni-

cas, precisamente co obxectivo de facer adecuadamente a ponderación expresada con anterioridade: dado que coa videovixilancia aféctase seriamente a intimidade dos cidadáns, só poderá empregarse en supostos concretos, taxados, nos que se constate unha efectiva prioridade da necesidade de salvagardar a seguridade pública. Así, a Lei esixe que a instalación de cámaras en lugares públicos por parte das Forzas de Seguridade sexa sometida a unha previa autorización por parte da Administración (art. 3); ademais, tal autorización non pode ser concedida arbitrariamente, senón que debe estar guiada polos criterios especificamente establecidos na Lei (art. 4). A instalación de cámaras só se poderá permitir se resulta xustificado segundo o Principio de Proporcionalidade; e para iso terase en conta a necesidade de protección de instalacións públicas, de constatación de infraccións contra a seguridade cidadá e de prevención da produción de danos ás persoas a aos bens.

Como sucede en moitas ocasións, e non pode ser doutra forma, certos principios e conceptos xurídicos son de carácter valorativo, o cal determina que o suxeito encargado en cada caso de aplicar a lei (autoridade, xuíz, etc.), debe ponderar as circunstancias do caso concreto para procurar que a súa decisión se enmarque de forma efectiva dentro da legalidade vixente. Como acabamos de ver, o fundamento da autorización da videovixilancia reside nunha valoración da proporcionalidade desta medida, e aínda que a Lei 4/97 aporta criterios que axuden a tomar a decisión, o certo é que haberá sempre casos en que sexa difícil afirmar sen dúbida que a admisibilidade

da videovixilancia non vulnera o dereito á intimidade. Pero aínda admitindo estas dificultades que poden presentarse en certos supostos, non se pode esquecer que gran parte dos casos controvertidos que se presentan na realidade deixarían de o ser se a aplicación das garantías legais fose verdadeiramente rigorosa.

Efectivamente, se observamos as denuncias feitas en relación coa práctica habitual nos diferentes Concellos, vemos que as principais obxeccións se centran nunha aplicación inadecuada da Lei. É dicir, en moitos casos nin haberá que plantexar o debate sobre o conflito entre seguridade cidadá e dereito á intimidade, porque xa as prácticas de videovixilancia non cumpren todos os requisitos dunha lei que, cando menos, como declaración de principios pretende restrinxir o emprego destas técnicas a aqueles casos en que, conforme o principio de proporcionalidade, sexa realmente necesario para o mantemento da seguridade cun mínimo sacrificio da intimidade persoal. Así, de principio, é esixible o respecto escrupuloso de todos os requisitos legais, tendo en conta que algúns, como a solicitude de autorización, son absolutamente obxectivos e polo tanto de sinxelo cumprimento.

As principais dúbidas e problemas surxirán no momento de comprobar se son observadas outras esixencias legais de carácter máis valorativo e, polo tanto, de máis complexa apreciación, destacadamente se a instalación das cámaras responde a unha necesidade real de protección e respecta o principio de proporcionalidade. A cuestión é sen dúbida delicada, xa que se trata dun tema valorativo que ademais se encontra no centro do debate social e así mesmo é manexado constantemente polos medios de comunicación e tamén polos políticos e pola Administración. A necesidade de protección dos cidadáns, o mantemento da seguridade pública, non poden ser medidos de forma exacta e polo tanto ponderados con respecto ao dereito á intimidade, non só porque se trata de cuestións dificilmente cuantificables de por si, senón tamén porque a súa visión pode ser facilmente deformada, desta-

cadamente polo efecto, desexado ou non, dos medios de comunicación de masas. A alarma social creada ante distintos fenómenos, principalmente o da delincuencia, ás veces non corresponde á realidade dos feitos, e pode crearse unha sensación de inseguridade maior, ou tamén menor, da que correspondería á situación real. Todo isto pode influír, por unha parte, nas demandas dos propios cidadáns, que baseados en apreciacións subxectivas que poden non corresponderse coa realidade, demandan este tipo de protección aínda sendo conscientes das perdas que sofren na súa intimidade; e por outra parte, sen dúbida tamén vai haber unha influencia nos propios suxeitos competentes para autorizar a videovixilancia, que poderán estar influídos polas súas propias percepcións subxectivas ou polas demandas ou intereses surxidos na sociedade.

É evidente que estas técnicas de vixilancia non van desaparecer, senón que tenderán a desenvolverse co paso do tempo. Como vemos, xa están admitidas polo noso legislador, que ve nelas non só un importante avance en protección e investigación, senón tamén unha considerable redución de custos e ganancia en comodidade e efectividade. Polo tanto, os esforzos deben centrarse en facer unha aplicación desapaixonada da lei, esixindo a efectiva comprobación do respecto do Principio de Proporcionalidade, e permitindo que estas autorizacións poidan ser revisadas de forma efectiva e con garantías por outros órganos da Administración e tamén polos Tribunais. En todo caso, non será admisible unha apelación xenérica á necesidade de prevención e investigación de feitos delictivos, senón que deberán existir argumentos fundados que determinen que, nun determinado lugar, pola súa especial perigosidade para persoas ou bens ou pola frecuencia con que se teñen cometido infraccións dunha entidade significativa, estará xustificada colocar cámaras de videovixilancia. Debe evitarse caer na "videovixilancia global" e, en todo caso, admitir unha videovixilancia reducida a lugares concretos e que presenten un risco especial

baseado en datos obxectivos, e ademais, co fin de respectar na maior medida posible a intimidade persoal, deberíase anunciar de forma específica a presenza de tales dispositivos.

Neste sentido, é importante demandar que as leis sobre a materia sexan o máis taxativas posible para garantir un adecuado emprego destas técnicas con respecto dos dereitos fundamentais. Exemplo dunha lexislación pouco precisa pode ser a vixente normativa sobre o emprego das cámaras no ámbito do tráfico viario. O Real Decreto 596/1999, de 16 de abril, que contén o regulamento que desenvolve a Lei 4/1997 sobre videovixilancia, establece na súa Disposición Adicional o réxime de uso de videocámaras para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico, remitíndose a outro precepto da propia Lei 4/1997. Aínda que nas normas se prevén especificamente as autoridades competentes e outras cuestións relacionadas coa instalación das videocámaras, o que resulta difuso é o conxunto de situacións en que isto se pode permitir, xa que o Real Decreto se refire ao “control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico”, e a Lei 4/1997 remítese sen máis aos fins establecidos na Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial. Polo tanto, dada a amplitude desta referencia xenérica ao tráfico viario, que permite a utilización deste mecanismo en calquera cuestión relacionada co tráfico, só cabe esperar que se faga unha correcta apreciación da necesidade obxectiva deste sistema de vixilancia e do respecto do Principio de Proporcionalidade na súa aplicación. Disto cómpre deducir que este mecanismo só debería empregarse cando se trata de previr ou investigar as infraccións máis serias no ámbito do tráfico, e cando non existen outras medidas que non afecten significativamente aos dereitos fundamentais dos cidadáns.

Semellante á videovixilancia é o caso de prácticas das Forzas de Seguridade consistentes en fotografar (ou mesmo en facer pequenas gravacións) a cidadáns anónimos en diferentes situacións, por exemplo nos casos de sos-

peita de comisión dun delito ou con ocasión dunha manifestación; os reparos que se poden presentar non se relacionan só co propio feito de se tomar a fotografía, senón co seu uso posterior, xa que ambas actuacións han estar convenientemente fundamentadas por razóns de interese público.

En fin, o importante é que, segundo a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, unha das funcións básicas que estas desempeñan consiste na prevención e investigación de comportamentos delitivos, pero isto non equivale á presenza dun poder omnímodo e á posesión de facultades sen límite para executar estas tarefas. Un claro exemplo disto pode encontrarse nunha importante sentenza do Tribunal Constitucional, a STC 37/1998, de 17 de febreiro, que determinou que a filmación e toma de fotografías dunha manifestación por parte da policía afecta ao exercicio do dereito fundamental á folga, e que esta actividade policial non se encontraba xustificada nos feitos, posto que se trataba dunha manifestación legal e pacífica, sen presenza de ningún incidente que fixese temer pola alteración da orde pública. Así, segundo o Tribunal, aínda que este tipo de intervencións policiais encontra xustificación na necesidade de prevención do delito e de protección dos bens e dereitos de todos os cidadáns, hai que ter en conta tamén o Principio de Proporcionalidade, é dicir, haberá que comprobar se a medida adoptada é idónea, necesaria e equilibrada no caso concreto.

En conclusión, pode afirmarse que a realización destes comportamentos por parte das Forzas de Seguridade esixe a observación de dúas regras básicas. A primeira delas coincide co que se acaba de expoñer: aínda que se tratar de actuacións permitidas para a mellor prevención da criminalidade e protección dos dereitos dos cidadáns, deben ser realizadas só cando resulte aconsellable tras un estrito exame do Principio de Proporcionalidade; por exemplo, cando existan fundadas sospeitas de que se vai cometer un delito ou alterar a seguridade pública e non teñan funcionado

outras medidas que afecten máis levemente aos dereitos fundamentais dos suxeitos involucrados. Polo tanto, non só haberá que comprobar a necesidade obxectiva e proporcionada de efectuar esa intervención de filmación ou toma de fotografías, senón que se deberá constatar tamén que esa actividade policial non restrinxe o exercicio de dereitos fundamentais como o de folga, reunión ou manifestación. Se non se cumpren estes requisitos, a

intervención policial non pode ampararse noutras cuestións como, por exemplo, a celeridade ou a maior eficacia da súa actuación. E en segundo lugar, en relación con esta cuestión, a outra regra básica que debe terse en conta é o deber de reserva que atinxe ás Forzas de Seguridade, e a necesidade de tratamento adecuado dos datos persoais obtidos (imaxes, identificación de persoas), respectando sempre a lexislación vixente que regula o tratamento dos datos de carácter persoal.



## Art. 20. Dereito á liberdade de expresión

Miriam Fernández  
Xornalista

A liberdade de expresión é un dereito fundamental do ser humano recoñecido en todas as democracias do mundo ademais de nos múltiples textos que defenden os devanditos dereitos básicos. Na Declaración Universal de Dereitos Humanos, no Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, na Convención Europea para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais, na Convención sobre os Dereitos do Neno e así poderíamos seguir con moitos máis, sen esquecermos da Constitución, *recoñécense e protéxense os dereitos:*

*A expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución.*

*Á produción e creación literaria, artística, científica e técnica.*

*Á liberdade de cátedra.*

*A comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión. A lei regulará o dereito á cláusula de conciencia e ao segredo profesional no exercicio destas liberdades.*

*O exercicio destes dereitos non pode restringirse mediante ningún tipo de censura previa.*

Iso di o artigo 20 da Constitución e non é casualidade que sexa un dos dereitos que dispón de máis garantías xurídicas. Recurso de inconstitucionalidade, recurso de amparo, reserva de lei e aplicabilidade directa, procedementos sumarios na xurisdición competente e difícil reforma do articulado na Constitución. O dito ata aquí pode parecer básico e, incluso, redundante xa que semella

que é un dereito recoñecido de sobras e que todos e todas temos claro que significa e que hai que respectalo e cumprilo. Pois non. No día a día, son moitos os exemplos de casos que vulneran, nalgunha ocasión flagrantemente, o dereito á liberdade de expresión.

Na actualidade, todo está condicionado polas lóxicas económicas e os intereses políticos e monetarios, subxacen en todos os ámbitos. O mundo dos medios de comunicación non ía ser unha excepción. Os medios elixen a información que publican e esa elección moi rara vez responde a criterios de noticiabilidade e si case sempre aos intereses que o medio ten como empresa. Ademais, vivimos un momento no que a axenda mediática de cada día está dirixida e orquestrada polos gabinetes de prensa das institucións, dos partidos políticos ou das empresas e poucos son os ocos nos que podemos ver informacións que non cheguen organizadas.

Así, a liberdade de expresión ou dereito a ser informado queda condicionado polos poderes fácticos, moitas veces os mesmos que debían garantir, precisamente, que se respectase. Caemos ademais na trampa de que, na actualidade, parece que todo o que publica un medio de comunicación é verdade e que aquilo que non sae reflectido nos xornais cada día é coma se non existise. Con todo isto queda polo tanto na corda frouxa o dereito dos cidadáns e das cidadás a estaren informados correcta e pluralmente para poderen tirar as súas propias conclusións.

As entidades sociais son moitas veces as protagonistas dos atentados contra a liberdade

de expresión. En moitas ocasións con situacións que resultan incríbeis. É o caso do sucedido nun encontro da Copa da Uefa entre o Celta de Vigo e o Fenerbace turco. Un grupo de siareiros colgou unha pancarta que dicía “Freedom for Kurdistan” (Liberdade para o Curdistán) e a policía nacional retiroulla. Ademais, a Subdelegación do Goberno en Pontevedra sancionou con 4.000 euros á Asociación de Solidariedade con Curdistán, que ademais, xa lle vale, non fora quen colgara a pancarta en Balaídos. A situación é ridícula porque a pancarta non estaba máis que a defender os dereitos dun pobo oprimido, algo que incluso lle pediu o Parlamento Europeo a Turquía. Ademais, é máis esperpéntico aínda se temos en conta o feito de que en numerosas ocasións vemos nos campos de fútbol simboloxía preconstitucional ou racista e ninguén se alporiza. Todo un reflexo do cinismo que moitas veces existe na nosa sociedade.

Cinismo que tamén é reflexo da actuación de moitos alcaldes. En Galiza, aínda temos algún que outro que lle presenta batalla a cuestións como proxectar un documental sobre o Che Guevara ou realizar un congreso cultural sobre o poeta Manuel Luis Acuña. Este foi o caso do alcalde de Pobra de Trives que prohibiu a realización destas dúas actividades no local da casa da Cultura. O motivo? Segundo o señor alcalde, a casa da Cultura non pode acoller actos de partidos ou agrupacións políticas. Neste caso era unha entidade xuvenil do concello organizando unhas actividades culturais, pero o alcalde entendeu o que a el lle pareceu. O MpDC enviou información ao Valedor do Pobo para que lle recomendara ao rexedor de Trives o respecto deste dereito básico.

Non é o único alcalde que coartou a actividade dunha entidade social. De feito, o MpDC foi vítima dunha actuación de censura, neste caso promovida polo alcalde de Compostela, Xosé Sánchez Bugallo. O MpDC colocou cartaces informativos na cidade sobre a proposta de Bugallo de adicar unha rúa a Manuel Fraga e fíxoo nos lugares apropiados e adicados exclusivamente a iso para evitar que llelos quitasen. Parece que non foi suficiente. Os ope-

rarios do servizo de limpeza retiraron, de madrugada, todos os cartaces informativos. Pero a cousa non quedou aí, xa que os cartaces foron colocados de novo á mañá seguinte e, de novo, retirados polos operarios de limpeza. O MpDC denunciou este feito por ser inaceptábel xa que se estaba a incumprir unha ordenanza, a de publicidade estática, aprobada polo propio Concello. E falando de Manuel Fraga, non está de máis lembrar que adicarlle unha rúa vén a ser un pouco premiar a censura. Lembremos, por exemplo, que o señor Fraga Iribarne foi responsábel da condena de Alberto Míguez pola publicación da antoloxía bilingüe “El pensamiento político de Castelao”, por citar un de moitos casos.

Na localidade de Compostela, o MpDC formulou ao longo dos anos diversas alternativas para facilitar a comunicación dos movementos sociais, o que levou á aprobación dunha nova ordenanza de publicidade estática menos restritiva que a anterior, mais a interpretación feita desta foi a menos favorábel, de xeito que o organismo de defensa dos dereitos tivo que interpoñer unha denuncia no contencioso-administrativo, o que serviu para que o Concello aprobase a colocación de varios paneis. Do mesmo xeito, segundo a normativa, as empresas construtoras teñen que permitir a colocación de cartaces nos peches das obras, algo que se incumpre sistematicamente e está pendente de sentenza.

Na mesma localidade, deuse unha situación surrealista na que unha asociación que decorara un muro de tixelos, sen valor de ningún tipo, cun mural coa lenda “Compostela 100% em galego” tivo que refacelo até en sete veces pois o concello pintou por riba do muro en branco ou cincinto, dándolle unha aparencia que para nada devolvía o ornato e a estética que, se supón, buscaba conseguir. A mesma asociación tamén realizou un mural en prol da recuperación da memoria histórica, en lembranza de Ánxel Casal, alcalde galeguista de Compostela, os activistas culturais foron identificados e o mural paralizado pola Policía Local, baixo a ameaza de seren denunciados por “desobediencia grave” e de “atentado ao

patrimonio” no caso de continuar. Posteriormente, catro membros da mesma asociación eran identificados por policiais locais de paisano cando colaban cartaces para anunciar unha festa pola lingua. Hai que lembrar que en Santiago de Compostela, a raíz da Ordenanza promovida polo MpDC, non está prohibida a colada de carteis.

Os medios de comunicación dos movementos sociais en Compostela levaron aparelladas tamén en determinadas ocasións sentenzas xudiciais moi contundentes; como a de un veciño que foi condenado a localización permanente por un xuíz local tras ser retido e identificado pola Policía Local e acusado da realización duns murais.

En Monforte, tamén uns mozos foron retidos e identificados pola Policía Nacional cando estaban procedendo ao arranxo dun mural feito xa hai anos e que se atopaba en mal estado debido ao paso do tempo e ao clima, e que recollía a imaxe de Castelao. Non só se limitaba a liberdade de expresión, senón que se demostraba un cambio de actitude, xa que non houbera impedimento para a realización deste na primeira ocasión.

En Vigo, o Defensor del Pueblo amparou unha prohibición no ano anterior de proxectar un filme, “Hai que Botalos”, crítico co goberno anterior, do mesmo signo que a alcaldía. O Defensor del Pueblo xustificou esta restrición amparándose nun regulamento provisional, pendente de informe xurídico e de aprobación polo pleno municipal, datos que non confirmou o Defensor e dos que o MpDC tivo constancia con só descolgar un teléfono. Así, houbo censura nun centro cívico atentando contra os dereitos fundamentais da cidadanía e sen ningún tipo de base legal.

En Ourense a Policía Nacional impedía a realización dun mural da identificando os seus promotores e requisando o material. Recentemente, outro veciño foi multado por colar cartaces anunciadores un festival nun valado de madeira na cidade do Miño.

A liberdade de expresión tamén se vulnera cando se obstrúe o labor informativo dos xornalistas.

Este foi o caso, por exemplo, do alcalde de Toques, Jesús Ares. Logo de ser condenado por un delito de abuso dunha menor abriuse unha crise no Concello que pasou a converterse en epicentro informativo. Nun pleno, lembremos de asistencia libre por calquera cidadán, un grupo de xornalistas trataban de informar da posíbel destitución de Ares cando este os botou fóra, de moi malas formas e incluso rompendo algún do seu material de traballo. Unha vintena de xornalistas denunciaron ao rexedor por estes feitos e a sentenza, que condenaba a Ares a indemnizar a un reporteiro con 380 euros por esnaquizarlle a cámara e a outros catro veciños de Toques a aboar multas de 120 euros por unha falta de maltrato de obra, non dicía nada, increíblemente, da vulneración da liberdade de expresión. Desde o MpDC condenouse a actitude do rexedor e, do mesmo xeito, apelouse á xustiza para que sexa máis dura nestes casos. A rotura da cámara era algo secundario ante a vulnerabilidade do dereito básico de poder entrar no pleno e de realizar o seu traballo informativo que se lle negou, de forma violenta, a ese e aos outros xornalistas.

Doutra banda, o xulgado de Primeira Instancia número 2 de Vigo impediu a un xornalista de *La Voz* asistir a un xuízo relativo ao caso Nigrán, a pesar de que a audiencia estaba programada como pública e que xa empezara, sen que o reporteiro tivera ningún impedimento para entrar na estancia. O redactor era a única persoa que asistía como público. A xuíza rachou coa liña da doutrina establecida polo Tribunal Constitucional, que recomenda que os medios teñan acceso ás vistas.

Ademais, neste pasado ano, o MpDC seguiu a denunciar os casos de vulnerabilidade da liberdade de expresión, ou de prensa que o Defensor del Pueblo non investigou a pesar de serllo solicitado en varias ocasións. É o caso, por exemplo, da fotoxornalista que gravou as imaxes nas que axentes da Policía Nacional detiñan, nunha actuación desmesurada, a varias persoas que se estaban a manifestar na feira de Galiemprego na que estaba a intervir o daquela presidente da Xunta, Manuel

Fraga. A policía requisou o material desta xornalista e borrou as imaxes tomadas nunca clara vulneración da liberdade de prensa. O MpDC denunciou este feito ante o Valedor do Pobo que o derivou, ao ser unha actuación da Policía Nacional, ao Defensor del Pueblo. A resposta? Que a fotoxornalista non fora detida e polo tanto non se vulnerara o seu dereito á liberdade de prensa. Acaso non se vulnerou este dereito eliminando o seu traballo? Esta circunstancia era omitida polo Defensor del Pueblo nun claro exemplo de desamparo do pobo ante estes feitos, o cal aínda é máis grave se temos en conta que o desamparo proviña dunha institución que ten competencias, precisamente, na defensa dos dereitos dos cidadáns e cidadás.

Cómpre lembrar, aínda que pareza que non, que liberdade de expresión non é sinónimo de expresar libremente aquilo que primeiro nos pase pola cabeza. Remata onde comeza a liberdade do outro e, polo tanto, debe asegurar o recoñecemento e respecto dos dereitos e liberdades dos demais. E isto non se cumpre desde os medios, por exemplo, á hora de informar sobre a violencia de xénero. En moitos casos, danse detalles que veñen a responder a un claro desexo de alimentar o morbo, e nunca ao dereito de informar. De feito, en outubro de 2004, no marco dunhas Xornadas sobre medios de comunicación e violencia contra as mulleres asinouuse a chamada Declaración de Compostela. Nela analizábase o tratamento que os medios de comunicación lle daban ás informacións sobre violencia de xénero e asinábase un decálogo sobre boas prácticas á hora de informar dun acontece-

mento deste tipo. Este decálogo di que se debían tratar as agresións contra as mulleres como un ataque contra a liberdade e a dignidade das persoas e que se debe evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo. Para que iso sexa aínda máis efectivo, recóllese que non se situarán estas informacións nas seccións de sucesos ou crónica negra. Aínda que a Declaración foi asinada por diferentes asociacións, entidades e representantes de medios de comunicación galegos, non se cumpre e podemos comprobalo cada vez que aparece un caso de violencia de xénero na sociedade. O MpDC segue a denunciar o incumprimento desta declaración e debemos seguir facéndoo ata que se respecte a intimidade das vítimas.

Estes son algúns dos casos que o MpDC denunciou no ano 2006 por vulnerar o dereito á liberdade de expresión e de prensa. Son só un exemplo porque este dereito é un dos máis vulnerados e, en moitos casos, como puidemos comprobar, ante a impasibilidade dos órganos que existen para defender os dereitos civís do pobo. Queda moito traballo por facer e todo esforzo é pouco. Debemos seguir reclamando das forzas políticas e das institucións que sexan responsábeis e dos organismos que defenden os dereitos civís que sexan implacábeis. Pero tamén temos que ser nós, as organizacións sociais e os cidadáns e cidadás, os que esteamos atentos e denunciemos todos os casos dos que sexamos conscientes para evitar que pasen desapercibidos e con total impiedade e así construímos, entre todos, un país mellor.

## *Art. 20. Dereito á liberdade de expresión*

### **Vulneración do dereito a liberdade de expresión e a dar e recibir unha información veraz**

Ramón Barreiro Carnota

En plena campaña electoral das eleccións autonómicas do 19 de Xuño de 2005, o Movemento polos Dereitos Cívís tivo constancia de dous casos de vulneración do dereito á liberdade de expresión e a dar e recibir unha información veraz en dous lugares ben diferentes de Galiza. En ambos os casos o que se impediu foi a proxección do vídeo “Hai que botalos”, composto por unha serie de curtometraxes feitas por diferentes actores e artistas galegos, que amosan unha visión crítica da realidade de Galiza.

O primeiro caso aconteceu na localidade ourensá de Trives o 11 de Xuño no Café Bar Vía Nova de Trives. Ese día estaba previsto que se proxectase o vídeo “Hai que botalos”, mais no momento do comezo da proxección presentáronse axentes da Garda Civil co fin de impedila. Os axentes presentáronse ata en cinco veces máis coa intención de comprobar que non se producise a proxección do vídeo. No transcurso destes feitos producíronse varios altercados con clientes do bar que non entendían o motivo de prohibir a proxección do referido vídeo.

O outro caso aconteceu na cidade de Vigo, onde a asociación cultural Casco Vello solicitoulle ao Concello de Vigo acceso ao Centro Cívico do Concello para a proxección dun documental. O Concello concedeuulle o uso para os días 15 e 16 de Xuño. O día 15 proxectouse o vídeo sen problema ningún. Sen embargo, o día 16 acudiu a Policía Local por orde do Concello alegando que non podían empregar o Centro Cívico para proxectar o vídeo “Hai que botalos” porque nos carteis informativos non fixeron referencia á concellaría correspondente.

Estes feitos foron denunciados á Fiscalía Xeral do Estado, que lle deu traslado ás Fiscaías de Ourense e Pontevedra.

A Fiscalía da Audiencia Provincial de Ourense acordou arquivar a denuncia dos feitos por entender que a actuación da Garda Civil foi “escrupulosamente respetuosa, e obrigada pola legalidade”. Argumenta o fiscal que a proxección do vídeo “tiña un evidente e innegable contido político propio dunha campaña electoral, se ben amparado baixo o roupaxe distinto ao dun partido político concorrente ás eleccións, o que non impide considerar estes actos como propios de campaña electoral”. Baixo esta argumentación conclúe o Fiscal que a proxección do vídeo incumpria a Lei Orgánica 9/1983 do Réxime Electoral Xeral, e que o proxectado do vídeo non estaba amparado pola legalidade.

A motivación que argumenta a fiscalía para o arquivo da denuncia, carece dunha explicación dos elementos xurídicos e fácticos que levan á conclusión de que se ía celebrar un acto de carácter político. Polo que se refire á explicación do “roupaxe distinto ao dun partido político”, échenos de dúbidas en lugar de aclararnos a qué se refería.

O caso producido en Vigo deu lugar a que se incoasen dilixencias informativas e posteriormente un proceso penal, pero logo da toma de declaracións iniciais, o Xulgado de Instrución Nº 4 acordou o sobreseimento provisional do mesmo por entender que a actuación do Concello de Vigo foi a correcta e non se produciu vulneración dos dereitos fundamentais. Resulta especialmente grave a actuación do Concello de Vigo, polo feito de que o primeiro

día no que estaba prevista a proxección do filme non houbo ningún problema, e o segundo día, preséntase a Policía Local por orde do Concello para impedir a proxección, alegando que nos carteis informativos non se fixo referencia á concellaría correspondente. Os supostos incumprimentos da normativa municipal, se é que os había, xa se produciran o primeiro día da proxección, mais foi o segundo día, cando se presentou a Policía Local. Máis ben semella que non gustaba o contido do filme que se proxectaba, e tratouse de impedir polos medios que fose.

Logo das denuncias ao Xulgado e ao Defensor del Pueblo, o Concello de Vigo xustificou a súa actuación na aplicación dun “regulamento provisional” de cesión das instalacións dos centros cívicos. O referido regulamento nen sequera fora aprobado pola Xunta de Goberno do Concello de Vigo, por iso no informe que fixo o Concello, referíase ao “reglamento provisional”.

Por outra banda, a prohibición do mencionado regulamento, na que se baseaba o Concello de Vigo referíase a “actividades de carácter político”, mais non se explicaron en ningún momento os motivos que levaron ao Concello á conclusión de que no centro cívico solicitado se levou a cabo unha actividade de carácter político, o cal supón unha indefensión para as persoas que se viron privadas da utilización do centro, por canto non se xustificou debidamente o suposto incumprimento do referido regulamento provisional.

Respecto ao acontecido en Vigo, o Defensor del Pueblo entendeu que non se producira vulneración dos dereitos fundamentais, e nin sequera chegou a cuestionar a aplicación do regulamento provisional nin a cualificación de “acto político” que realizou o Concello de Vigo no informe que lle remitiu. Déronse por boas as explicacións.

Logo de coñecer estes dous casos, imponse unha reflexión xeral sobre o contido e alcance do dereito fundamental á liberdade de expresión, dado que se trata dun dereito fundamental sobre o cal existe unha extensa xurisprudencia do Tribunal Constitucional no que se refire á interpretación e extensión do mesmo. Neste senso, a interpretación que o TC fixo dende un primeiro momento do artigo 20 da Constitución, é que as liberdades recollidas no mesmo, non só son dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan asimesmo recoñecemento e a garantía de unha institución política fundamental, que é a opinión pública libre, indisolublemente vencellada ao pluralismo político, valor fundamental do noso ordenamento e requisito de funcionamento do estado democrático.

As liberdades recollidas no artigo 20 presentan a natureza propia dos dereitos de liberdade fronte ao poder, isto é, non exiben con carácter xeral mais que a pura e simple abstención por parte da administración, é dicir, a non inxerencia dos poderes públicos.

As garantías da liberdade de expresión e da liberdade de dar e recibir unha información veraz atópanse na prohibición que existe da censura previa e do “secuestro administrativo”. O Tribunal Constitucional entende que constitúen verdadeira censura previa “calesqueira medidas limitativas da elaboración ou difusión de unha obra, especialmente ao facelas depender do previo exame oficial do seu contido”. A Constitución dispón eliminar todos os tipos imaxinábeis de censura previa, aínda os máis febles e sutiles que teñan por efecto non xa o impedimento ou prohibición, senón a simple restrición destes dereitos. A prohibición do secuestro administrativo, implica que só pode acordarse o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información en virtude de resolución xudicial.

## Art. 22. Dereito de asociación

### Un tempo de transición no emprego da xustiza penal para a ilegalización de asociacións

José Ángel Brandariz

Profesor de Dereito Penal na UDC

O ano 2006 semella ter sido un estraño tempo de transición no que se refire ao emprego do sistema penal para a ilegalización de asociacións e organizacións cidadás, un deses períodos nos que, como con lucidez intuía GRAMSCI, se manifestan algúns dos fenómenos máis morbosos. A cuestión non é, en absoluto, baladí. No 2005 en Galiza producíronse senllas operacións policiais dirixidas, entre outras cuestións, a imputar ás organizacións xuvenís *Briga* e *AMI* a condición de asociacións ilícitas, abrindo o camiño para a súa disolución pola vía xurisdiccional penal, a cal necesariamente viría acompañada de penas de prisión para, cando menos, algúns/algunhas d\*s seus/súas membros. Estas operacións, paga a pena (re-)lembralo, teñen suposto un salto cualitativo de notábel entidade en termos de tratamento punitivo das formas de expresión política no noso país. A operación contra *AMI* transcorreu o ano 2006 nun singular debate xurisdiccional sobre a competencia da súa instrución, discutida entre a xurisdición ordinaria e a Audiencia Nacional, sen que a atribución da presunta ilicitude teña deparado grande novidade. A operación contra *Briga*, en troca, coñeceu en xaneiro de 2006 un auto dun xulgado de instrución da Coruña de sobresemento provisional polo que se refire á imputación como asociación ilícita.

A existencia deste auto, que desde calquera punto de vista minimamente comprometido coas exixencias garantistas dun Estado de Dereito non pode senón ser valorado, permite facer unha reflexión sobre a práctica de emprego do sistema penal para a ilegalización de asociacións, colectivos e organizacións.

Vaia por diante que esa práctica se consolida nun tempo histórico que ignora por completo a liña de fractura que, en relación con outras cuestións, poida ter suposto o 14 de marzo de 2004.

A consideración da ilicitude penal de calquera estrutura colectiva, que comporta privación de liberdade para \*s seus/súas integrantes e a disolución da asociación, requiriría un grao de coitado xurídico e de atención ao respecto dos dereitos fundamentais en presenza que a lexislación penal española está lonxe de atinxir. Non en van, un dos postulados fundamentais da tradición xurídico-penal occidental, froito sen dúbida dun avance civilizatorio neste punto, é o carácter persoal e individual da responsabilidade criminal. Este principio, con todo, non impediu que existisen desde antigo delitos que criminalizasen a estruturas colectivas en si mesmas, antecedentes directos do actual ilícito de asociación ilícita. Tales ferramentas normativas sempre se empregaron para sancionar a existencia de pequenas bandas, *gangs* ou grupos criminais, pero a súa presenza non deixou de ser aproveitada para a criminalización da disidencia política ou social.

Hai cousas que demoran en morrer. Precisamente, de novo voltando a GRAMSCI, os tempos de transición son eses períodos en que se manifesta a excesiva lonxevidade de realidades que, cando menos en aparencia, deberían ser obsoletas. Unha desas realidades son os resaibos na lexislación penal presente de lóxicas de criminalización propias de tempos totalitarios. E seguramente a regula-

ción das asociacións ilícitas no Código Penal -CP- (arts. 515 e ss.) é un dos puntos nos que se evidencia un deses resaibos.

Un sistema penal que evolúe desde un modelo de responsabilidade estritamente persoal a outro no que cada vez máis cabe a criminalización de estruturas colectivas (sexan persoas xurídicas, empresas ou asociacións de calquera xénero) ten que deseñar un patrón de infracción propio desas agregacións colectivas, do mesmo xeito que séculos de desenvolvemento do saber xurídico-penal teñen levado a construír un esquema de delito (individual) tendencialmente acaído ás exigencias do Estado Democrático de Dereito.

E precisamente isto é o que non ten feito o CP vixente. Todo o contrario. As diversas reformas dos últimos anos teñen ampliado o concepto de asociación ilícita ata límites inéditos, sen avanzar en absoluto sobre a previsión de requisitos que deberían, desde calquera postura garantista, evitar os excesos na criminalización de estruturas colectivas. Sen prexuízo desta consideración xeral, paga a pena reparar noutras dúas notas distintivas desa última evolución da normativa penal na materia e da súa aplicación práctica.

En primeiro lugar, esa evolución prodúcese nunha etapa na que o sistema penal español comeza a prestar atención ao crecente fenómeno da criminalidade que se verifica nos eidos económicos. Dese xeito, xa en 1995 o CP establece sancións aplicábeis a empresas e persoas xurídicas en casos en que as devanditas estruturas podan ser empregadas para cometer delitos (art. 129 CP). Porén, e fronte ao que é norma no eido das asociacións ilícitas (art. 520 CP), o lexislador español dispón sancións que non necesariamente teñen que supor a *morte civil* desa empresa o persoa xurídica, senón que poden ir da intervención xudicial á prohibición parcial de actividades ou á suspensión temporal destas. O lexislador español parece entender, xa que logo, nunha obvia aplicación do principio de proporcionalidade, que as empresas e persoas xurídicas poden ser empregadas para cometer

delitos (mesmo graves) sen por iso *contaminarse* globalmente e perder por completo a súa eventual funcionalidade social. Esa saudábel formulación, desenvolvida non sen tradicións -dito sexa de paso- está aínda ausente no eido das asociacións ilícitas.

En segundo lugar, a cuestión convértese en máis preocupante ante a aplicación dos delitos de asociación ilícita e da práctica de sanción de estruturas colectivas que se ten desenvolvido nos últimos anos no Estado español. Unha normativa que faría xurdir escasas dúbidas democráticas en caso de ser aplicada a bandas delitivas convértese en sumamente obxectábel cando é empregada como ferramenta de criminalización de organizacións políticas, sociais ou comunicativas. Como se a promulgación dunha Constitución formalmente democrática supuxese decretar a fin da historia, vivimos tempos en que non escandaliza que se acorde, sen xuízo e condena, a suspensión de actividades e a clausura dun medio de comunicación (o que, obvio é, implica a súa efectiva desaparición) a pesar de que posteriormente non se atope, no seu labor, ningún indicio de actividade delitiva (vid. caso *Euskaldunon Egunkaria*). Contemplado desde outro punto de vista, a reforma do delito de asociacións ilícitas realizada en setembro de 2003, que amplía a súa aplicación a asociacións '*...que teñan por obxecto cometer ou promover a comisión de faltas de xeito organizado, coordinado e reiterado*' (art. 515.1º CP) foi expresamente fundamentada na necesidade de criminalizar as bandas adicadas ao carterismo nas grandes cidades. Porén, tal como quedou redactada a norma, sen maior matización, pode ser perfectamente empregada para criminalizar a colectivos ou organizacións sociais ou políticos que acollan entre a súa práctica comunicativa a realización de graffitis e pintadas, ou a subversión da publicidade, accións que resignifican os non-lugares das nosas vilas e cidades. Nun e noutro caso a consecuencia é a mesma: prisión para as persoas individuais membros da asociación e disolución (isto é, *morte civil*) da estrutura colectiva. A amplitude dese deseño da nature-



za ilícita da asociación, introducido na citada reforma de 2003 e que vai alén do establecido no art. 22.2 da Constitución, prefigura a súa condición de ferramenta privilexiada de criminalización da acción política que, sen necesidade de incorrer en ningunha espiral violenta, experimente a superación das formas de expresión do século pasado. Vivimos tempos dados a converter en norma a excepcionalidade e, polo tanto, pouco axeitados para reparar na distancia cualitativa, e mesmo ontolóxica, que separa a unha asociación política ou social dun *gang* criminal.

Á espera de que \*s lexislador\*s caian na conta de cuestións tan obvias, e tomen a senda correcta na encrucillada antitética que sempre separa a Razón de Estado do Estado de Dereito, o delito de asociación ilícita continúa a xerar todos os riscos que sempre o teñen caracterizado.

En primeiro lugar, os delitos de asociacións ilícitas seguen introducindo, como se ten sinalado, un réxime de responsabilidade colectiva. En efecto, na medida en que poida deducirse o carácter ilícito da forma asociativa concreta, tod\*s \*s seus/súas membros poden ser inculmad\*s, con independencia da súa proximidade á finalidade ilícita, e sempre que aparecen considerad\*s como fundador\*s, director\*s, president\*s (art. 517 CP), membros activ\*s (art. 517 CP), ou simples colaborador\*s (art. 518 CP). A posibilidade de difusión e alcance subxectivo que posúen estes conceptos non precisan ser subliñada.

En segundo lugar, os delitos de asociacións ilícitas introducen un réxime de responsabilidade autorreferencial. En efecto, a ilicitude colectiva –da asociación– dedúcese da individual, isto é, dun acto individual que poida ser relacionado coa asociación. A partir desa premissa, a responsabilidade colectiva irradia de novo cara á individual, proxectándose cara a tod\*s \*s membros desa asociación, con independencia da súa implicación no primeiro acto ilícito individual.

En terceiro lugar, os delitos de asociacións ilícitas introducen un réxime de responsabilidade

de inevitabelmente arbitrario. Esa arbitrariedade reflítese, cando menos, en dous aspectos. Por unha banda, na proxección da extensión do carácter colectivo da responsabilidade. Non é asumíbel nin, polo demais, factíbel, que esa responsabilidade de carácter colectivo alcance a todas as persoas relacionadas coa asociación –membros activ\*s (art. 517 CP), simples colaborador\*s (art. 518 CP)–, en particular se a súa entidade é notábel. Por iso, acábase por inculmar a algúns/unhas d\*s seus/súas membros, seleccionad\*s de xeito aleatorio. O caso da condena a membros das asociacións *Jarrai-Haika-Segí* constitúe neste sentido un exemplo que non precisa maior comentario. En segundo lugar, esa responsabilidade é arbitraria porque, coa amplitude dos artigos do CP de referencia, o catálogo de formas asociativas que poderían incorrer nel é amplísimo –inclusive, seguramente, os partidos maioritarios, en relación con algunhas das súas actuacións, p. ex., casos de financiamento ilícito xa sentenciados–, de xeito que a selección dalgunha delas aparece tinxida polas características da selección discriminatoria.

En atención a todo o afirmado cabería pensar que pouca alternativa hai, á espera de que lexislación penal vixente se vexa neste punto definitivamente amoldada ao marco do Estado democrático de Dereito. Porén, seguramente queda unha fenda pola cal o citado auto do xulgado de instrución da Coruña implicitamente ten sabido transitar. Trátase dunha fenda que se ofrece en atención a un postulado tan básico na orde sancionadora como é o principio de proporcionalidade (previsto no art. 49 da *Carta de Dereitos Fundamentais da UE* e dotado de rango constitucional polo Tribunal Constitucional español).

Estamos a falar dunha interpretación dos delitos de asociación ilícita que preste atención ás sancións establecidas para estes, en comparación sistemática coas previstas con carácter xeral para persoas xurídicas e empresas no art. 129 CP. Repárese, como se ten apuntado, que estas sancións, a pesar de estar previstas para delitos moito máis graves que as infraccións instrumentais que poden determinar a

ilicitude dunha asociación, non supoñen necesariamente a disolución ou clausura da persoa xurídica ou da empresa; polo contrario, no eido das asociacións ilícitas (art. 520 CP) a acreditación de ilegalidade implica inevitabelmente a disolución, mesmo cautelar, da estrutura colectiva. Un simple razoamento xurídico debe levar a entender, en consecuencia, que a comisión de delitos ou faltas debe ser a fin practicamente única da asociación para que poida ser declarada a súa ilicitude penal. Máis aínda se se ten en conta que, mentres que a liberdade de empresa (art. 38 Constitución -

CE-) non é un dereito fundamental, si que o é o dereito de asociación (art. 22 CE), do mesmo xeito que o pluralismo político é un valor superior do ordenamento xurídico español (art. 1 CE).

Desde a consideración destas normas evidénciase que a criminalización de colectivos políticos ou sociais precisa dun grao de cautela moi superior ao que nestes tempos temos presenciado. Non podería ser doutro xeito, xa que o disenso político é imprescindíbel, pola súa carga de proxección de futuro, para un sistema democrático digno de tal nome.

## *Art. 23. Dereito de participación*

### **O dereito de participación nos asuntos públicos**

Miguel Anxo Fernández Rodríguez

*Secretario Xeral de Xustiza e Sociedade en Galiza*

O artigo 23 da Constitución, no seu apartado primeiro, establece, con rango de dereito fundamental, que os cidadáns teñen o dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

A Xurisprudencia do Tribunal Constitucional veu poñendo de manifesto como este dereito a participar nos asuntos públicos se trata dun dereito fundamental que encarna o dereito de participación política no sistema democrático dun Estado social e democrático de dereito, proclamado no artigo 1 da propia Constitución, e é a forma de exercer a soberanía que o mesmo precepto consagra e que reside no pobo. Por iso esta participación nos asuntos públicos é, en esencia, a que se realiza ao elixir os membros do Congreso e do Senado, que son os representantes do pobo segundo establece o artigo 66 da Constitución, e pode entenderse, así mesmo, que abrangue tamén a participación no goberno das entidades en que o Estado se organiza territorialmente (parlamentos autonómicos, deputacións, concellos, etc.), de acordo co artigo 137 do texto constitucional.

Recórdasenos tamén polo Tribunal Constitucional que, malia que os titulares deste dereito son os cidadáns e non o son outras persoas (entenderemos que xurídicas) ou entes como sindicatos ou partidos políticos, non se trata dun dereito a que todos os cidadáns participen en todos os asuntos públicos calquera que sexa a súa índole e condición.

Así, temos que entender que a participación directa que corresponde a todo cidadán nos asuntos públicos é a que se alcanza a través das consultas populares previstas na propia Constitución (artigos 92, 149.1.32, 150.1, 152.2, 167.3 e 168.3), de tal forma que a vontade dos cidadáns deberá canalizarse, necesariamente, a través dos distintos partidos políticos que se converten, desta forma, nos únicos e fundamentais instrumentos cos que contamos os cidadáns para facer posíbel a manifestación da nosa vontade e o dereito a participar nos asuntos públicos.

Sentado o anterior, terá que se convir que o dereito á participación dos cidadáns nos asuntos públicos non se configura como dereito a unha participación absoluta, senón que se atopa suxeito á disciplina legal que se establece en canto á forma, exercicio e modalidades da devandita participación aínda que, ao corresponder este en exclusiva aos cidadáns e non aos partidos políticos, a teoría condúcenos a entender que os representantes elixidos deben selo dos propios cidadáns e non dos partidos baixo cuxas siglas comparezan ao proceso electoral de que se trate, e a súa permanencia na cargo alcanzado non pode, de ningún xeito, depender dos partidos senón da vontade que expresen os propios cidadáns.

A configuración deste dereito á participación en asuntos públicos parece, pois, cinxirse á posibilidade que ten toda persoa a expresar a súa vontade a través das correspondentes consultas electorais, por medio das cales elixirá os seus representantes para os distintos organismos nos que a vontade popular ten

que verse directamente representada. Non se consagra, en consecuencia, un dereito á participación directa e en calquera momento da persoa individual en calquera asunto público.

Unha pregunta, á vista do que anteriormente se deixou exposto, nos asalta desde o primeiro momento. Que ocorre cando a vontade dos cidadáns expresada libremente a través das eleccións e consultas que se someten á súa participación resulta traizoada pola posterior actuación daqueles que foron elixidos como os seus representantes, como pode o cidadán, nese momento, sentirse participe da marcha dos asuntos públicos que lle garante o texto constitucional, que armas ten o cidadán para que se repoña ese dereito que se viu truncado coa actuación do seu representante.

Deuse en chamar contrato electoral ao que xorde entre o político que resulta elixido e os cidadáns que, a través do seu voto, designaron os seus representantes para os distintos organismos que compoñen as distintas administracións públicas. Este contrato electoral, non escrito, xorde como o resultado dun acordo de vontades no cal o representante electo se comprometeu, a través da exposición e defensa do seu programa, a realizar unha serie de actuacións para as cales os cidadáns, a través do seu voto, lle deron o seu respaldo. Calquera pode, sen dúbida, sinalar non un senón varios casos nos que ese contrato electoral resultou absolutamente incumplido. Que ocorre entón, ata onde alcanza o dereito de participación que se consagra no artigo 23.

Gustaríame, de esguello, recordar casos como a indignación cidadá ante a participación acordada polo Goberno de Aznar na guerra de Iraq, participación que non se someteu a ningún tipo de consulta malia a gravidade da cuestión, e que, ante o rexeitamento de máis

do 85% da sociedade que se plasmaba en todo tipo de enquisas, soamente obtivo de quen eran os representantes dos cidadáns o insulto como resposta (“cans que ladran o seu rancor polas esquinas”). A quen representaban nese momento os representantes?

Na vida municipal, moito máis próxima aos problemas cotiáns, este tipo de situacións é, se cabe, moito máis dramática. Non só se ignora a vontade dos cidadáns ou se actúa en contra desta e a favor de determinados intereses económicos, senón que a expresión da vontade popular contraria á actuación do seu representante se imposibilita a través da prohibición do seu acceso aos plenos de carácter público (nin luz nin taquígrafos) ou sinxelamente reprímese pola forza. Os casos de Vigo e Nigrán, onde o MpDC pediu explicacións polos impedimentos para que os veciños asistisen ao debate sobre O PXOM; ou Toques, onde a pesar da condena pola agresión aos xornalistas, o MpDC denunciou a ausencia de condena pola expulsión dos xornalistas no Pleno, na nosa Galiza, son suficientemente significativos respecto diso.

Cada vez máis voces se alzan contra esta situación, entendendo que o dereito á participación cidadá nos asuntos públicos debe ser non soamente máis efectivo senón que ten que se realizar de forma máis continuada de tal forma que exista un control sobre a actuación dos seus representantes aos que debe poder exixir o cumprimento do contrato electoral suscrito. Deben, por iso, habilitarse os mecanismos necesarios para que a devandita participación sexa real e non unha simple máscara que unicamente serve para engordar as arcas dos distintos partidos políticos.

De seguiren así as cousas, que participen eles.

## **Art. 24. Protección xudicial dos dereitos**

### **Os cidadaos cada vez mais súbditos**

Nemésio Barxa  
*Avogado*

Pede-me o MpDC um relatório sobre a situação dos direitos civís no passado ano de 2.006. Certamente quigera renunciar a opinar sobre estes temas que, pola sua monotonia e reiteraçom, deixam pouco espaço para artelhar um artigo novedoso ou um comentário criativo. Sem fé nem esperanza e descreido por completo da caridade alheia, enfronto-me com o trabalho encarregado desiluidamente, com o convencimento de mais do mesmo, pero mais a mais, é dizer, cada dia pior. Invade-me o pessimismo de futuro e os anos vam deixando atrás forças para reagir, mas penso, e por isso escrevo apesar do meu pessimismo, que é preciso “petar nas consciências” (como dizia Castelao) para espabilar a esta humanidade que enfronta com um futuro de submissom de deshumanizaçom e, para os que nom se sometam, de exclussom.

Sinto como se me copiar, polo tantas vezes repetido afirmar que o que ocorre no país chamado Espanha e na naçom chamada Galiza nom é mais que asumir as atitudes que nos mostra o Império. O Império arrasa países, pisa direitos humanos, masacra populaçoms, rouba, manipula, utiliza e mantem-se sempre por acima da lei, nom só da lei escrita, aliás a natural. E outros estados, na sua funçom de mandarins, adoram este atuar desinibido, prepotente, despótico e, dentro das suas possibilidades, aplicam-no na sua parcela de poder; e as suas possibilidades de aplicaçom som muitas porque o cidadão-súbdito cada vez cede mais parcelas da sua liberade, sempre condicionado polo que “si no es peor”; se nom deixas que investiguem na tua vida e nas vidas dos teus filhos, que controlem os teus actos,

que te castiguem paternalmente, virá o coco e nos comerá, assaltarám as nossas casas, teremos insegurança na rua, correrá risco a nossa integridade física, fecharám as empresas provocando paro laboral ou virám, ainda, os roxos “com cornos e rabo” para mais amolar.

Que está a ocorrer nos países em que a gestom tutelar do Império puxo as suas gadoupas? Que tudo vai muito a pior do que antes da sua “providencial chegada”: mortes, indignaçom, discriminaçom, barbárie... e o roubo perpetuo das suas riquezas naturais; e ainda pensa em chegar a mais lugares, sempre com a intençom de nos salvar do terrorismo internacional; e os governos da velha Europa dam o seu visto e prace e colaboram.

No Estado Espanhol temos que reconhecer que a saída do governo do PP moderou umha escalada no menoscabo dos direitos cidadaos, mas os principais problemas ficam ainda por resolver: torturas, vídeocâmaras, oscurantismo na Administraçom, insegurança, discriminaçom, indefesom fronte à actuaçom dos membros e forças de segurança.

Na justiça atopamos desde sentenças adequadas à legalidade até outras em que os direitos sindicais ou cidadáns som ignorados. Lembro agora, entre as primeiras, aquela de um Julgado de Ourense, confirmada pola Audiência Provincial, em que se condenava o regedor de Pereiro de Aguiar por ameaçar com escopetas um piquete de trabalhadores que informavam sobre o exercício do direito de greve. Porém, aplica-se a justiça com distintos baremos, já que neste caso o regedor foi con-

deado a pagar 900 euros, e no mesmo ano um sindicalista -o mesmo que foi ameaçado polo regedor e a sua escopeta- foi condeado a pagar 7.680 € por participar num piquete na greve geral de 2002. Assim, o certo é que os direitos dos cidadãos, nomeadamente no que atinge ao emprego na Administração de Justiça do idioma próprio da nossa nação, ficam reiteradamente violados. A nível do Estado Espanhol as pifiadas e mudanças de critério judicial resultam clamorosas, evidentes e mediaticamente comentadas; a política contamina a independência do poder judicial. Lembremos aqui o caso das manifestações do Fiscal Sr. Fungairiño a respeito do seu desconhecimento de determinadas acusações relativas ao 11-M (designadamente a existência dumha carrinha implicada nos atentados), sem que a Fiscalia Geral tomase medida alguma para investigar este facto e a sua transcendência, rejeitando qualquer pedido neste sentido como o realizado insistentemente polo MpDC (também partidos políticos e outras entidades) que nom obtivo até junho do 2.006, e mediante escrito do Defensor del Pueblo, resposta, reconhecendo que nom tinha realizado gestom alguma para comprovar se essas manifestações do Sr. Fungairiño eram simples ironia ou evidenciavam um problema real e muito mais fundo, mantendo o critério de nom investigar. Na Galiza nom é menos preocupante a actuação da justiça, até o ponto de que desde a Conselharia de Presidência esta-se a constituir um grupo de trabalho para analisar os “graves problemas polos que atravessa a Administração de Justiça na Galiza”. Chegaremos a tempo de endireitar o rumo?

Um tema para mim muito importante polo que tem de denigrante para a humanidade é o da tortura. Continuamos ainda a debater o jeito em que se levarám acabo as medidas efectivas de prevençom. No entanto, observamos arrepiados casos como o dos policias locais de Vigo, condenados por agresssons e tortura ao cidadão senegalês Mamadou Kane, que som restituídos nos seus postos de trabalho, em contacto com os cidadãos vigueses e em

condiçons de que repitam o seu comportamento sancionado; também o MpDC solicitou do Concelho viguês o apartamento de estes agentes para labores administrativas, sem obter reposta. Aliás, o Concelho viguês mesmo afirmou publicamente que a sua policia estava “sobradamente preparada em direitos civís”.

A Organização Mundial contra a Tortura (OMCT) vem de publicar, no 2.006, um opúsculo intitulado “Violaçons de direitos humanos no Estado Espanhol”, em que recolhe violaçons constatadas e recomendaçons efectuadas polo Relator especial da Comissom de Direitos Humanos das Naçons Unidas; entre as conclussions do Comité Europeio para a Prevençom da Tortura (CPT) que *“a delegaçom obtivo ampla evidência, incluso de natureza médica, coerente con as alegaçons de maus tratos recebidos”*, e as recomendaçons que *“nom pode permitir-se que continue o impasse actual no diálogo com as autoridades espanholas numha matéria tanto importante como as salvaguardas contra os maus tratos que devem ser oferecidas às pessoas privadas de liberdade polas forças de seguridade”* e *“invita ao Conselho Geral do Poder Judicial para que anime os júizes a adoptarem umha posiçom mais activa en relaçom com a funçom de supervisom antes mencionada (jeito em que som tratadas polos membros e forças de seguranga as pessoas detidas”*. Ainda em fevereiro de 2.006, nas “Jornadas sobre a Prevençom da Tortura”, insistiu-se na persistência da tortura no Estado Espanhol e fai-se de novo umha serie de recomendaçom *“às mais altas autoridades e instituiçons de todo o Estado”* para rematar realmente com esta lacra. Mas nom parece que o Estado Espanhol seja totalmente receptivo às recomendaçons da CPT no que atinge à implementaçom dum Mecanismo de Prevençom da Tortura no Estado Espanhol já que a proposta que este fai, segundo o informe da associaçom “Xustiza e Sociedade”, é que Leopoldo Torres seja o Defensor del Pueblo o organismo que no Estado se encarregue desta questom, propostas coas que a CPR mostra o seu descontento

por considerar que nom oferecem a independência e seguridade necessárias.

A falta de resposta por parte das administraçõs aos escritos e solicitudes que se lhe apresentam ou informes que demandam é moeda habitual, sem que os organismos que deveriam sancionar este proceder actuem adequadamente. O MpDC pode dar fé de como apesar da sua teimosia e acudir a diversas instâncias, dificilmente consegue a informaçom que requer ou a resposta que solicita. De todos os jeitos, penso que só estas associaçõs podem conseguir êxitos nesta luta polo trunfo dos direitos civís fronte a um poder esmagante que amostra todas as características do mais rudo fascismo ao tratar de con-

vencer o cidadão de que renuncie aos seus direitos em beneficio de um suposto bem comum ou da sua segurança.

E que queredes que vos diga das câmaras de vídeo-vigilância? O TSJ de Castilla-León, en sent. de 18.09.06 declara que a instalaçom por parte da empresa das câmaras de vídeo-vigilância nom supom vulneraçom do direito da intimidade do trabalhador.

Que Deus nos colha confessados neste ano 2.007. Será preciso lutar com muito mais empenho, nom ceder nem para colher forças, colaborar com as associaçõs que trabalham pola defesa dos direitos humanos e dos direitos dos cidadãos e nom cair na indiferença nem no desânimo.





## Art. 27. Dereito á educación

### Educación e Plano Boloña

Santiago Agra

*Asemblea de Estudantes de Ciencias da Comunicación*

#### 1.- Introducción

O Plano de Boloña. Que é? En que consiste? Que trae consigo? Estas son algunhas das moitas preguntas que os estudantes podemos formularnos sobre este tema, do que tanto se fala pero sobre o que parece haber moi pouco coñecemento. Somos os estudantes os máis afectados por Boloña, pero somos os que menos sabemos dela. Semella que ás Universidades non lles interesa que o estudiantado coñeza o que supón esta reforma.

O Proceso de Boloña inscríbese dentro do proxecto de converxencia neoliberal europea. Nun principio consistiría na homologación do sistema de créditos dunha gran maioría dos países do continente. Porén, en realidade é un duro ataque contra o ensino público e un intento de acoutar o acceso á universidade restrinxíndoo ás elites sociais e económicas. O capitalismo europeo quere aplicar as medidas neoliberais máis duras para poder entrar de cheo na educación superior e convertela nun novo mercado onde lucrarse. Detrás deste Plano está, como non podía ser doutro xeito, a Organización Mundial do Comercio (OMC), disposta a facer negocio con calquera cousa.

#### 2.- Historia

O Plano comezou a se xestar coa declaración da Sorbona (París) en 1998 e continuou a súa andaina coas de Boloña (1999), Praga (2001) e Berlín (2003). A pesar das boas intencións e palabras bonitas destes catro documentos están case baleiras de contido real. En ningunha delas aparece reflectida a nova organi-

zación das universidades nin a permanencia da universidade pública.

O resultado do Proceso de Boloña será a creación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), deseñado por políticos profesionais e empresarios da educación. No Estado español xa vivimos a primeira parte do proceso de adaptación ao novo marco: foi a Lei Orgánica de Universidades, a LOU (a nova lei do PSOE é un calco), a oposición á cal foi amosada no seu día polas multitudinarias mobilización contra ela, sobre todo en Compostela

Agora toca continuar co proceso, mais nin sequera no propio Ministerio de Educación saben como seguir adiante. A súa confusión chega até o punto de redactar borradores de borradores. A día de hoxe aínda non sabemos a que titulacións poderán acceder os estudantes que entren cando se aplique Boloña.

#### 3.- Os cambios de Boloña

Entre os cambios máis visíbeis que vai traer o Proceso de Boloña está reforma da estrutura das carreiras. A Unión Europea, no canto de preferir o sistema de carreiras de cinco anos cunha forte especialización que é o sistema maioritario no continente, optou polo sistema inglés de graos e posgraos. O grao consistiría nunha formación básica e xeral (coa que xa se podería acceder ao mercado laboral) e o posgrao na especialización.

Mais as cousas non son como nolas queren presentar! Para poder optar a un traballo minimamente decente (se o atopas) necesitarás ter o posgrao, e non todo mundo poderá paga-

los. Incluso os das universidades públicas terán prezos demasiado altos para moita xente. Os posgraos son os equivalentes aos "masters" actuais, pero con Boloña serán (na práctica) obrigatorios.

Se estabas pensando nunha bolsa de estudos, esquécete dela. As bolsas de axuda de toda a vida serán substituídas por créditos que terás que devolver cando atopas traballo. Deste xeito o papel dos bancos (o BSCH en Compostela, por exemplo) aumenta converténdonos aos estudantes en escravos dos bancos só con 18 anos (e non nos soltarán así como así).

Co Plano de Boloña, o número de carreiras diminúe, pero non desaparecen realmente as titulacións, estas pasarán a ser posgraos de pago. Terá especialización a quen o peto llo permita (e non serán tantos).

As formas de dar as clases tamén van cambiar. En primeiro lugar os grupos de alumnos terán que ser reducidos, polo tanto haberá que facer reformas en moitas facultades para crear aulas novas ou dividir hai que xa hai. Esta cantidade de obras... poderá pagalas unha Universidade endebedada até os topes? O Ministerio de Educación xa advertiu que non destinará orzamentos para a aplicación de Boloña, polo que a solución será reducir os números clausus, elitizando aínda máis o ensino superior. Por outra banda, o sistema de créditos tamén varía. Actualmente un crédito equivale a dez horas, mais co Plano de Boloña un crédito pasará a equivaler vinte e cinco horas! Estas abranguen as horas de clases teóricas, as prácticas, o traballo persoal do alumno, as horas de titorías do profesor e as

horas de exame.

As prácticas son un dos pratos fortes de Boloña, xa que a metade dos créditos de prácticas terán que facerse en empresas privadas. É dicir, converterémonos en man de obras barata en precario e, por suposto, sen cobrar nada. Este horario é incompatible co dun traballador, polo que todos aqueles que teñen que traballar para poder pagar os estudos será incapaces de facelo con esta reforma por falla de tempo.

Entre os cambios que máis directamente afectan a Galiza está o da mobilidade. Co Plano de Boloña preténdese fomentar que os estudantes realicen parte da súa formación noutro país, para o que se precisará reducir o número de idiomas no que se imparten aulas para facilitar a comunicación. Isto suporá unha (maior) marxinação de moitas linguas, entre elas o galego. A pesar de ser a lingua maioritaria na Galiza, verá retroceder a súa andaina cara á normalización no ensino superior. Asemade, ao ter que estudar en toda Europa (supostamente) o mesmo, non haberá sitio para contidos relacionados co noso país e as súas necesidades,

#### **4.- Conclusión**

O Plano de Boloña é todo isto e moito máis: privatización, elitización, desespecialización, precarización e a perda de identidade nacional. Para loitar contra Boloña e poder informar os estudantes sobre o que se nos vén enriba, naceron as Asembleas de Estudantes, que nos coordinamos a través da Coordinadora de Asembleas de Compostela. Porque aínda que Boloña afecte a aqueles que virán despois nosa, paralo depende de nós.

## Art. 28. Dereito á folga e libre sindicación

### U-lo dereito á folga e á libre sindicación?

Xosé Ramón Losada  
*Avogado*

A intoxicación diaria, que sufrimos a través dos medios de comunicación, que nos están a vender constantemente que vivimos no mellor dos mundos posíbeis, deixa moito que desexar cando analizamos a realidade cotiá dende a perspectiva como traballadores pertencentes a unha clase e como cidadáns dunha nación dependente e colonizada.

Vendido, como tema asentado, e sen discusión, que estamos nunha sociedade democrática, na que os seus membros gozan de plenos dereitos individuais e colectivos, imos mirar que ocorre na práctica co dereito á libre sindicación e folga recollido no artigo 28 da vixente e sacralizada Constitución española.

Para isto, dende unha perspectiva nacionalista e de clase, nada mellor que mirar o que sucede no mundo real a través do acontecer diario do sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG), recollido na súa páxina web (<http://www.galizacig.com>), collendo un día calquera, como pode ser o momento da redacción deste artigo, e confrontando o que é a realidade concreta do dereito de libre sindicación e folga e como se está vivir este na sociedade galega.

Así pois, a día de hoxe, 22 de xaneiro do 2006, sen facer unha escolma total do contido da páxina da CIG, e centrándonos unicamente no devandito dereito en cuestión, son ben ilustrativas do estado da situación as seguintes noticias que a continuación se expoñen, recollidas un día calquera, pero que mirado calquera outro día, serían outras diferentes pero con contidos similares: despedimentos por presentarse ás eleccións en candidaturas

diferentes ás preferidas pola patronal, persecución sindical, etc.

#### **Chiquiplancha**

Dúas traballadoras foron despedidas da empresa Chiquiplancha, nunha acción que segundo a delegada sindical estivo perfectamente planificada desde que a central nacionalista comunicou a celebración de eleccións sindicais. Desde este momento o patrón pressionou as empregadas para que rexeitasen a posta en marcha do proceso electoral. Do contrario, ameazou con botalas á rúa. As empregadas negáronse a asinar un documento para que desistisen na realización das eleccións e, aos poucos días, dúas das empregadas foron despedidas.

#### **Hotel Aurlense**

No hotel Auriense, tamén houbo dous despedimentos por presentarse ás eleccións sindicais pola CIG. Estes dous traballadores levaban nesta empresa cinco anos, sen ter nunca ningún problema, até que se presentaron ás eleccións sindicais pola CIG.

Demostrouse claramente que foi un despedimento improcedente e que é un xeito de represalia sindical porque hai unha carta de despedimento na que se fala de falta de puntualidade e rendemento nos últimos meses, e acompañando esa carta de despedimento xa se lle acompañaba outro escrito recoñecendo a improcedencia deste e o dereito a percibir a indemnización por despedimento improcedente.

Para Etelvino Blanco, secretario comarcal da CIG Ourense, “isto demostra a desfachatez da

empresa no tema, que o único que pretende é evitar que os traballadores e traballadoras teñan os e as representantes sindicais que eles querían que era en concreto un destes dous, porque quen preavisamos as eleccións fóramos a CIG”.

### **Sanatorio de Lugo**

Nun sanatorio concertado de Lugo, foi despedida a traballadora que encabezaba a lista da CIG. Carme Aira, secretaria comarcal da CIG-Saúde, salienta a “tradición nefasta” deste centro médico lugués no tocante ás relacións laborais. A sindicalista explica que, con este despedimento, “se pretende amedrentar todo o plantel de traballadores/as”.

### **Joyerías José Luis**

En Joyerías José Luis, os sindicatos denunciaron a persecución sindical exemplificada en frases como “si no estás a gusto, vete”, profirida polo director-xerente, ou “si tienes huevos sal y lo arreglamos en la calle”, dita polo director de Recursos Humanos.

O maltrato de palabra cara aos membros do Comité é permanente e as limitacións ao seu traballo sindical son constantes. Teñen prohibido empregar o teléfono, as súas contas de correo electrónico foron deshabilitadas e non lles dan traballo que realizar.

Segundo informan os traballadores/as, os responsábeis do persoal difaman aos empregados/as e mesmo chegaron a insinuar que algún deles roubara. Parte destas ameazas xa

foron postas en coñecemento da Policía e da Xustiza. A Inspección de Traballo ten dilixencias abertas.

O acoso sobre os representantes dos empregados/as chegou até tal extremo que a Dirección de Joyerías José Luís presionou a grande parte dos traballadores/as para que revogasen o Comité de Empresa, mais o intento foi inútil.

### **Carlos Vázquez**

Por último, tamén se fala do caso de Carlos Vázquez e da sentenza da Audiencia Provincial de Ourense na que se desestiman os recursos de apelación presentados contra a sentenza que condenou o sindicalista da CIG a pagar 7.860 euros por participar nun piquete. Desde a CIG constatan unha vez máis que “existe moito rigor á hora de aplicar o Código Penal para perseguir os líderes sindicais, mais non é a mesma vara de medir a que se utiliza cando se atenta realmente contra os dereitos dos traballadores/as por parte dos empresarios/as”.

### **Conclusión:**

Os feitos son teimudos e evidencian que as vulneracións dos dereitos dos traballadores nesta sociedade son constantes, e así mesmo poñen de manifesto que, a pesar do continuo traballo das organizacións de todo tipo na defensa dos dereitos e liberdades democráticas, as diferenzas entre dereitos formais e dereitos reais son hoxe por hoxe moi distantes...

## Art. 29. Dereito de petición

MpDC

### **Unha breve introdución sobre o dereito de petición**

O dereito de petición está recoñecido no artigo 29 da Constitución, establecendo que toda persoa natural ou xurídica, individual ou colectivamente, pode exercelo ante calquera institución pública, administración ou autoridade, e que os obxectos das peticións poden atinxir calquera asunto do ámbito de materias do destinatario, tanto se son de interese específico do peticionario como de interese colectivo (a continuación volveremos sobre este tema). A Administración ten que acusar recibo da petición dentro dos dez días da súa recepción, e ten tres meses de prazo para contestar á mesma. O MpDC ten recorrido en numerosas ocasións a este dereito para velar polas liberdades da cidadanía, mais tamén ten comprobado que o seu recoñecemento é máis formal que real.

### **O interese, o dereito subxectivo e o interese lexítimo**

Non só un afectado por unha situación concreta pode acollerse ao dereito de petición; esta trampa impediría, como é lóxico, a actuación de organismos especializados como o MpDC. Así, desde a entrada en vigor da Constitución do 78, tanto a xurisprudencia como a doutrina deixaron asentado que o “interese é un concepto máis amplo que o de dereito subxectivo, e debe reputarse como tal, toda situación xurídica caracterizada por singularizar a esfera dunha persoa, neste caso unha persoa xurídica, respecto da xeneralidade de cidadáns nas súas relacións coa Administración Pública, dotándoa de certa

consistencia lóxico-xurídica. A devandita situación, desde un punto de vista procesual, estendeuse logo da Constitución, polo xogo conxunto dos artigos 162.1.b) desta e 28.a) da Lei Xurisdiccional, ao que con máis precisión se denomina “interese lexítimo”.

Así, este concepto do “interese lexítimo” é moito máis extenso que o de interese persoal e directo, de maneira que este non só é superior e máis amplo que aquel, senón tamén, de seu autosuficiente, despois de que presupón meramente unha repercusión na esfera xurídica da persoa. Así pois, e xa ao entrar nun exemplo concreto, nos estatutos da nosa asociación, o MpDC, establécese expresamente que o fin da mesma é a creación dun ente independente e eficaz que promova a investigación da perda de dereitos e liberdades, e que para dar cumprimento ao citado fin se realizarán diversas actividades, entre as que se contan: facer denuncias públicas das violacións dos dereitos e liberdades individuais e colectivos, formular peticións, queixas e denuncias en defensa dos dereitos civís cando estes se vexan lesionados, solicitar aos organismos habilitados para a defensa dos dereitos civís a adopción de medidas conducentes á restauración dos dereitos lesionados. Para rematar, cabe agregar sobre a cuestión do interese lexítimo, a clara analoxía existente entre a nosa lexitimación, e a outorgada expresamente nas leis a outras asociacións e colectivos para a defensa dos dereitos colectivos en determinadas materias, por exemplo no caso dos consumidores.

## Recoñecemento do dereito de petición

Tal e como afirmabamos anteriormente o dereito de petición atópase recoñecido, como dereito fundamental, no artigo 29 da Constitución española, e o devandito precepto remite á Lei a regulación do modo en que este se exercese e os efectos que produce o seu exercicio, sendo esta a Lei Orgánica 4/2001, do 13 de novembro, reguladora do Dereito de Petición, que no seu articulado recolle:

**Artigo 1. Titulares** do dereito de petición: Toda persoa natural ou xurídica, prescindindo da súa nacionalidade, pode exercer o dereito de petición, individual ou colectivamente, nos termos e cos efectos estabelecidos por esta Lei e sen que do seu exercicio poida derivarse prexuízo ningún para o peticionario.

**Artigo 2. Destinatarios.** O dereito de petición poderá exercerse ante calquera institución pública, administración, ou autoridade, así como ante os órganos de dirección administración dos organismos e entidades vinculada ou dependentes das Administracións públicas, respecto das materias da súa competencia, calquera que sexa o ámbito territorial ou funcional desta.

**Artigo 3. Obxecto das peticións.** As peticións poderán versar sobre calquera asunto ou materia comprendida no ámbito de competencias do destinatario, con independencia de que afecten exclusivamente ao peticionario ou sexan de interese colectivo ou xeral.

**Artigo 6. Presentación de escritos.** A administración, institución pública ou autoridade que reciba unha petición acusará recibo desta e comunicarllo ao interesado dentro dos dez días seguintes á súa recepción. Esta actuación levarase a efecto polo órgano correspondente de acordo coa norma organizativa de cada entidade.

**Artigo 11. Tramitación e contestación de peticións admitidas.** Unha vez admitida a trámite unha petición, a autoridade ou órgano competente virá obrigada a contestar e a notificar a contestación no prazo máximo de tres meses a contar desde a data da súa presentación. Así mesmo poderá, se así o considera neces-

rio, convocar os peticionarios en audiencia especial.

## Administracións mais destacadas na vulneración do Dereito de Petición

### Delegación de Goberno

Durante o 2006 a Delegación amosou unha especial falta de respecto a este dereito. Son numerosas as peticións que non contestou: sobre as cámaras en Ribeira, sobre a proposta de instalación de cámaras na muralla de Lugo, sobre as cámaras que se van instalar no Fórum (A Coruña), sobre unha actuación policial no 25 de Xullo...

Esta administración buscou xustificar a súa falta de contestación á petición de que non se concedesen os permisos para a instalación de cámaras na Muralla de Lugo en que o MpDC non ten competencias nesa cidade. Ante esa afirmación o MpDC tivo que remitirle ao Defensor del Pueblo os seus estatutos para que Múgica seguise coas súas investigacións. Resulta sorprendente ver como o Sr. Ameijeira utiliza o tempo que debería dedicar a contestar a esas peticións en fundamentar con argumentos falsos a súa inactividade; máxime cando sabe que aínda sendo certo que o MpDC non tivera competencias en Lugo, é a súa obriga contestar a petición e fundamentar porque non a acepta.

Tampouco contestou pola detención, con agresións físicas e psicolóxicas, de dous mozos en Compostela no transcurso dunha concentración pacífica en apoio á liberación de Palestina.

A Delegación do Goberno recibiu un escrito no 27 de xullo a raíz dunha intervención de doce furgóns da Policía Nacional na Praza de Galiza en Santiago de Compostela, procedendo os axentes a un cacheo indiscriminado de máis de 10 persoas que se atopaban no lugar; o MpDC solicitaba a investigación, petición que reiteramos noutro escrito con data do 29 de setembro, sen que a día de hoxe teñamos recibido ningunha contestación, motivo polo cal reiteramos a nosa petición recordándolle o dereito que nos asiste segundo a Lei 4/2001,

do 12 de novembro, reguladora do Dereito de Petición. Tamén a Policía Local e a Policía Nacional, que participaron no operativo, foron interrogadas polo mesmo tema, sen que existise resposta.

### **Concello de Compostela e outros**

O Concello de Compostela é un habitual vulnerador deste dereito, e da experiencia que temos con esta administración podemos afirmar que ten por habitual non contestar a ningunha das peticións que se lle formula. Durante o ano 2006 podemos destacar a falta de contestación a dúas peticións realizadas en relación cos músicos que tocan na rúa. Ambas as faltas de contestación teñen expedientes abertos perante o Defensor del Pueblo.

En relación coa Rúa Manuel Fraga, que o Alcalde Sánchez Bugallo propuxo para a cidade de Compostela, este non contestou á petición de retirada da iniciativa ate cinco meses despois, cando llo reclamou o Defensor del Pueblo. Por outro lado, alegando que non existía tal iniciativa. Ademais o Concello de Santiago buscou parar a recollida de sinaturas contra esa iniciativa non contestando á petición para a colocación dunha mesa de información sobre esa iniciativa. Sobre a petición

de información sobre unha Actuación Policial do 3 de novembro, o concello segue sen informar.

Mais o Concello de Compostela, aínda que ten unha actitude paradigmática, non é o único caso de administración local que se sente impune para denegar este dereito. Así, no concello de Padrón, tampouco contestou se a unha queixa do MpDC ante a negativa do Concello a ceder os locais públicos en igualdade de condicións ás asociacións. Aos dous meses volvéuselle solicitar e 3 meses despois contestou sen falar do que se lle pedía.

O Concello de Ribeira non contestou a ningún dos escritos relacionados coas cámaras desa vila, aínda que estas tiveron consecuencias noutras instancias e a súa utilización irregular foi investigada pola Axencia de Protección de Datos. O MpDC, así como a cidadanía de Ribeira, descoñece a legalidade destas videocámaras e denunciou a ausencia de resposta perante o Defensor del Pueblo.

O Concello de Lugo non contestou a petición de que non se instalasen as cámaras de videovixilancia na Muralla de Lugo ata despois de oito meses, cando llo reclamou o Defensor del Pueblo.





## Art. 37. Convenios e conflitos laborais

Antolín Alcántara  
CIG

A CIG porfía nestes días nunha campaña pública de denuncia contra a VI reedición do Pacto Interconfederal de Negociación Colectiva de Madrid, asinada por CEOE, UGT e CCOO, que prosegue na liña de contención salarial nos Convenios Colectivos. A finalidade desta campaña, levada ás empresas logo da análise e debate cos representantes sindicais da Organización, pretende desenmascarar e contrarrestar non só os efectos do Pacto neste ano 2007, senón tamén a propia natureza dispositiva e demoledora do propio Pacto, que impide a acción colectiva e participativa da clase traballadora.

A primeira consecuencia é a perda de capacidade adquisitiva dos salarios de maneira constante, de tal maneira que o incremento real do salario medio en Galiza nos dez últimos anos creceu por debaixo da inflación no mesmo período. A relevancia deste dato, hoxe indiscutido e aceptado por todos, refire unha estratificación máis acusada do mundo do traballo, no que os salarios inferiores á media, que en Galiza afecta aproximadamente o 67% da clase traballadora, deprécianse cada ano coa aplicación do Pacto, exceptuando aqueles Convenios con resultados superiores ao acordado en Madrid negociados pola CIG.

A nosa idea nestes anos anteriores foi a de neutralizar o Pacto en cada Convenio Colectivo que se negociara no País por medio de propostas reivindicativas de maior alcance, tanto no salarial como nos aspectos de norma e de dereitos. Para isto fixamos nas retribucións unha cantidade neta de inflación estimada sobre o salario medio de Galiza, e esta referencia considerámola mínima a efectos de

incremento. Os resultados foron distintos segundo a nosa implantación e representación en cada sector e démonos conta da urxencia por modificar este escenario xa que alén do impacto negativo na capacidade adquisitiva dos salarios, estase a instalar progresiva e ordenadamente unha cultura de representación das cúpulas dos sindicatos en substitución do principal activo de participación da clase traballadora. En definitiva, todo estase a decidir (reformas, pactos... ) recreándose nunha nova denominación de “diálogo social permanente” que compromete necesariamente un novo modelo de organización sindical, ou non tan novo, porque estamos a falar sen ambigüidades de sindicalismo vertical.

Esta situación de verticalismo, xa moi consolidada no sindicalismo español, está a ter unhas consecuencias enormes de desorganización e exclusión da clase traballadora dos niveis de decisión. Na actualidade, a negociación e acordos de superestrutura son reproducidos nos ámbitos inferiores con excelente disciplina e obediencia por parte dos responsábeis comarcais e de federacións de CC OO e UGT, esganando calquera iniciativa de participación nos ámbitos de dominio propios da clase traballadora. O paso do tempo e a mecánica continuada de pactos está a perfeccionar o modelo de tal maneira que hoxe todos os acordos de importancia estrutural no mundo do traballo están decididos neste espazo corporativo.

É importante para o sindicalismo de clase entendermos esta nova situación e enfrontármola. Pódese ver de xeito transparente o perigo que representa na atenuación da loita de

clases, nunha conciliación sistemática na que a clase traballadora está perdendo dereitos e salarios de xeito pacífico, de maneira que nunca antes tiña ocorrido. O feito de que nos últimos cinco anos posteriores a 2001, primeiro ano de Pacto Confederal, a conflitividade descendera nun 55% comparada cos 5 anos anteriores ao mesmo, e que ademais deste período de paz social o capital lograra apropiarse de máis produtividade e salarios e se acentuara a estratificación e a división social, cun reparto máis desigual da riqueza<sup>1</sup>, desvélanos a importancia do momento e a urxencia por modificármolo. Todo sucede necesariamente coa colaboración voluntaria e instrumental deste sindicalismo de funcionamento vertical contemporáneo; doutro xeito non sería posíbel, ademais de recoñecer que o Estado Español é único na perfección deste modelo de Diálogo Social Permanente, indistintamente aplicado polos gobernos do PSOE ou do PP. En ningún outro país da UE se produce unha conciliación e anexión ás formas do Pacto tan sublimes e definitivas como neste caso.

Contrariamente, na CIG o noso traballo oriéntase a modificar este escenario, partindo dunha actuación de proximidade, como corresponde a unha central sindical nacionalista. Eles executan o Pacto sobre dúas variábeis: o modelo representativo contra o modelo de participación; a distancia e o centralismo contra o ámbito de proximidade. Neste caso, o noso modelo sindical ten enormes facilidades para pronunciarse e desenvolverse dun xeito natural e propio, tal e como nos temos acostumado. A necesidade de facermos un sindicalismo asembleario de participación, ben en empresas ben en sectores de actividade máis amplos, está a ser a nosa resposta contra o Pacto, acadando melloras cualitativas nas que capitalizamos dereitos contra a precariedade e elevamos os resultados de incremento salarial. En definitiva, está en disputa a autoorganización da clase traballadora en Galiza nun intre de extremada agresión por parte do capital, polo que a maiores precisamos unha resposta unánime e comprometida de todo o nacionalismo.

<sup>1</sup> Documento CIG, evolución salarial 2000-2005

## Art. 43. Protección da saúde

### Situación do dereito a saúde en Galiza. 2006

Manuel Martín García

*Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública*

#### **1.- Dereito á asistencia sanitaria en condicións de universalidade e de equidade**

As listas de espera supoñen unha barreira no acceso aos servizos sanitarios especialmente para as persoas con menor nivel de renda. As listas melloraron no referido ás persoas que esperan máis tempo (entre seis meses e un ano) e as de intervencións cirúrxicas, aínda que esta redución non foi homoxénea en todas as áreas sanitarias (no área norte de Pontevedra e en Ourense as reducións foron moi importantes, con todo na Coruña ou Vigo estas foron moito menores. As listas de espera de primeira consulta médica e as de probas diagnósticas apenas se reduciron e nalgúns casos aumentaron lixeiramente.

Moitas persoas utilizan os servizos sanitarios privados, para seren atendidos sen ter que soportar o tempo de espera dos centros públicos (supón unha desigualdade económica), mais ademais moitos médicos destes centros privados, vulneran de xeito flagrante as leis de incompatibilidades- a administración segue sen intervir na maioría dos casos alegando falta de persoal - utilizan os hospitais públicos para solicitarlles as probas diagnósticas ou para adiantarlles a hospitalización ou as intervencións cirúrxicas. Nesta situación houbo un certo avance -legal- xa que algunhas xerencias hospitalarias concertaron os servizos cirúrxicos con algúns hospitais privados para que os seus cirurxáns realicen as intervencións programadas.

As listas de espera son a consecuencia da **escasez de camas hospitalarias** (en Galiza as camas públicas por mil habitantes está arre-

dor das 2,9 mentres que a media dos países europeos é de 6,3 e a Organización Mundial da Saúde recomenda 8), da ausencia de políticas de persoal que melloren a produtividade, da non utilización plena de todos os recursos instalados nos centros ou da non existencia de adicación exclusiva dos facultativos que traballan nos hospitais públicos. Todo isto ten moito que ver co estancamento e **redución de gasto sanitario público** (gasto social), para cumprir cos criterios de equilibrio orzamentario e da redución do déficit público da Unión Europea, fixeron que nos últimos anos o gasto sanitario en Galicia medrase arredor do 5% anual, que coa chegada do novo goberno medrou nun 11,5% no 2006 e nun 7,5% este ano.

#### **2.- O dereito a unha Atención Primaria de calidade**

Tampouco está garantido de xeito absoluto e homoxéneo. Moitos médicos e enfermeiras seguen mantendo uns cupos de pacientes moi elevados (por enriba das 1.500 ou até 2000 persoas), o que condiciona a masificación dos centros, a falta de tempo de consulta (por baixo dos cinco minutos por paciente) que impide unha atención racional. Esta situación, unida ás limitacións nas solicitudes das probas diagnósticas, os problemas para traballar en equipo ou as limitacións no persoal de enfermaría fai que o nivel primario teña unha escasa capacidade resolutive ou para prestar cuidados de saúde, o que obriga a desprazar de xeito innecesario a moitos pacientes ao nivel hospitalario, o que atrasa tratamentos, produce incomodidade aos pacientes, incre-

menta de xeito irracional as listas de espera e sobrecarga os centros hospitalarios.

As mobilizacións profesionais e o malestar xeral conduciron ao novo goberno a abrir unha mesas de negociación, a finais do 2006, con todas as organizacións sindicais e profesionais da AP, para reducir a masificación dos cupos incrementado o persoal dos centros de saúde, introdución de medidas para mellorar a calidade e reducir a burocracia que acapara entre un 30-40% do tempo de consulta dos profesionais.

Os colapsos permanentes nos servizos de urxencia hospitalarios limitan o acceso dos pacientes con problemas de saúde importantes que exixen atención rápida e obriga a esperar aos enfermos durante horas nos corredores. Esta situación, é algo cada vez máis frecuente en todos os hospitais de Galiza é a consecuencia lóxica da escasez de camas antes descrita, das listas de espera que fai que os pacientes en lista de espera (intranquilos e preocupados polos atrasos) acudan aos servizos onde saben que lles farán probas diagnósticas valoradas por persoal especializado que lles resolverá a súa situación de incerteza e das limitacións actuais da Atención Primaria. As camas totais por mil habitantes baixaron de 4,2 no 1987 a 4,1 no 1994 e a 3,7 no 2003 mentres que as públicas baixaron de 2,8 no 1999 a 2,7 no 2003.

### **3.- Dereito á atención socosanitaria das persoas con discapacidades e limitacións físicas ou psíquicas**

Faltan recursos para atender ás persoas con discapacidade (que son atendidas esencialmente polas mulleres das súas familias cun elevado custo social e persoal). En Galiza persiste a escasez de recursos para atender os doentes crónicos, discapacitados e anciáns tanto hospitalarios, como residenciais, hospitais de día ou axudas a domicilio. As camas de crónicos en Galicia só son o 1,8% do total cun índice de 0,1 por mil habitantes, mentres que só o 3,14% das persoas maiores de 65 anos contan con algún servizo de axuda a domicilio e os centros de día non chegan ao 0,5%. O

desenvolvemento das Lei de Dependencia anunciado pola Consellaría de Benestar Social da Xunta de Galicia vai contribuír a aliviar esta tremenda e inxusta situación para as persoas con algunha limitación e as familias que os axudan ou coidan.

### **4- Dereito a non sufrirla discriminación por motivos de sexo**

Aínda que se avanzou no desenvolvemento do Programa da Muller, que forma parte das Liñas Estratéxicas da Consellería de Sanidade (xeneralizouse a oferta da pílula do día seguinte nos centros de atención primaria), son aínda moi escasos os centros Atención Primaria que o desenvolven plenamente. Seguen persistindo problemas coa garantía da interrupción voluntaria do embarazo en centros públicos (aínda que pasaron de un a tres os centros públicos que a realizan), aumentou a cobertura da anestesia epidural (aínda que segue sen garantirse ao 100% das mulleres que o solicitan), e persisten os problemas de protección fronte a violencia de xénero.

### **5- Dereito á non discriminación sanitaria por motivos territoriais**

As Fundaciones Sanitarias, hospitais públicos acollidos ao modelo de xestión privada, dotados con poucos recursos humanos e materiais e que polo tanto recurtan e restrinxen a asistencia sanitaria aos cidadáns das súas áreas de referencia, están en espera de reintegrarse ao sistema público ao longo de 2007, segundo o compromiso anunciado pola Consellería de Sanidade.

### **6.- O dereito á participación cidadá na sanidade**

A Lei Xeral de Sanidade e a lexislación autonómica garante o dereito dos cidadáns a participaren na planificación, xestión e control das actuacións dos servizos sanitarios públicos segue sen materializarse aínda que se deron algúns pasos para garantilo como é que se incorporaron como un dos compromisos estratéxicos a desenvolver pola Consellería ou a sinatura dun Convenio entre a administración sanitaria e a Confederación de asocia-

cións de Veciños de Galicia para formar e capacitar os representantes sociais para a participación nos órganos correspondentes, unha vez se teñan constituído.

### **7- Inmigración ilegal.**

Os inmigrantes contribúen ao financiamento do sistema sanitario. Financiamento que se fai en grande medida cos impostos que gravan o consumo. É inxusto que se lles achaque que consumen e non colaboran a sostelo. Detectáronse problemas asistenciais como consecuencias das diferenzas culturais e de idioma, a situación de marxinación que sopor-ten as mulleres, ou mesmo que algúns dos recentemente chegados padezan doenzas descoñecidas polos profesionais xunto coas malas condicións de vida e de traballo e os problemas de xenofobia.

### **ALGUNHAS PROPOSTAS NO CAMIÑO DE MELLORA DA SITUACIÓN.**

1.- Incrementar o orzamento sanitario nun punto do PIB tanto a nivel de Galiza como do Estado (que permitiría crear Fondos de Cohesión necesarios para acometer o baixo gasto sanitario nas CCAA menos desenvolvidas como a nosa).

2.- Aumentar o número de camas públicas de agudos e sobre todo de crónicos até equipararnos primeiro á media europea de 6,3

camas por mil habitantes, das que polo menos o 30% deberían ser para crónicos, e a medio/longo prazo á recomendada pola OMS de 8 camas por mil habitantes. De xeito paralelo ou alternativo incrementar os recursos para atender as persoas discapacitadas, anciáns e doentes crónicos en domicilios e residencias, desenvolvendo a Lei de Dependencia.

3.- A aplicación dos acordos das Mesas de Negociación para Mellora da Atención Primaria de incrementar persoal sanitario e non sanitario. Reducir cupos, mellorar a capacidade diagnóstica dos centros de saúde e reducir a súa burocracia (30% do tempo de traballo).

4.- Fidelizar os profesionais do sistema público para evitar a súa emigración a outros países do noso entorno e potenciar a súa adicación exclusiva ao sistema público (algo imprescindible para incrementar as camas hospitalarias).

5.- Ampliar o funcionamento dos hospitais á mañá e á tarde para diminuír as listas de espera nas consultas dos especialistas e das probas diagnósticas.

6.- Mentres tanto mellorar de xeito urxente a dotación dos servizos de urxencias incrementando o seu persoal e recursos.



## *Art. 45. Ambiente, calidade de vida*

### **Dereitos dos animais e dereitos individuais das persoas: dúas acepcións dun mesmo concepto**

Fins Eirexas  
ADEGA

Nos últimos tempos, os casos de maltrato animal están a adquirir cada vez máis relevancia mediática e visibilidade social. Existe un claro paralelismo entre estes episodios de violencia e os cometidos contra os dereitos das mulleres. Probablemente, agora non se producen con máis frecuencia que antes; quizais mesmo diminuísen; mais son unha realidade cada vez máis presente nos titulares dos xornais e nas prioridades das políticas sociais.

Os recentes casos da malleira ao can de Aguiño, a morte a machetadas doutro en Compostela ou o abandono até a inanición duns cabalos dunha granxa no Caramiñal amosan a cara e a cruz do comportamento humano. E non só porque estas bárbaras condutas individuais amosan o peor das persoas, senón porque revelan tamén comportamentos sociais impropios dun mundo pretendidamente “civilizado”: detrás das persoas que maltratan deliberadamente até a morte outro ser vivo hai unha parte da sociedade que mesmo oculta e consente estes feitos.

ADEGA ten solicitado en numerosas ocasión aos poderes públicos unha maior sensibilidade e respecto polos dereitos dos animais non humanos así como unha maior dureza no castigo dos casos de maltrato. O marco legal contempla un certo graro de protección dos animais non humanos contra determinadas condutas, recoñecendo só implicitamente os dereitos destes seres vivos. No actual Código Penal existe un apartado relativamente novo denominado “Dos delitos relativos á protección da flora, fauna e animais domésticos” no que se tipifica o maltrato de animais domésti-

cos como delito cando a conduta sexa grave. Incurrir nesta conduta delitativa castígase con penas de prisión de tres meses a un ano e inhabilitación especial 1 a 3 anos para o exercicio de profesión, oficio o comercio relacionado cos animais. Os casos máis leves considéranse faltas e castíganse con multas de 20 a 60 días ou traballos de 20 a 30 días en beneficio da comunidade. Tamén a Lei de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade prevé unha multa máxima de 6.000 €, contía que como é ben sabido só se aplica en contadas ocasións.

A este respecto, ADEGA ten proposto que ao necesario endurecemento das penas e multas se engada tamén a inhabilitación dos maltratadores para posuíren animais, máis aló da prohibición de negociar ou comerciar con eles.

Por outra banda, o artículo 45 da Constitución Española reconece o dereito de todos e todas a desfrutar dun medio ambiente axeitado ao desenvolvemento da persoa e o deber de o conservar así como a obriga dos poderes públicos de velar pola utilización racional dos recursos naturais para promover e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente. No vixente Estatuto de Autonomía de Galiza, no artigo 27, recoñécese á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva para aprobar as normas adicionais sobre protección do medio ambiente e a paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución, atribuíndolle competencias diversas en relación con diferentes ámbitos do medio ambiente. Mais o noso Estatuto nada di sobre o dereito das persoas a un ambiente

san; e, por suposto, óbvianse os dereitos que asisten aos animais non humanos.

ADEGA coida que os relatores e relatoras do novo Estatuto deberían sentar as bases para o desenvolvemento dun novo modelo de relación entre os cidadáns e o entorno e facelas ben explícitas. Estas bases deberían referirse a determinados principios para establecer un novo marco de relación cos demais seres vivos que partillan connosco o ecosistema:

-Biocentrismo fronte a antropocentrismo: o ser humano é un elemento máis do ecosistema, e a súa capacidade para o transformar radicalmente obríga a asumir máis deberes e responsabilidades na súa preservación.

-Desenvolvemento sustentábel fronte a explotación: o crecemento ilimitado propugnado logo da revolución industrial, e consagrado pola actual sociedade de consumo, bate co limitado dos recursos naturais e co carácter irreversible de certas alteracións ambientais. Isto obriga a redeseñar as pautas do desenvolvemento social e económico desde parámetros exclusivamente produtivistas até outros máis acordes co respecto aos dereitos de todas as formas de vida, incluíndo as persoas. Preténdese dar resposta ás necesidades das sociedades humanas de hoxe sen comprometer as das xeracións vindeiras. Trátase de harmonizar o desenvolvemento económico e social sen limitar a capacidade da natureza para sustentar a poboación no futuro, mantendo en bo estado o medio natural.

-Perspectiva sistémica fronte a perspectiva reducionista: a natureza da que facemos parte é un sistema complexo con múltiples niveis. A biosfera é a capa do planeta onde se desenvolve a vida, que acolle a tecnosfera coas estruturas creadas pola humanidade e na que se desenvolve a sociosfera, isto é, os construtos culturais que permiten relacionármonos cos nosos conxéneres.

-Ética ambiental: inspirada nunha liña de pensamento e compromiso de actuación fronte a aquelas actitudes que contraveñen o equilibrio dos sistemas naturais. Baséase, entre outros, no principio de solidariedade do ser humano cos demais seres vivos e na responsabilidade que aquel ten por ter a capacidade de poder transformar radicalmente a natureza.

Atendendo estes principios, parece claro que cómpre refacer a focaxe tradicional dos dereitos dos animais como emanados da tutela humana e, xa que logo, sometidos ao seu criterio: xunto a comportamentos socialmente rexeitados (asasinato de cans) subsisten outros aceptábeis (corridas de touros). Propomos camiñar cara a unha integración de conceptos: os dereitos dos seres vivos humanos e non humanos son dúas acepcións dos dereitos comúns dos seres da biota. No entanto, a humanidade ten ademais unha responsabilidade engadida: a de salvagardar os dereitos dos demais organismos, un deber que nos vén imposto pola nosa capacidade única de modificar a natureza a vontade.



## Art. 47. Dereito a vivenda. Utilización do solo.

### Constitución e dereito á vivenda

Andrés Fariña  
Avogado

A actual Constitución de 1978 xorde dun pacto feble nunha *transición* onde a vontade era introducir o Estado Español dentro das “democracias económicas” occidentais, contrarrestando calquera tipo de tendencia que supuxese a consolidación dos movementos políticos, sindicais e sociais e as súas propostas de construción dunha democracia avanzada en dereitos.

O *consenso constitucional*, do que tanto se fala, debilitou o fortalecemento constitucional en materia de dereitos sociais, económicos e culturais, e introducíanos nun sistema “*moderadamente democrático*”, fomentando a gobernabilidade (fronte ao medo a un “exceso” de democracia) e a desmobilización –e despolitización– de amplas capas sociais que naquel momento estaban amplamente organizadas. Xorde polo tanto no 78 unha constitución que lastrará desde entón importantes déficits tanto no democrático como no social.

Unha das principais consecuencias foi a imposibilidade da Constitución española de poder ordenar a realidade social e económica do Estado. Así é o caso do *dereito á vivenda* enunciado no artigo 47 pero o mesmo acontece con outros enunciados constitucionais.

O dereito á vivenda digna aparece ancorado no título primeiro, no seu terceiro capítulo co título os “*principios rectores da política social e económica*”. O artigo 47 exactamente leva o seguinte texto:

*Todos os españois teñen dereito a disfrutar dunha vivenda digna e acaída.*

*Os poderes públicos promoverán as condi-*

*cións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación.*

*A comunidade participará nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos.*

A abraiante clareza coa que está escrito, contrasta coa realidade que se desenvolveu a través das políticas públicas de vivenda dos diferentes entes públicos. O artigo 148.1.3 transferiu as competencias sobre ordenación do territorio, urbanismo e vivenda ás Comunidades Autónomas aínda que o Estado mantén certas competencias. Malia esta descentralización das competencias continúan a ser “os poderes públicos” (ou sexa, Estado, Comunidades Autónomas e Concellos) os suxeitos obrigados por este artigo. Non hai escusas, os suxeitos obrigados son os *poderes públicos*, o xogo da pelota no tellado do outro só afecta á cidadanía.

O artigo 47 contén cinco mandatos claros e directos: 1º) Dereito á vivenda digna e acaída. 2º) Promover as condicións necesarias e establecer normas para facer efectivo o dereito á vivenda. 3º) Regular a utilización do solo de acordo co interese xeral. 4º) Impedir a especulación. E 5ª) Garantir a participación da comunidade nas plusvalías xeradas pola acción urbanística dos entes públicos. E segundo o artigo 55.3 o *recoñecemento, o respecto e a protección dos principios recoñecidos no Capítulo terceiro* (onde está situado o artigo 47) *informarán a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos*. Engade este artigo 55.3 que só

*poderán ser alegados (os artigos do capítulo terceiro) ante a Xurisdición ordinaria de acordo co que dispoñan as leis que os desenvolvían.*

Mais o dereito á vivenda non remata nestes 5 mandatos directos, senón que –como xa contabamos no Informe de 2005- o artigo ten un desenvolvemento constitucional de moito máis longo percorrido. O artigo 9.2 habilita (corresponde di en concreto o artigo) aos poderes públicos a *promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos no que se integran sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.* Tamén habería que facer consideracións sobre os conceptos de vivenda *digna e axeitada.* A constitución non fala de calquera tipo de vivenda senon que introduce que esta debe ter unha serie de características que a converta en axeitada e digna. Isto implica toda unha serie de consideracións en torno á vivenda como o medio que a rodea, urbanización, alumeadado, auga, electricidade... O que se entende en xeral pola *dignidade da persoa* que enuncia o artigo 10, o artigo 47 (medio ambiente) ou o 46 (conservación do patrimonio).

Desde logo que a combinación destes tres artigos (47, 55.3 e 9.2, mais tamén do resto) deberían darnos unha realidade ben diferente á que temos en Galiza e no resto do Estado.

A vivenda é un verdadeiro principio para un pleno disfrute da cidadanía e como tal debe ser considerado como un ben de interese xeral. O artigo 128.1 di que *Toda a riqueza do país nas súas distintas formas e sexa cal fora a súa titularidade está subordinada ao interese xeral,* para continuar no segundo punto -do mesmo artigo- dicindo que *se recoñece a iniciativa pública na actividade económica. Mediante lei poderase reservar ao sector público recursos ou servizos esenciais, especialmente en caso de monopolio e así mesmo acordar a intervención de empresas cando así*

*o exixise o interese xeral.*

Como non pode ser “doutra maneira” na Europa liberal e capitalista o límite atopámolo nos artigos 33 e 38 sobre a propiedade privada onde se recoñece o *dereito á propiedade privada* (art 33) e á *liberdade de empresa* (art 38). Estes límites en nada impiden a habilitación dos poderes públicos para a intervención no mercado da vivenda, pois o mesmo artigo 33 que fala do dereito á propiedade privada determina que esa propiedade privada está limitada a súa *función social.* Función que *delimitará o seu contido, de acordo coas leis* (art 33.2).

Aínda que xa non está de moda lembralo, os artigos 33 e 128, determinan que toda a propiedade está delimitada pola súa función social e que toda a riqueza, sexa cal for a súa titularidade, está subordinada ao interese xeral. Existen poucas excusas legais e/ou constitucionais para non desenvolver políticas de vivenda máis ambiciosas que dean verdadeiros dereitos e non simples promesas.

É neste ámbito, o das relacións entre o estado e mercado, onde as cláusulas económicas da constitución delegaban no lexislador a decisión sobre canto mercado debería existir na economía, en tanto en canto se pode reservar ao sector público recursos e servizos esenciais (como ben temos explicado xa). Noutras palabras, o lexislador pode desmercantilizalos. Ao mesmo tempo recoñécese a iniciativa pública na economía, isto é, o dereito a crear empresas públicas e a competir no mercado, o que supón en sentido xenérico a poñer límites á liberdade de empresa ou incluso crear monopolios. Un dos verdadeiros límites ao que proclama a Constitución española, ou parte desta, chámase agora Unión Europea, mais tamén se debe á falta de interese da “clase política”.

Outros mercados, aínda estando liberalizados como é o da electricidade, son controlados polo goberno a golpe de decreto. Neste caso, o da electricidade, é o Consello de Ministros quen pon os prezos. Algunha razón pola que non acontece isto coa vivenda? É a vivenda de

menor “interese xeral” que a electricidade? Non é un problema legal, é un problema de vontade política, de escaseza de vontade.

Neste sentido en Catalunya e Euscadi abriuse un interesante debate coas propostas de desenvolvemento lexislativo do dereito á vivenda (que lembremos, o artigo 55.3 di que o dereito á vivenda se desenvolverá por lei, e ao seren as comunidades autónomas as competentes, é o lexislador e a lexisladora destas quen deben poñelo en práctica). Estas dúas Comunidades cuestionaron o “dereito a ter unha vivenda baleira” –ou sexa, unha vivenda que non cumpre unha función social- e propón alugueres forzosos temporais e un canon ou imposto (respectivamente) por non estaren estas a cumprir a súa función social.

### **As políticas que se desenvolvan para facer efectivo este dereito**

A realidade é teimuda. Neste último ano tivemos como un dos temas máis importantes os debates sobre a vivenda. Xa é algo normal ler ou escoitar en todos os medios de comunicación o debate sobre a vivenda e as dificultades de acceso aínda que paulatinamente se estea a derivar cara a discusións sobre a corrupción e a cultura do “pelotazo”.

Neste debate sobre a corrupción ao que nos derivan, onde se tira a pelota dun tellado a outro, escorréndose as responsabilidades, os partidos maioritarios móvense moito mellor porque lles sería moito máis difícil explicar porque permitiron a mercantilización do dereito á vivenda non desenvolvendo leis que regulen como levar os mandatos constitucionais á práctica e a través de que técnicas o queren facer.

No 2004 construíronse algo máis de 760.000 vivendas en todo o estado e no 2005 algo máis de 810.000. Na Galiza visáronse casi 40.000 vivendas no 2004 e caei 47.000 en 2005 (según datos de vivendas visadas do Consello Superior de Colexios de Arquitectos e Arquitectas). Nestes dous anos visáronse un 11,8% en 2004 e un 5,6% de vivendas protexidas en 2005 (a media do Estado foi en 2004 de 7,6% e en 2005 de 8,6%). Así é como as

institucións galegas teñen resolto o mandato constitucional, en 2005 de cada 10 vivendas construídas 0,6 eran vivendas protexidas.

O resultado destas políticas dannos un incremento do prezo da vivenda libre en Galiza no período 2002-2005 de algo máis do 40% (fonte Ministerio da Vivenda), e isto só en tres anos. E isto é porque non existe un problema de “número de vivendas” senon dos prezos destas. Nunca se construíu tanto como nos últimos anos. Temos un problema de modelo de políticas de vivenda.

As administracións públicas tenden a ter como único modelo –ou cando menos como modelo predominante- o acceso á vivenda en réxime de propiedade. As políticas desenvoltas e de favorecemento de acceso á vivenda en réxime de propiedade (a través das VPO de beneficios fiscais vía IRPF...) unidas aos baixos tipos de xuros e ao aumento constante dos prezos xerou que en Galiza soamente o 10,5% do total do parque de vivendas están en réxime de aluguer (Instituto Galego de Estatística, datos de 2001).

A necesidade de mudar o modelo de vivenda é cada vez máis importante. Mentres países como o Reino Unido teñen un 20% de vivendas pública en réxime de aluguer, Suecia un 24%, Austria un 23%, Francia un 21% ou os Países Baixos un 35% (cifras recollidas no boletín informativo número 88 do 4 de febreiro de 2006 da Asociación Española de Promotores Públicos de Vivenda e Solo). No Estado español a cifra de vivendas públicas en réxime de aluguer ascende á grandiosa cifra dun 1%. Podería parecer un chiste pero non o é. Unha das mellores maneiras de intervir sobre os prezos sería introducir unha porcentaxe importante de vivendas públicas, sen opción a compra, a prezos baixos que colabore a baixar os prezos da vivenda libre.

Mentres continuemos co actual modelo de VPO non poderemos solucionar moitos problemas. As VPO, favorecen o acceso en propiedade, e ao non ter cualificación de vivenda protexida de por vida –incluso téndoo- adoitan entrar no mercado –mercado negro e as veces

non tan negro- da vivenda de forma rápida. Fronte ao modelo de varios países europeos, as administracións rexeitaron ter un parque público de vivenda en réxime de aluguer onde se poidan ter uns prezos que varíen segundo os ingresos, parece ser que de Europa só se nos tivera pegado a febre privatizadora.

Non só as políticas de acceso á propiedade, que promoven as administracións públicas, adoitan favorecer que se aumente a espiral alcista dos prezos da vivenda. Hai outras políticas que xeran as mesmas consecuencias, como son a utilización de solos públicos (dos municipios, dos ministerios, órganos autónomos...), dun xeito “pouco favorecedor”. En vez de ser utilizados para desenvolver vivenda social (en todas as súas formas) moi comunmente adoita ser vendido ou subastado ao mellor postor.

Non só se trata de facer unha revisión sobre as políticas de acceso á vivenda en propiedade, hai máis. E é que, en vez de intervir sobre o xa construído mediante a rehabilitación e a saída ao mercado da vivenda baleira, as administracións continúan co expansionismo urbanizador, a enladrillar toda Galiza. Mentres non paran de construír novas vivendas en Galiza, o número de vivendas baleiras ascende a 229.360, o que supón unha de cada cinco do noso país. Trátase do 17,6% do total, unha

cifra que só é superada por Estremadura, onde alcanzan o 18%. Este número aumenta polo abandono rural, aínda así continúa a ser pouco aceptábel o mantemento desta irracional situación. Como apuntabamos máis enriba algunhas Comunidades Autónomas iniciaron leis para poñer fin, ou como mínimo tentalo, pero en xeral as administracións continúan na crenza de que a maior número de vivendas (canto máis aumenta a oferta) máis diminuírá o preo; as doutrinas neoliberais non só están no PP, calaron profundamente.

Un dos resultados das políticas de vivenda e da implementación do dereito á vivenda que fixeron as administracións en Galiza deron como resultado que a poboación no tramo de idade comprendida entre os 18 e os 29 anos (ou sexa, a mocidade galega) só está emancipada o 22%. En Catalunya nos mesmos tramos de idade o resultado de emancipación é de 34% e a media do Estado sitúase no 28%, moi por debaixo da media europea, onde o estado español se sitúa no derradeiro (datos do segundo trimestre de 2006 do Observatorio da Vivenda Xove). A temporalidade e o custo de acceso á vivenda está a matar á mocidade galega anulándoa e facéndoa presa da súa vivenda que debería ter por dereito. Como é evidente hai moitos máis colectivos que sofren o peso de non ter dereito a unha vivenda.

**Institucións  
administracións**



## Defensor del pueblo

MpDC

Unha vez máis, esta é unha das institucións ás que máis amiúdo nos diriximos para formular queixas. Porén, tamén temos que lamentar que a súa predisposición a actuar fronte á vulneración de dereitos civís que denunciámos siga a ser moi deficiente, pondo continuas trabas para recoñecer a lexitimidade do MpDC no entanto gasta grandes esforzos na presentación de recursos perante o Constitucional contra o Estatuto de Catalunya.

Fronte a iso, lembrámoslle en varias ocasións que aínda cando non dispuxesemos de lexitimidade esa institución pode actuar de oficio, e o feito de non o facer, mesmo perante queixa expresa, amosa unha falta de interese real na persecución das vulneracións de dereitos.

Son moi numerosos os casos que se acumulan en que o MpDC non obtivo unha contestación áxil ou positiva, chegando a situacións imcomprensíbeis como afirmar que o Ministerio de Xustiza non ten obriga de contestar unha Petición formulada polo MpDC.

### **A posibilidade de actuar de oficio**

O artigo 9 da Lei do Defensor do Pobo establece que este poderá iniciar e proseguir de oficio ou a petición de parte calquera investigación conducente ao esclarecemento dos actos e resolucións da Administración pública e os seus axentes en relación cos cidadáns, á luz do disposto no artigo 101.3 da Constitución e co respecto debido aos dereitos proclamados no seu Título Primeiro Dous. As atribucións do Defensor do Pobo esténdense á actividade dos Ministros, autoridades administrativas, funcionarios e calquera persoa que

actuar ao servizo das administracións públicas.

Á luz deste artigo, podemos concluír que o Defensor do Pobo, unha vez que ten coñecemento dun asunto no que poden estar sendo vulnerados os dereitos fundamentais dos cidadáns, podería actuar de oficio e investigar o tema aínda que a fonte non tiver supostamente lexitimidade para formular a queixa.

No referente á investigación das actuacións levadas a cabo pola Administración de Xustiza, o artigo 13 da Lei do Defensor do Pobo establece que cando recibir queixas sobre o seu funcionamento, deberá dirixilas ao Ministerio Fiscal para que este investigue a súa realidade e adopte as medidas oportunas ao abeiro da Lei, ou ben dar traslado das mesmas ao Consello Xeral do Poder Xudicial, segundo o tipo de reclamación, sen prexuízo da referencia que no seu Informe Anual ás Cortes Xerais poida facer do tema. Así mesmo, no artigo 17 Dous recóllese que o Defensor do Pobo non entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estiver pendente resolución xudicial e suspenderao se, iniciada a súa actuación, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso perante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Iso non impedirá, con todo, a investigación sobre os problemas xerais suscitados nas queixas presentadas. En calquera caso, velará por que a Administración resolva expresamente, en tempo e forma, as peticións e recursos que lle foron formulados.

De todo isto podemos deducir que aínda que o Defensor do Pobo non pode interferir nas

investigacións xudiciais, si pode facer máis que o simple arquivo das cuestións relacionadas cun procedemento xudicial.

### **Actuacións**

Dentro dun caso que xa se remonta a 2005, o MpDC pediu explicacións por unha actuación policial na que, no transcurso dunha operación policial contra varios cidadáns que protestaban na feira Galiemprego, a policía confiscou unha cámara dunha xornalista e borrou as fotografías realizadas, nunha clara violación do dereito de liberdade de expresión e o dereito de información. O Defensor do Pobo afirmou que estaba á espera dos informes administrativos para actuar e que os remitiría ao MpDC.

Perante a demora da contestación por parte da citadas administracións, solicitamos no seu momento que fosen declaradas dificultadoras das funcións encomendadas ao Defensor do Pobo xa que, como é obvio, con estes retrasos é imposible esclarecer estes abusos policiais. O Defensor pechou o expediente oito meses despois alegando que a persoa citada non fora detida; unha información que xa coñeciamos e que non impide a vulneración da liberdade de expresión.

O 14 de novembro de 2005 produciase en diversas cidades galegas a detención de dez mozos da Assembleia da Mocidade Independentista na chamada *Operación Castiñeira*, a raíz da cal remitimos un escrito con data de 23 de novembro de 2005 á Inspección de Persoal e Servizos de Seguridade do Ministerio de Interior, ao Ministerio de Xustiza, ao Consello Xeral do Poder Xudicial e mais ao Defensor do Pobo no cal solicitabamos que se explicase o desproporcionado dispositivo policial, a actuación dos medios de comunicación e se existiu vulneración dos dereitos de liberdade e presunción de inocencia dos detidos. O Defensor do Pobo contestou ao noso escrito indicándonos a necesidade de que a queixa fose presentada por un dos afectados directos. Perante isto, remitimos un novo escrito no que expoñiamos que o Movemento polos Dereitos Cívís ten lexi-

timidade para promover calquera acción encaixada a defender os dereitos cívís; e, ademais, solicitábase que se dirixise ao Ministerio de Xustiza e mais á Inspección de Persoal e Servizos de Seguridade do Ministerio do Interior, que naquel momento aínda non contestaran ao noso requerimento de investigación dos feitos. Despois deste último escrito, o Defensor do Pobo afirmou que as administracións requiridas non teñen obriga de contestaren as peticións que lles formulamos; peticións que son un dereito fundamental de obrigado cumprimento.

No caso do Concello da Coruña, o Defensor tardou dous meses en se negar a investigar unha queixa na que se informaba da colocación de videocámaras sen os permisos pertinentes, malia o propio Concello chegar a recoñecer este feito e, posteriormente, un vulgado admitir a trámite unha denuncia. Posteriormente remitímoslo a nome dun veciño da Coruña, aceptando entón a queixa e tardando varios meses en dirixirse ao interesado, mais só para solicitar máis documentación. Hoxe segue sen resolverse o asunto.

Co trasfondo habitual das queixas dos organismos dos dereitos cívís, tamén está pendente de resolución, logo de varios meses, unha protesta a respecto da detención de varios mozos de Galiza Nova en Monforte. O Defensor só respondeu serodiamante para lle pedir ao noso organismo a información con que xa contaba sobexamente (hora da detención, persoas involucradas...) no canto de investigar directamente e responder as cuestións formuladas. Mesmo así, facilitándolle esta asociación a documentación, leva xa un ano de demora.

En relación cos impedimentos para que os veciños accedesen a un Pleno en Vigo e un outro en Nigrán, cabe lembrar que os Plenos son de carácter público e que os correspondentes gobernos locais coñecían previamente o interese social que espertaban; e mesmo así non habilitaron un aforo maior –como acontecera en ocasións recentes. O Defensor do Pobo leva xa sete e dez meses respectiva-



mente sen resolver ambos os asuntos.

O Sr. Múgica tamén ten paralizado un expediente sobre a Policía Local de Santiago, malia demostrarse por dúas ocasións que o Concello de Santiago mentiu ao Defensor e que esa institución tivo que reclamar ate en catro ocasións que o Sr. Bugallo lle contestase.

En relación co accidente de tránsito no que a Garda Civil negou o acceso da interesada ao expediente, o Defensor do Pobo tardou varios meses en resolver; e só o fixo despois de reclamárense sinaturas e de que lle remitísemos a documentación obtida polas xestións do MpDC; funcións que lle corresponde a esa institución.

Desde 2005 vimos arrastrando un caso de delito electoral, do que o Defensor do Pobo non se pronunciou até marzo do 2005, afirmando que na Xunta Electoral non constaba que lle remitísemos escrito ningún. O MpDC tivo que reclamar un xustificante do escrito enviado e logo facilitarlllo ao Defensor do Pobo para que este volvese dirixirse á Xunta Electoral. Estes asuntos segue sen resolverse a pesar dos continuos requirimentos.

En relación cos impedimentos para que se exhiba un documento sobre o Che e a realización dun acto da Universidade de Vigo no Concello de Trives, o Defensor considerou que se trataba de actos puntuais e que non se vulneraban os dereitos dos promotores a dispoñeren dun lugar axeitado no concello para desenvolveren as súas actividades públicas.

O Defensor do Pobo tardou cinco meses en enviar unha contestación en relación coas

limitacións para acceder a locais para a realización de actividades no concello de Padrón. Neste caso, o Defensor deu por boa unha explicación completamente allea ao solicitado e tivo que ser o MpDC quen lle fixese o traballo de investigación para que esa institución se volvese dirixir ao Concello de Padrón. A día de hoxe, case un ano despois, segue sen resolver.

Un outro caso grave deuse no Concello de Vigo, onde a institución local censurara a emisión dun vídeo crítico coa xestión do Partido Popular –“Hai que botalos”- amparándose no incumprimento dunha normativa municipal inexistente, e xa que logo difícil de coñecer e de cumprir por parte da cidadanía. O dito Regulamento non fora nin aprobado na Xunta de Goberno, mais o Defensor negou –moitos meses despois de denunciado o caso- que existise violación de dereitos fundamentais –que existiría aínda de haber Regulamento- e admitiu como válido que un Concello puidese decretar un acto como “político” e que o mesmo fose suficiente para ordenar a Policía Local a súa prohibición. Trátase da institución encargada de velar polos dereitos da cidadanía, mais en determinadas ocasións acepta a mínima escusa legal para manter o statu quo e evitar conflitos con outras institucións.

Por último, en relación coa utilización de imaxes de sospeitosos que foron distribuídas indiscriminadamente nos autobuses da Coruña, o Defensor do Pobo inhibiuse e aconsellou que fose o MpDC quen solventase o asunto dirixíndose á Axencia Española de Protección de Datos.



## Valedor do pobo

MpDC

En setembro de 2006 o MpDC presentou unha demanda contra o Valedor do Pobo, a cal está sendo cursada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. O motivo é a teima desta Institución en defender actuacións claramente ilegais por parte da Consellaría de Educación, quen en plena crise polo afundimento do Prestige á beira da costa galega ordenou a retirada de cartaces nos centros de educación de Galiza que facían referencia a este asunto. O Valedor, alegando falta de lexitimidade activa pola nosa parte, non respondeu varias reclamacións presentadas perante el por este asunto e negou o acceso ao expediente. Cóstanos que o feito de acudirnos á xurisdición ordinaria non gustou demasiado ao Valedor, o cal non deixa de ser sorprendente cando en varias ocasións, por non resolver determinados asuntos que lle formulabamos, tennos convidado a formularmos o asunto perante un Tribunal.

Este é o caso, por exemplo, da queixa que presentamos perante o Valedor do Pobo contra o

concello da Pobra de Trives por non permitir a Galiza Nova a proxección do vídeo "*Che Guevara, donde nunca jamás se lo imaginan*". O que realmente pasou neste asunto é que o Valedor dá por finalizadas as actuacións cun simple escrito do concello da Pobra de Trives no que se limita a negar os feitos sen aportar argumentos para tal actuación. O Concello de Trives non contesta sobre o asunto do que se trata, mestúraos e o Valedor, a pesar de que se lle evidencia, non segue a investigación. Da mesma maneira actuou no caso do Concello de Padrón, que sofre das mesmos vicios que o de Trives.

É tal a negligencia da actuación desta Institución que non lle permite ter unha percepción da realidade que a arrodea. Neste sentido, queremos lembrar as declaracións do Sr. Sandes afirmando que non existe discriminación por razón de xénero en Galiza. É evidente que esta falta de interese por perseguir as vulneracións dos dereitos da cidadanía é o motivo do descenso de queixas que rexistrou esa Institución durante o ano 2005.



## Delegación e subdelegacións do Goberno en Galiza

MpDC

A actitude da Delegación do Goberno en Galiza continúa, máis un ano, na mesma tónica habitual: unha xustificación forzada e serodia de todos os excesos das forzas e corpos de Seguridade do Estado sen nin sequera acceder a realizar unha investigación dos mesmos. Así, a Delegación do Goberno incumpre as súas competencias, nomeadamente no relativo ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e deixa na inseguridade á cidadanía.

Como exemplo realmente rechamante temos a resposta que nos ofreceu a Delegación tras un episodio de persecución contra os militantes xuvenís de Galiza Nova por parte dos axentes da Policía Nacional de Monforte de Lemos. Este corpo de seguridade identificou, e mesmo levou a comisaría, membros desta organización polo só feito de estar a repartir folletos sobre a actividade do seu colectivo diante dun instituto ou mentres realizaban tarefas de restauración dun mural adicado a Castelao. A comisaría da Policía Nacional respondeu que a súa actuación se insere dentro do plano de resposta ao tráfico minorista e consumo de drogas en centros educativos e nos seus contornos.

Por todas estas razóns, o MpDC solicitou a investigación da actuación deste corpo de seguridade na vila luguesa e reclamou a erradicación de feitos coma este que privan da liberdade individual e tamén do dereito de asociación. Perante a resposta da Policía Nacional, o MpDC solicitou explicacións tamén da Delegación do Goberno en Galiza, que respondeu que a actuación dos corpos e forzas de Seguridade do Estado foi en todo momento

a axustada e que tiña como fin “garantir os dereitos e liberdades dos cidadáns”, sen que a Delegación vise ningunha contradición entre garantir uns dereitos -que en ningún momento se viron ameazados- como son os dos alumnos do instituto a costa de vulnerar outros como os dos membros de Galiza Nova, no que atinxe ao seu dereito de libre asociacionismo e á difusión das actividades da súa agrupación.

Segundo o artigo 1.1 da Lei de Seguridade Cidadá, os axentes deberían protexer o dereito de libre asociación e actuaren con finalidade de erradicar a violencia e previr delito sen faltas, non atopándose a actividade cidadá de repartir folletos sobre unha asociación comprendida entre os denominados actos delictivos.

Un outro asunto polo que o Movemento polos Dereitos Cívís se dirixiu o ano pasado á Delegación do Goberno en Galiza foi para solicitar o esclarecemento dunha actuación claramente desproporcionada en agosto do 2006 na Rúa Real da Coruña (un dispositivo coa presenza de axentes de paisano, furgóns, motocicletas e automóviles para pechar a rúa e deter a 16 persoas, todas elas inmigrantes que cada noite despregaban diversas mercadorías na rúa, coa escusa de pór fin á presunta venda de música “pirateada”, e no cal tiveron que intervir as ambulancias). Na resposta achegada pola Delegación do Goberno afirmábase que o modus operandi fora “axeitado”.

En canto o MpDC solicitou unha copia dos informes solicitados ou das investigacións realizadas para comprobar se a actuación de

Monforte e da Rúa Real foron correctas, a nova petición foi remitida ás respectivas Subdelegacións do Goberno de Lugo e da Coruña. Entendemos que é lóxico que quen debe contestar as declaracións de corrección das actuacións policiais debe ser a administración que as realizou; e nese sentido volvímonos dirixir á Delegación do Goberno para que sexa esta quen conteste.

No conxunto de actuacións denunciadas atopámonos máis unha vez cunha clásica odisea legal de peticións, respostas baleiras e novas peticións, que na práctica impiden á cidadanía, mesmo a asociacións especializadas como a nosa, exercermos o Dereito de

Petición, a pesar de que os principios constitucionais e estatutarios establecen a necesidade de que nun estado democrático de Dereito a administración pública sexa transparente. Máis unha vez, lamentamos a violación deliberada do dereito da cidadanía a recibir información puntual e transparente das actuacións policiais así como a negativa da Delegación do Goberno a colaborar de forma efectiva na investigación destes abusos.

Por último, queremos destacar que é a única autoridade que non quixo reunirse co MpDC durante o ano 2006; ano no que o Movemento se reuniu co Xefe da Policía Autonómica, da Garda Civil en Galiza e do Xefe da Policía Nacional en Galiza.

## Concellos

MpDC

### A Coruña

O Concello da Coruña ten pendente de aclarar por que instalou cámaras de vídeo-vixilancia sen permiso da Delegación do Goberno; co agravante de ter afirmado publicamente que non os necesitaba. Posteriormente, admitiu que si o necesitaba mais segue promovendo a instalación de máis cámaras na cidade. Está denuncia no Xulgado do Contencioso por ese motivo.

### Ares

A día de hoxe segue sen aclarar se solicitou os permisos para instalar as cámaras no Concello.

### Boiro

Retirou a súa proposta de instalar cámaras na zona da movida desa localidade despois de que llo pedise o MpDC.

### Lugo

Non respondeu, até que llo reclamou o Defensor do Pobo, as peticións de que non se instalasen cámaras na Muralla de Lugo.

### Nigrán

Impediu os veciños o acceso a un Pleno de especial interese para a localidade. Nese caso agredíuse e gravouse os cidadáns alí congregados.

### Padrón

Impide o acceso a instalacións públicas aos representantes dos distintos partidos políticos.

### Compostela

O MpDC tenlle lembrado ao Defensor do Pobo que ten formulado en reiteradas ocasións peticións de información ao Concello de Santiago sen recibir resposta, nalgún caso referidas a actuacións que se remontan a 2005. O Concello de Santiago de Compostela demostra ser absolutamente irrespectuoso coa Institución e, ademais, ignora as continuas denuncias formuladas contra membros da Policía Local sen tomar cartas no asunto.

En relación co acoso a un músico nas rúas de Compostela, o Concello de Santiago non contestou até a tres escritos do MpDC nos que se solicitaban explicacións e unha mudanza nas actitudes da Policía Local. Tampouco respondeu cando o MpDC lle preguntou se tiña realmente previsto dedicarlle unha rúa a Manuel Fraga, xa en abril de 2006, algo que despois se confirmaría e que levaría á recollida de máis de 4.000 sinaturas, sen que polo momento se aprobase a decisión. O Concello de Santiago tamén foi ameazado de ser declarado hostil e entorpecedor das funcións do Defensor do Pobo até en dúas ocasións no ano 2006.

Ademais, mantén un contencioso polas cámaras de videovixilancia no que non envía a documentación solicitada polo xulgado; e outro pola Ordenanza de Publicidade, que incumpre no beneficioso para os colectivos do Concello e soamente cumpre no apartado sancionador.

### **Toques**

O alcalde foi condenado pola agresión de xornalistas que querían cubrir un Pleno.

### **Trives**

Impediu a utilización dos locais do Concello para a realización de actividades culturais.

### **Vigo**

O Concello de Vigo impediu o acceso ao Pleno onde se aprobou o novo Plano Xeral de Ordenación Municipal, e onde a Policía Local realizou fotografías das persoas que permanecían na entrada do Concello, na Praza do Rei.



## Administración de Xustiza e Ministerio Fiscal

MpDC

Neste apartado é destacábel a actitude do Fiscal Xefe de Galiza quen, nunha reunión co MpDC, amosou unha total falta de interese no dereito á igualdade. Preguntóuselle polas distintas formas de actuar da Fiscalía; pocedemento que ficou moi evidenciado pola petición de pena para os sindicalistas que se manifestaron nun Pleno do Concello de Pontevedra e a falta de actuación perante a violencia manifestada polos alcaldes que intentaron entrar no Parlamento durante o 2006. Na mencionada reunión o Fiscal Xefe dixo que só perseguiría os alcaldes que se manifestaron se se presentaba denuncia contra eles. Por outro lado, o MpDC tamén chamou a atención sobre a linguaxe utilizada nas comunicacións do Ministerio Fiscal, que para nada se achegan ás directrices que se tiñan marcado neste sentido, procurando chegar a Xustiza á cidadanía.

Alén dos temas tratados xa no artigo sobre Protección Xudicial dos Dereitos, escrito por Nemésio Barxa, queremos destacar a negligencia na actuación nun delito electoral en Baralla acontecido nas anteriores eleccións galegas. Nesa ocasión estíbese a utilizar material municipal para repartir propaganda electoral (concretamente, un camión de bombeiros para colgar faixas en plena campaña de incendios). Esa denuncia non foi contestada e o MpDC reclamou que o Defensor do Pobo se interesa pola mesma. O Defensor dixo que lle informaran desde a Xunta Electoral que non se recibira ningunha denuncia. Entón o MpDC presentou certificación de que se remitiu a

denuncia e de que foi rexistrada na Xunta Electoral. A partir de entón, o Defensor seguiu as investigacións e a Xunta Electoral admitiu ter recibido a denuncia e que esta foi arquivada sen máis. A día de hoxe, o Defensor do Pobo segue reclamando unha explicación á Xunta Electoral por non resolver debidamente a denuncia presentada.



# Caderno de prensa



## Caderno de Prensa MpDC

Serxio Aller  
Xornalista

Un ano máis, abordamos a cada vez máis influente e constante presenza do Movemento polos Dereitos Cívís (MpDC) nos medios de comunicación de masas logo de perto dun lustro de acción a prol dos dereitos fundamentais das persoas.

Constante porque é permanente a información relativa ao Movemento en practicamente todos os xornais de prensa escrita galegos (diarios e semanarios) e, do mesmo xeito, na internet. Por veces, ocupando pequenos ocos a modo de noticias sempre incisivas en medios adversos e porén incapaces de poderen evitar relataren a importancia das accións de denuncia emprendidas polo MpDC. E outras, enchendo, como veremos, páxinas enteiras a modo de entrevistas ou a través de noticias cuxo impacto social é de primeira magnitude (o caso da “Rúa Fraga”, por exemplo).

E influente porque toda acción ben levada a cabo trae inevitabelmente consigo unha reacción. É son moitas as accións do Movemento que non caen no pozo do esquecemento; que constitúen o xermolo dunha reacción política, xudicial ou social. E que, deste xeito, propician unha continuidade informativa, un asentamento periódico nas axendas dos *mass media*. Por poñermos un exemplo que deseguido desenvolveremos, destacamos o caso das cámaras de videovixilancia.

### **O MpDC consolida a súa Incesante loita a prol dos dereitos fundamentais**

E obxectivo deste caderno de prensa describir a traxectoria de accións e reivindicacións do Movemento polos Dereitos Cívís ao longo do

ano 2006 a través das novas, reportaxes, entrevistas, columnas, opinións, etc., que puidemos extraer dos diversos medios de comunicación galegos e españois. A nosa ollada repara non só na prensa escrita, senón tamén - é obriga ineludíbel- nos portais de novas e información hospedados na internet.

Comezaba o ano o Movemento denunciando o indulto a catro policía olívicos denunciados con respecto ao caso *Mamadou Kane*. Ditos policía foran acusados por un vendedor ambulante senegalés, *Mamadou*, de vexacións, insultos e malos tratos, e condenados en firme. Malia as reiteradas queixas de distintos organismos e asociacións de defensa dos dereitos, entre eles o Movemento polos Dereitos Cívís, os axentes foron indultados polo Consello de Ministros e reincorporados con normalidade ao corpo policial e nin sequeira foron apartados, como mínimo, das funcións de patrulla e vixilancia. O MpDC solicitou no seu momento que se lles asignaran funcións administrativas aos policía condenados no regreso ao seu cargo, así como a conveniencia da realización de cursos para estes e, en xeral, para todo o plantel da Policía Local de cara á prevención de actitudes violentas.

No mes de xaneiro destacan, ademais, denuncias sobre temas que daquela cobraran importante interese mediático como foron a vixilancia policial dos centros educativos de ensino medio, a demanda de que a vivenda sexa considerada coma un ben de primeira necesidade ou a solicitude dunha normativa que impida a ocultación da información por parte das institucións e administracións públicas.

Neste sentido, cabe destacar as críticas ao Concello compostelán por non facilitar ao MpDC información sobre actuacións negligentes da policía local; actuacións constantemente denunciadas durante todo o 2006 e tamén en anos anteriores.

Neste mes de xaneiro preséntase finalmente aos medios de comunicación a convocatoria do *I Certame de Dereitos Cívís en Galiza*, destinado a universitarios que participarán ao longo do ano elaborando ensaios sobre a situación dos dereitos cívís en Galiza.

Un dos eidos de actuación esencial dende os primeiros tempos do Movemento que se vai facendo máis constante ao longo dos anos, e máis aínda no 2006 que nos ocupa, é a denuncia incesante contra as cámaras de videovixilancia. Principalmente, no casco histórico de Compostela, pero tamén nos máis variados puntos da nosa xeografía, como veremos. A evolución da denuncia da videovixilancia en Compostela chegará ata o Xulgado do Contencioso.

Contra as manifestacións vertidas polo Catedrático de Teoloxía Gonzalo Gironés, quen promove nos seus artigos a violencia de xénero contra as mulleres, alza a súa voz o MpDC, neste caso ante o Fiscal Xeral do Estado, no mes de febreiro.

En marzo o MpDC aborda a denuncia dunha actuación do Concello de Compostela que tamén terá unha profusión mediática ao longo de todo este ano 2006. Trátase do incumprimento por parte de dito Concello da Ordenanza Municipal de Publicidade Estática. Contravindo dita Ordenanza, o Concello obvia colocar 20 paineis destinados a plasmar a libre expresión daquel colectivo ou persoa individual que desexe amosar as súas ideas e accións ao resto da cidadanía. O Concello, represor, impide e sanciona as *pintadas* e *pegadas* nos muros da cidade e tampouco facilita eses medios alternativos obrigados pola Ordenanza. Dita denuncia será recollida por máis de dez noticias ao longo do ano.

Ten lugar por estas datas a resolución sobre os alcaldes do PP que se manifestaron en

novembro do 2005 no Parlamento de Galiza. Denunciados polo MpDC son porén eximidos de responsabilidades polo Fiscal, feito que eleva de novo as protestas xustificadas do Movemento.

En abril é presentado aos medios de comunicación o Informe 2005 do Movemento polos Dereitos Cívís, caderno esencial para entender e coñecer a actividade dunha asociación nacida en febreiro de 2002 para defender e representar todos os colectivos sociais e vixiar polo respecto dos dereitos dos cidadáns. O Informe incide especialmente nos abusos cometidos constantemente pola administración pública contra os cidadáns do país.

Abril estrea unha acción reivindicativa do Movemento que estará presente nos medios durante todo o ano; acción que ademais traspasará as fronteiras do país para ser noticia entre os círculos máis recalcitrantes e conservadores da nación española. Trátase da denuncia da intención do equipo de Bugallo, alcalde compostelán, de poñerlle o nome de “Manuel Fraga” a unha rúa compostelá. Nin que dicir ten desde este caderno de prensa a reacción obvia do Movemento ante tan desafortunada intención. Máis de 30 noticias, comentarios, artigos de opinión e os máis diversos debates agroman ao longo de todo o ano, dando lugar, como veremos, ao nacemento dun colectivo organizado.

O mes de abril tamén aporta a primeira das tres grandes entrevistas feitas ao longo do ano por diversos medios ao Responsábel do MpDC, Renato Núñez. Deste primeiro encontro coa prensa destacamos a denuncia de que “a obsesión pola seguridade merma os dereitos cívís”.

Recolle a prensa as denuncias ante as brutais cargas policiais durante o 1º de maio en Vigo, especialmente contra os traballadores do Metal, feito que o MpDC xa denunciara no ano 2005 e que, desgrazadamente, volve ter lugar un ano máis, sen chegar solución ningunha.

En maio o Xulgado do Contencioso admite as denuncias contra as cámaras de vixilancia compostelás, toda vez que o MpDC pide ao

concello de Lugo que non as instale na bimilenaria Muralla; denúncianse tamén as continuas violacións dos dereitos fundamentais recollidos no Título I da Constitución española; seguen a aumentar as sinaturas e as voces contra a *rúa Fraga*; e xa se critica a actuación do Valedor do Pobo, Vázquez Sande, quen afirma que “en Galiza non hai discriminacións por razón de sexo...” O Valedor será obxecto de novas críticas ante a baixada de denuncias motivada, segundo o MpDC, “pola falta de interese de Vázquez Sande en investigar”.

En xuño teñen lugar no Concello de Vigo irregularidades policiais nun polémico pleno sobre o PXOM: prohibese a entrada a máis de 40 persoas, son fotografados os asistentes... (en novembro a policía olívica afirmará, sen poder demostrar nada, que as fotografías “eran simuladas”- sen comentarios). O mesmo ocorrerá no pleno do PXOM no Concello de Nigrán en agosto; neste caso os veciños serán gravados e algúns serán *fumigados* cun *spray* irritante. Os mesmo feitos, a mesma inoperancia dos entes públicos.

Preséntase en xuño a proposta de Lei de Libre Acceso dos Cidadáns á Información Pública, co obxectivo de “garantir a boa saúde da democracia”. Noutras palabras, o Movemento actúa de novo, e con máis contundencia e eficacia contra a ocultación constante da Administración pública. Carlos Aymerich, parlamentario do BNG, apoia desde o primeiro momento tal iniciativa, comprometéndose ademais a impulsala “polo seu carácter moderno e innovador”.

O MpDC reúnese con Carlos Varela, Fiscal Xefe de Galiza, para lle presentar, ademais do Informe 2005, novas queixas e denuncias así como debater sobre como dito Fiscal pode mellorar o seu servizo a prol da sociedade. Terá lugar unha reunión de semellantes características e obxectivos do Responsábel do Movemento cos altos mandatarios galegos da Garda Civil; será no mes de setembro con Manuel Ferreiro.

En xullo o MpDC presenta, xunto a outras dez organizacións sociais, o “Manifesto en favor

dun avance no autogoberno de Galiza”, no cal se demanda o recoñecemento oficial de Galiza como nación e o seu dereito de autodefinición, ademais dun marco de relacións laborais propio e competencias exclusivas.

O Concello de Compostela segue en xullo sen informar sobre as actuacións dos policías que traballan ao seu cargo. Son constantes os seus atropellos desde o nacemento do Movemento (e imaxino que xa antes) e a presenza de denuncias constantes nos medios. Nesta ocasión, a violenta policía compostelá é denunciada polo seu comportamento abusivo e agresor a unha parella polo feito de seren homosexuais. Un deles coincidiu ser Carlos Callón, Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística.

En agosto ten lugar a segunda das entrevistas a Renato Núñez, Coordinador do MpDC. Nesta ocasión destacamos as súas valoracións a respecto da progresiva perda de dereitos da xente por mor do medo.

En reiteradas ocasións, desde agosto ata finais de ano, será denunciada unha funcionaria do Corpo de Policía Nacional en Compostela; acusada de trato homófobo e de vexacións continuas, é denunciada por moitos dos cidadáns que pasan “polas súas mans”. O MpDC segue sen recibir unha resolución ou informe a respecto de dito comportamento.

Un feito curioso, quizais o máis engrazado e traxicómico do ano polo que respecta ao MpDC, e que achou curioso reflexo nos medios foi o *asunto do Pentium de 75 Mhz*; computador cedido ao Movemento pola Deputación da Coruña, logo de ser demandado longo tempo; computador insultantemente obsoleto que, con toda lóxica, o Movemento devolve e que aínda propicia as críticas da tan xenerosa administración coruñesa.

En setembro denúnciase a persecución policial en Monforte a dous rapaces de Galiza Nova por repartiren publicidade da súa organización ás portas dun instituto; pídesse a non instalación de cámaras de videovixilancia en Boiro (en novembro será desestimada a súa instalación) e que se retiren as da estación de

autobuses da Coruña; en novembro pediráse-lle ao Concello de Ares que non as instale e en decembro que non haxa máis cámaras en Ribeira; o Concello santiagués segue sen cumprir a ordenanza sobre publicidade estática...

Outubro acolle o éxito da campaña contra a *rúa Manuel Fraga*: recóllense máis de 2.400 sinaturas que son depositadas no Concello compostelán e a idea é apoiada polo BNG e 20 colectivos máis. Feijóo, líder do PP galego, cre que a intención de Bugallo “é un honor para calquera cidade”. O feito toma dimensións cada vez máis importantes que culminan na decisión de aparcar provisoriamente por parte do Concello tal decisión (un “abafado” alcalde pon en mans do Pleno municipal toda a responsabilidade). “Iras e paixóns” son os titulares máis recorridos pola prensa para falar do tema; a policía impide recoller sinaturas en Compostela; consolídase a *Plataforma Rúa Fraga Non*.

Nas Xornadas de Avogados Europeos, celebradas a finais de outubro en Barcelona, (“*Las Fronteras de Europa: Zonas sin Derecho*”), o MpDC é nomeado e analizado, salientándose o seu traballo en contra das cámaras de videovixilancia.

En novembro o MpDC propón un proxecto de Lei para a creación da “Axencia Galega de Boas Prácticas Policiais” (AGBPP), un organismo encamiñado a velar polo cumprimento das funcións encomendadas aos axentes dos Corpos de Seguridade do Estado que traballan en Galiza. O plano será presentado o 2 de novembro aos medios.

Ten lugar a terceira das entrevistas a Renato Núñez, na que este analiza a vulneración progresiva dos dereitos civís. E como esa perda, unha vez consolidada, fai moi difícil volver a recuperar ditos dereitos.

O “III Congreso Manuel Luís Acuña” é impedido en Trives desde a súa alcaldía, gobernada polo Partido Popular, (non se lle cede aos organizadores a Casa da Cultura da vila). O MpDC acode na denuncia de tan ilegal actuación.

Remata o ano e a Plataforma Rúa Fraga Non convoca mobilizacións para finais de novembro; solicita unha reunión con Bugallo e a decisión final cada vez é máis difícil para o rexedor compostelán.

Séguese a denunciar incidencias sobre represións continuadas a independentistas de Compostela ou A Coruña, actuacións policiais desmesuradas denunciadas incansabelmente polo Movemento...

Moitas e moi diversas accións levou a cabo o Movemento polos Dereitos Civís durante o pasado ano 2006. Moitos deles non tiveron a presenza mediática que merecían e que se lles debía se os medios de comunicación de masas atendesen a criterios como o rigor informativo, a verdade ou a xustiza, e non a intereses económicos ou políticos. Porén, pouco a pouco o MpDC vaise abrindo camiño nas axendas informativas grazas a un labor constante e incansábel de acción contra a supresión e vulneración dos dereitos esenciais aos que todos temos dereito.



# Testemuños



## Natalia Costas

O día 2 de xuño de 2006 o Concello de Nigrán celebraba un pleno no cal se aprobaba un PXOM que era rexeitado por un grande número de veciños, dos cais 500 decidiron manifestarse para expresarse pública e democraticamente.

Perante as protestas veciñais por non poderen asistir á sesión plenaria despregouse un dispositivo de máis de 20 coches da Garda Civil e produciuse unha carga desproporcionada contra os que protestaban. A concentración espontánea destes veciños é responsabilidade exclusiva do Sr. Alcalde, que sabendo do controvertido do tema a debate, e coñecendo que se debe garantir que os Plenos sexan públicos, non habilitou outro lugar con maior aforo, e que permitise a presenza veciñal no mesmo.

Sufriuse unha actuación policial sen xustificación e absolutamente desproporcionada, nomeadamente a cargo da Policía Local. Este é o testemuño de Natalia, que reflicte ben a incompreensión da cidadanía ante as agre-

sións da policía e a habitual situación de indefensión ao non coñecer nen ser informados dos seus dereitos, aínda cando perciben unha clara violación dos mesmos.

*“Que eu saiba grabaron os antidisturbios cando chegaron e creo que tamén estiveron gravando policías de paisano. En xeral a Garda Civil comportouse mais si que houbo actuacións que deberían castigarse, en particular a situación que viveu lago Traba. Collérono dous Gardas Cívís e golpeárono un pouco e pretendían levalo para un cuarto mais por sorte viunos un señor que se meteu no medio e soltárono, a unha amiga súa tamén lle pasou o mesmo mais a ela a policía local, e ademáis os dous presentaron denuncia. Aparte diso estamos intentando saber en qué condicións se poden empregar sprais lacrimóxenos porque a Policía Local usounos nun sitio pechado e houbo desmaios e unha sensación de medo bastante xeneralizada...queríamos denunciála pero ás veces andamos bastante perdidos.”*



## Diego Varela

Neste caso, atópamonos ante a actuación policial homófoba e antisocial, inaceptábel en calquera sentido, cun constante abuso de poder e autoridade e cun claro afán de desprestixiar a persoa que a sufriu.

Tras as denuncias e reclamacións posteriores por parte de Diego, apoiado polo Movemento polos Dereitos Cívís, ante a Secretaría de Estado de Seguridad, a axente foi apartada da súa función de atención ao público, se ben consideraron que a súa actitude foi “correcta”.

*“No meu caso sufrín unha actuación violenta ao acudir á Policía para a denunciar un roubo. Atopárame pola rúa a mesma persoa que me roubara en decembro do ano pasado e que logo me agredira. Chamei a Policía Nacional para informar de onde estaba. Cando chegaron os axentes, metéronme no mesmo coche que a el e fomos a comisaría. Alí, xa en distintas dependencias, presto declaración, pero a funcionaria comeza a tratarme con malas for-*

*mas. Rise de min, non se cre o que lle conto e dimw que é unha película. Pregúntame por que non o denunciara antes. Logo, quítanme o DNI sen dicirme porque nen para que. A axente díme que retire a denuncia, e que está cansada da xente coma min, en clara referencia á miña homosexualidade. Collo o móbil e retíramo a berros, porque resulta que está prohibido falar por teléfono. Vaise, déixame sen explicación, sen DNI, só no cuarto. Despois dun rato, voume porque non sei que fago alí nen podo poñer a denuncia. Baixo e pido o meu DNI. Mentres espero, vexo saír pola porta ao agresor, que sae pola porta antes ca min, que era quen o estaba a denunciar. Despois de cinco minutos, devólvenmo. Pregúntolle ao funcionario da porta se podo ir ao Xulgado de Garda a poñer unha denuncia. Dime que sí, e que vaía ao xulgado de Fontiñas. O que eu non sabía é que estaba pechado (eran as tres da mañá), pero o policía si que o debería de saber.”*



## Galiza Nova - Monforte

Uns mozos de Galiza Nova foran levados a Comisaría para proceder á súa identificación por estar repartindo panfletos ás portas dun Instituto na localidade de Monforte. A Comisaría de Monforte afirmou que os detivera ante a posibilidade de que puidesen estar empregando o reparto de panfletos dunha organización legal, para “achegarse aos alumnos, e ter entre outras intencións, algunha actividade delituosa”, e o enmarcou dentro da campaña contra o consumo de drogas nos centros de ensino. Os mozos denunciaron unha campaña de acoso da Policía Nacional contra a súa organización en Monforte:

*“Repártimonos os centros de ensino como facemos sempre. Um mozo e unha moza estaban a repartir información diante do IES*

*Daviña Rei, e nisto chegou a Policía Nacional. Pedíronlles o DNI, e un deles non o tiña e outra só tiña o carné de conducir. Xa os levaron para comisaría para os identificar, e alí estiveron tamén a “estudar” os panfletos que repartíamos. Só estaban a repartir panfletos, mais pasaron na comisaría case un par de horas. Non era a primeira vez que nos pasaba algo parecido. Hai un par de meses tamén nos retiveran e identificaran xa non cando estábamos a facer un mural, senón a reparar un que xa fixeramos hai tempo e que estaba nun estado lamentable, porque chovera moito e pasara o tempo. Era un mural sobre Castela que se fixera no seu día con permiso, mais xa non forzamos porque había menores de idade e podíanos pasar algo parecido.”*





## Carlos Callón

Carlos Callón sofreu unha detención sen motivo algún por parte da Policía Local de Santiago de Compostela, sofrendo diversas lesións e aturando unha conducta homófoba e logo unha vulneración dos seus dereitos lingüísticos.

*"Produciuse na madrugada dun sábado a un domingo ás portas dun coñecido local de ambiente do Casco Histórico. En torno ás 5.30 da madrugada, saía do pub coa miña parella e presenciei como unha patrulla identificaba a un grupo de mozos; fun até alí para perguntar polo motivo desas identificacións e un axente afirmou: "¡Ollo! Son gays... O problema é que vos gusta o meu compañeiro". Ao escoitar esta sentenza homófoba, esixínlle que me mostrase a súa placa, sempre con absoluta educación. O garda optou por agarrarme con forza, zarandearme e solicitarme o DNI. Metéronme no furgón e leváronme a Comisaría. Na furgoneta mantivéronme inco-*

*municado coma se acabase de cometer un delito. Unha vez en Comisaría, procederon a identificarme. Presentaronme un escrito para que o asinase, e pedín unha copia en galego, ante o que me dixeron que non era posíbel. Entenderon que eu me negaba a asinar, pero eu pedín que constara que non asinaba pola discriminación lingüística, o que tampouco recolleron. Posteriormente deixáronme abandonar as dependencias policiais. Fun a un centro médico, onde eu o meu mozo fomos atendidos e onde se nos rexistraron diversas lesións (mentres eu estaba detido el pedira saber a onde me levaban e a resposta foi darlle un portazo na cara). Nunca me pasou isto. Son consciente de que a maior parte dos axentes non adoptan este tipo de actitudes, nen vulneran os nosos dereitos. Síntome mal polo trato recibido. Ademáis, estes comportamentos prexudican a imaxe da cidade. Isto non é normal".*



## A carga policial en Vigo relatada en primeira persoa

Sobre a carga policial que se xerou na folga do metal, achegouse nos o seguinte relato pormenorizado dos feitos:

*“Esta mañá estiven alí, na rúa Urzáiz con Gran Vía, xusto no momento da carga policial. A policía disparaba pelotas de goma contra os manifestantes, estivesen preto ou lonxe, directamente á cara. Foi a causa desos golpes recibidos que varios manifestantes tiveron que ser auxiliados no centro de saúde da Rúa Cuba, sangrando abundantemente pola boca e ollos, concretamente un rapaz de vintetantos anos tiña un ollo moi danado.*

*Todo comezou cando os manifestantes se desprazaban cara a estación do tren de forma pacífica. A consigna dos sindicatos era non armar bronca de cara a mesa de negociación desa tarde. Mais algún responsábel da policía, decidiu cambiar as cousas. Montaron unha barreira con furgonetas e antidisturbios fronte ao muro da estación e comezaron a disparar pelotas de goma e lanzar gases lacrimóxenos. Os reiterados disparos a moi pouca distancia e apuntando á cara dos manifestantes alterou tremendamente os ánimos e traballadores de todas as idades comezaron a berrar consignas contra a Policía que os estaba agredindo.*

*Na Praza de España entablouse unha batalla campal. Un grupo da policía subiu pola Gran Vía disparando desde as furgonetas. Semellaban os Marines en pleno Bagdad. Outro grupo de vintecinco ou trinta policías tentaba avanzar desde a rúa Porto Rico para coller polas costas aos manifestantes atentos á Gran Vía. Algúns decatáronse da maniobra e*

*tiveron que intentar que varios automóbiles parados quedaran quietos onde estaban, pese aos chamamentos da policía para que se apartasen para poder así irrumpir coas furgonetas. Empregaban as furgonetas como parapeto mentres seguían disparando e os manifestantes facían o mesmo cos automóbiles aproveitando que a policía non atacaba coa xente por diante. A pesar de todo os manifestantes non responderon ás provocacións dese grupo de policías.*

*De repente cinco furgonetas irrumpiron na Praza de España polas costas dos que alí se congregaban empregando as rúas Fernando Domingo e Couto circulando a gran velocidade en sentido contrario. Varias furgonetas arrollaron ao seu paso a manifestantes. Os antidisturbios disparaban desde o interior das furgonetas en marcha contra todo o que se movía. Policías a pé, protexidos con escudos batían en todo o que se lles interpoñía no camiño, manifestante ou non. A un home duns 40 anos zoupáronlle coa porra na boca a pesares de ter levantadas as mans en sinal de paz. Caeu abatido ao chan e da boca manáballe sangue en abundancia. Non se lle distinguía a faciana. Foi acudido rapidamente por compañeiros. Chamouse a unha ambulancia e foi trasladado ao Xeral Cíes, a súa dentadura quedou moi danada.*

*Os manifestantes fuxiron por todas as rúas que nacen na Praza de España. O desconcerto era total e a organización nula. O medo era omnipresente. As carreiras pola Gran Vía e a rúa Barcelona e Zamora en dirección á Praza das Travesas sucedíanse. A indignación dos*

*traballadores pola agresividade totalmente desproporcionada e a desmedida resposta da policía era crecente.*

*A policía comezou a circular coas furgonetas en grupos de tres ou catro unidades a toda velocidade realizando círculos en torno á Gran Vía e Praza de España, disparando desde os vehículos en marcha coas portas abertas. O obxectivo era claro, provocar o medo e incertidume, causar sensación de ser maioría e acurrular os manifestantes. Estratexia policial de manual..*

*Un nutrido grupo de manifestantes convocaba os traballadores desperdigados e tentaba reagruparse para marchar sobre a Praza do Rei para realizar unha asemblea e decidir como responder ante os acontecementos e a provocación policial, mais varias unidades policiais impediron celebrar a asemblea. Irrumpiron nas inmediacións da Praza do Rei e cargaron*

*contra todo aquel que ficase quieto en grupos e máis de tres persoas. Varios mandos entorpecían, e chegaron a impedir, a algúns medios de comunicación acceder ao lugar e informar sobre o que acontecía, vese que despois das gravísimas imaxes que filmaran na Praza de España e Urzáiz non querían máis testemuños gráficos.*

*Se esta tarde non se comeza a negociar en serio e non baixa a presión e ostentación policial nas rúas de Vigo, mañá a cidade será escenario dunha guerra. A vinganza contra a actuación policial será moi contundente. Eles teñen ganas de bater e os traballadores de respostar. Meses de impago e condicións laborais precarias xeran moita xenreira. A violencia xera violencia. O subdelegado do Goberno deberá telo moi presente. Vigo non é nen Euskadi nen Bagdad. Pode ser peor. Deus non o queira. Que se chegue a unha negociación e solución pronto. “*

